ORZAMENTOS 2026

INFORME
ECONÓMICO E FINANCEIRO

XUNTA DE GALICIA

INFORME ECONÓMICO E FINANCEIRO

Contido

I. TODO MUDA NADA PERMANECE. 9

II. CONTORNA ECONÓMICA 37

II.1. O CONTEXTO INTERNACIONAL 39

II.2. ECONOMÍA ESPAÑOLA 41

II.3. ECONOMÍA GALEGA 46

II.4. ESCENARIO MACROECONÓMICO 48

III. O ESCENARIO FINANCEIRO. 57

III.1. ENTORNO DE MERCADO. 59

III.2. EVOLUCIÓN RECENTE DOS MERCADOS FINANCEIROS. 60

III.3. ESTRATEXIA DE EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE ENDEBEDAMENTO 2025 68

III.4. ESTRATEXIA DE EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE ENDEBEDAMENTO 2026 72

III.5. ANÁLISIS DA PROPOSTA DE ASUNCIÓN PARCIAL DE DÉBEDA AUTONÓMICA POR PARTE DO ESTADO . 74

IV. O PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA. 83

IV.1. INTRODUCIÓN 85

IV.2. OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE GASTO NOS ORZAMENTOS 2026 DO PLAN ESTRATÉXICO 87

IV.3. EIXES DE ACTUACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA (PEG). 88

IV.4. NEXT GENERATION EU. 114

IV.4.1. REVISIÓN INTERMEDIA DOS PROGRAMAS FEDER E FSE+ DE GALICIA 114

IV.4.2. ASPECTOS PRINCIPAIS DA REVISIÓN INTERMEDIA 114

IV.4.3. PROCESO E CONSECUENCIAS 116

IV.5. REPROGRAMACIÓN DO PROGRAMA FEDER GALICIA 2021-2027 EN APLICACIÓN DOS REGULAMENTOS DAS NOVAS PRIORIDADES (UE 2025/1914), STEP (UE 2024/795) E RESTORE (UE 2024/3236) 124

IV.5.1. INTRODUCIÓN E CONTEXTO XERAL 124

IV.5.2. MOTIVACIÓN E FINALIDADE DO NOVO REGULAMENTO (UE) 2025/1914 ____ 125
IV.5.3. PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DO REGULAMENTO (UE) 2025/1914 ____ 126
IV.5.4. AS VANTAXES DO REGULAMENTO (UE) 2025/1914 ____ 128
IV.5.5. O REGULAMENTO STEP ____ 129
IV.5.6. O REGULAMENTO RESTORE ____ 131
IV.5.7. A REPROGRAMACIÓN DOS PROGRAMAS DE GALICIA FEDER E FSE+ 2021-2027 ____ 132

IV.6. A EXECUCIÓN DO PRTR POLA XUNTA DE GALICIA: O PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA. ____ 136
IV.6.1. INTRODUCIÓN ____ 136

IV.7. ALIÑAMENTO DOS ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA COS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE ____ 143

V. ORZAMENTOS XERAIS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2026 ____ 149

V.1. EVOLUCIÓN DAS FONTES DE FINANCIAMENTO. O IMPACTO DA REGRA DE GASTO. ____ 151
V.1.1. EVOLUCIÓN DOS RECURSOS DO SISTEMA DE FINANCIAMENTO AUTONÓMICO. ____ 151
V.1.2. EVOLUCIÓN DO RESTO DE INGRESOS TRIBUTARIOS, DOS INGRESOS PATRIMONIAIS E DO ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS. ____ 155
V.1.3. EVOLUCIÓN DOS FONDOS FINALISTAS E EUROPEOS ____ 156
V.1.4. EVOLUCIÓN GLOBAL DOS INGRESOS. ____ 156

V.2. EVOLUCIÓN DOS GASTOS E DAS PRINCIPAIS MAGNITUDES. ____ 158
V.2.1. EVOLUCIÓN GLOBAL DO GASTO NON FINANCEIRO. ____ 158
V.2.2. EVOLUCIÓN DO GASTO CORRENTE. ____ 158
V.2.3. EVOLUCIÓN DO AFORRO COMO GARANTE DO INVESTIMENTO. 159
V.2.4. EVOLUCIÓN DO INVESTIMENTO. ____ 161
V.2.5. EVOLUCIÓN DA CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO. ____ 163

V.3. PRINCIPAIS POLÍTICAS DE GASTO NO ORZAMENTO 2026. ____ 164
V.3.1. EVOLUCIÓN DO GASTO SOCIAL. ____ 164
V.3.2. FINANCIAMENTO AUTONÓMICO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL, INVESTIMENTO EN I+D+I E FINANCIAMENTO DAS UNIVERSIDADES. ____ 166

V.4. GASTO CON PERSPECTIVA TERRITORIAL. ____ 171

V.5. DISTRIBUCIÓN POR CONSELLERÍAS E ORGANISMOS ESTATUTARIOS. ____ 172

VI. SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA E DISCIPLINA ORZAMENTARIA ____ 175

VI.1. AS NOVAS REGRAS FISCAIS: O PLAN FISCAL ESTRUTURAL A MEDIO PRAZO E A NOVA SENDA DE GASTO NETO PLURIANUAL. ____ 177

VI.1.1. REGRAS FISCAIS 2026. ____ 178

VI.1.2. A REGRA DE GASTO 2026. ____ 181

VI.1.3. O LÍMITE DE DÉBEDA: A SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA. ____ 184

VI.1.4. EVOLUCIÓN DO ENDEBEDAMENTO: POSICIÓN RELATIVA. ____ 192

VI.2. EVOLUCIÓN DA SITUACIÓN ORZAMENTARIA. ____ 195

VI.2.1. INGRESOS ____ 195

VI.2.2. GASTOS ____ 196

VI.2.3. EVOLUCIÓN DA EXECUCIÓN REAL. ____ 198

VI.3. TRANSPARENCIA ____ 201

orz4mentos 2026

TODO MUDA NADA PERMANECE.

Informe económico e financieiro

I. TODO MUDA NADA PERMANECE.

Nunha contorna mundial que muda sen parar e con altas incertezas, nada novo nos últimos anos, as previsións máis recentes do FMI e a OCDE prevén que o crecemento mundial se desacelere, a medida que a aparente resistencia fronte ás distorsións do comercio mundial semella que está a diluírse.

Así o FMI acaba de presentar unha senda na que o crecemento mundial desacelerase partindo dun crecemento do 3,3% no 2024, ao 3,2% neste 2025 e a un 3,1% no vindeiro 2016, estimacións todas inferiores ao promedio histórico previo á pandemia do 3,7%, pero que superan as realizadas a comezos de ano.

Esta melloría obedece en gran medida ao forte adiantamento das operacións de comercio internacional, a unhas taxas arancelarias efectivas mundiais inferiores ás inicialmente anunciadas, así como a unhas mellores condicións financeiras mundiais. De todos modos, a revisión é máis pronunciada nalgúns países, como China, que noutros como os nosos veciños europeos. Tamén estímase que o adiantamento das operacións comerciais se modere nos próximos trimestres, o cal suporá un freo para a actividade no 2026, que se compensa en parte con outros factores positivos.

Tampouco se pode esquecer que malia esta lixeira melloría respecto ás estimacións a comezos de ano, estas actualizacións de crecemento aínda están 0,2 puntos porcentuais baixo as propias proxeccións do FMI a políticas constantes antes das modificación das políticas tarifarias, o que reflicte a herdanza xerada pola incerteza e o proteccionismo, aínda tendo uns efectos inferiores aos estimados nun principio.

Gráfica I. PREVISIÓNS DE CRECEMENTO DE CONSENSO. Banco de España. Proxeccións macroeconómicas e informe trimestral da economía española. Setembro de 2025.



FUENTES: S&P Global y Consensus Economics.

a Se comparan las previsiones de julio de 2025, en barras, con las previsiones de mayo de 2025, reflejadas con un rombo. Se incluyen en «Latam-5»: México, Colombia, Perú, Chile y Brasil; en «Emergentes, excl. China»: «Latam-5», Argentina, India, Indonesia, Malasia, Filipinas, Tailandia, Bulgaria, Hungría, Polonia, Rumanía, Rusia, Turquía y Ucrania; por último, en «Global» se incluyen los anteriores países más China, Estados Unidos, Canadá, Japón, Noruega, Suecia, Suiza, Reino Unido y «Área del euro». Las previsiones de Estados Unidos, el área del euro y China son las de agosto de 2025.

Así, para as economías avanzadas, proxéctanse taxas de crecemento do 1,5% no 2025 e 1,6% no 2026. Nos Estados Unidos, unha estabilización das taxas arancelarias en niveis máis baixos que os anunciados o 2 de abril e unhas condicións financeiras máis favo-

rables permiten proxectar unha expansión económica do 1,9% no 2025, una décima máis que a comezos de ano, e ten en conta efectos compensatorios derivados dun enfriamento da demanda privada máis axiña do previsto e tamén da menor inmigración.

Proxéctase que o crecemento repunte ata o 2,0% no 2026, grazas ao estímulo que a OBBBA (One Big Beautiful Bill) imprime a curto prazo principalmente mediante incentivos tributarios que favorecen o investimento empresarial. Esta cifra é 0,3 puntos porcentuais maior que a estimación de comezos de ano.

O persoal técnico do FMI estima que a OBBBA podería elevar o produto de Estados Unidos na contorna do 0,5% en promedio dentro dun horizonte ata 2030, en comparación cun escenario base sen esa medida fiscal.

No que atinxe á zona euro, prevese que o seu crecemento se acelere ata o 1% no 2025 e 1,2% no 2026. Tamén una mellora dun par de décimas no 2025, máis este crecemento concéntrase no forte crecemento do PIB Irlandés do primeiro trimestre de ano, malia representar o tigre celta menos do 5% do PIB da zona euro. En efecto, as revisións obedecen ao aumento histórico das exportacións farmacéuticas irlandesas a Estados Unidos relacionado co adiantamento das compras e a apertura de novas plantas de producción. Sen Irlanda, a revisión sería mínima, apenas 0,1 puntos porcentuais...

O estimado para 2026 non ten variado con respecto a comezos de ano, considerase que o anticipo da actividade comercial compensarase xa neste segundo semestre e que a economía crece en liña co seu potencial. Porén, prevese que os compromisos modificados de gasto en defensa teñan repercusións en anos vindeiros, á vista do aumento gradual proxectado ata acadar os niveis fixados como meta en 2035.

Noutras economías avanzadas, proxéctase que o crecemento se desacelere ata o 1,6% en 2025, para logo repuntar ata o 2,1% no 2026. Nalgúns casos, a apreciación da moeda anula os efectos favorables dunhas condicións financeiras máis acomodaticias, con taxas arancelarias efectivas iguais ou levemente superiores ás do comezos de ano polos novos aranceis aplicados en maio ás importacións de pezas de vehículos e á duplicación en xuño dos aranceis sobre o aceiro e o aluminio.

No caso das economías de mercados emerxentes e en desenvolvemento, estímanse taxas de crecemento do 4,1% en 2025 e o 4,0% en 2026. Para China, estímase un crecemento do 4,8% no 2025, o que supón una revisión á alza de 0,8 puntos porcentuais con respecto a comezos de ano. Os motivos son unha actividade máis vigorosa do previsto no primeiro semestre de 2025 e a marcada redución dos aranceis de Estados Unidos, se ben baseada nun acordo provisional ata novembro. O crecemento en 2026 tamén se revisa a mellor en 0,2 puntos porcentuais, ata o 4,2%, debido unha vez máis a unas taxas arancelarias efectivas máis baixas que as inicialmente anunciadas.

O comercio mundial revisa o seu volume en 0,9 puntos porcentuais á alza no 2025 e 0,6 puntos porcentuais á baixa en 2026. É de prever que neste segundo semestre de 2025 se concrete o impulso a curto prazo derivado do adiantamento de certos fluxos de comercio a causa da alta incerteza da política comercial e as perspectivas de maiores restricións comerciais, con consecuencias que deberían materializarse ao longo de 2026.

Porén, as perturbacións comerciais non están pechadas, persisten as dúbidas sobre a evolución da guerra comercial e o desenlace das diversas negociacións en curso o que implica o mantemento de altos graos de incerteza nos vindeiros meses. No que atinxe ao acordo entre a Unión Europea e os EEUU, xunto ao aumento dos aranceis aplicables nalgúns metais, ten derivado nun aumento dos aranceis que deben afrontar as empresas europeas no mercado estadounidense; ademais mantense a incerteza sobre o réxime arancelario que se aplicará a determinados produtos europeos (como os farmacéuticos ou semicondutores) e sobre a implementación de medidas non arancelarias ou outras restricións ao comercio. Por outra banda, está por se determinar a consolidación da desescalada entre EEUU e China, ademais persiste unha considerable incerteza sobre como afectará o novo marco de relacións comerciais á configuración das cadeas globais de valor e, polo miúdo, á actividade económica dos distintos territorios.

O debilitamento do dólar amplifica o shock dos aranceis en lugar de amortecelo, o cal se traduce nun efecto positivo dos aranceis no saldo en conta corrente de Estados Unidos, pero que se ve máis que neutralizado pola súa orientación fiscal expansiva. A medio prazo, estímase que os programas fiscais expansivos nas economías con superávits en conta corrente colaboren a moderar os desequilibrios mundiais.

No que atinxe á evolución dos prezos, todas as estimacións apostan por que a inflación mundial continúe a diminuír malia a ralentización da desescalada no período estival, con descensos da inflación xeral ao 4,2% no 2025 e a 3,6% no 2026 segundo o FMI.

Estas previsións non teñen variado ao longo do ano, e as tendencias de enfriamento da demanda e caída dos prezos da enerxía seguen vixentes. Porén, a perspectiva xeral agocha diferencias entre os diferentes países.

-Estímase que os aranceis, que actúan como un shock na oferta, repercutan nos prezos ao consumidor nos Estados Unidos e impulsen a inflación no segundo semestre de 2025. Noutros lugares, os aranceis constitúen un shock negativo na demanda, que reduce as presións inflacionarias. Estímase que a inflación permaneza por encima da meta do 2% ata 2026 en Estados Unidos.

-As taxas de inflación xeral e subxacente da área euro teñen evolucionado consonte o previsto, manténdose preto do obxectivo do 2%, nesta zona se espera unha dinámica inflacionaria máis moderada (as previsións do BCE son do 2,1%, 1,7% e 1,9% en 2025, 2026 e 2027), debido en parte á apreciación da moeda e a atonía da evolución económica.

-Esperase que a inflación chinesa practicamente non experimente cambios con respecto ás expectativas de comezos de ano grazas a que os prezos internos da enerxía foron máis baixos do previsto entón, pero a inflación subxacente se revisa lixeiramente á alza, ate o 0,5% no 2025 e 0,8% no 2026. Estas revisións teñen en conta as cifras máis altas observadas de xeito recente e a redución dos aranceis.

Gráfica II. TENDENCIAS DE INFLACIÓN GLOBAIS . FMI WEO Outubro 2025.



Finalmente no eido da economía monetaria, a debilidade observada no mercado laboral estadounidense durante o terceiro trimestre, podería favorecer a reanudación do ciclo de relaxación monetaria nese país. No que refire ao BCE este mantén sen variación os tipos de xuro da zona euro desde o mes de xuño e as expectativas de que sigan así no actual contexto son moi altas.

Gráfica III. Tipos de xuro oficiais observados e futuros.



Fontes: Banco de España e Reserva Federal.

A economía española.

A economía española mantén un crecemento estable e na liña das restantes economías europeas rexistrou un primeiro semestre cun comportamento máis favorable que o previsto, impulsada polo bo comportamento da demanda interna , en particular do consumo privado e o investimento. No segundo trimestre de 2025, o PIB crece a unha taxa intertrimestral do 0,7%, en liña co ritmo observado no trimestre precedente —0,6%— . Esta evolución viuse apoiada por unhas condicións financeiras favorables, caracterizadas por un menor custe do crédito e un aumento do acceso ao financiamento de fogares e empresas, entre outros factores.

Segundo estima o Banco de España, de cara ao terceiro trimestre, os indicadores conxunturais máis recentes apuntan a que a economía manterá un ritmo de crecemento estable con taxas estimadas entre o 0,6% e o 0,7%. Nestas previsións de crecemento operan dous factores de signo oposto. Por unha banda, o referido comportamento da actividade económica nos últimos meses, por outra a incorporación de novos supostos en prezos da enerxía e en tipos de cambio, que mostran un escenario lixeiramente máis adverso que en xuño. Todo elo implicará a revisión á alza do crecemento nacional neste ano, ata 2,6-2,8 segundo a institución autora da estimación.

Pola súa banda mantense sen cambios as taxas de crecemento proxectadas en 2026 e 2027 —que acadarían o 1,8% e o 1,7%, respectivamente segundo o Banco de España.

No eido dos prezos, se prevé una taxa de inflación promedio en 2025 do 2,5%, una décima superior á prevista en xuño polo Banco de España. Esta pequena suba resposta ao aumento dos prezos da enerxía e, en menor medida, dos alimentos, que viuse compensada parcialmente por un crecemento dos prezos dos servizos algo inferior ao previsto. De cara ao futuro, o Banco de España anticipa unha desaceleración da taxa de inflación, ata o 1,7%, en 2026 e un repunte, ata o 2,4%, no 2027, resultado da introdución dun novo réxime de comercio de dereitos de emisión da UE. Os riscos sobre o escenario central destas proxeccións consideran orientados á baixa no que atinxe á actividade e mantense equilibrados no que refire á inflación.

Aínda que é cedo para sacar conclusións, semella que a economía española está a sortear a crise comercial, o complexo entorno internacional e a incerteza que rodea as políticas económicas, o que non descarta un eventual deterioro do contexto exterior ou que as incertezas teñan un impacto máis adverso que o observado.

O acordo arancelario entre a UE e Estados Unidos ten incrementado os aranceis e, aínda que reduce a incerteza, esta mantense en niveis elevados.

- O pacto arancelario acadado o 27 de xullo establece un arancel mínimo xeral do 15% para as exportacións europeas a Estados Unidos, malia manterse nos seus niveis de

2024 os aranceis para algúns produtos. Estados Unidos comprometeuse a non impor aranceis superiores ao 15% sobre produtos farmacéuticos, semicondutores e madeira, así como a aplicar un arancel do 15% a automóbiles e os seus compoñentes, cando a UE implemente as reducións arancelarias acordadas. Esta, tamén comprometeuse á vez, a aumentar as compras de enerxía e equipamento militar a Estados Unidos, a realizar investimentos e a reducir as barreiras non arancelarias.

- En conxunto, estimase que o arancel efectivo ás importacións de Estados Unidos procedentes da UE incrementase en 12 puntos porcentuais con respecto aos niveles de 2024, e en 4 puntos porcentuais respecto ao escenario central das proxeccións de xuño do Eurosistema. En contraste, os aranceis da UE a produtos estadounidenses mantense ou incluso elimínanse por completo para algúns produtos. Tras os acordos comerciais acadados entre Estados Unidos e algúns dos seus principais socios comerciais —Reino Unido, Xapón e a UE—, os indicadores de incerteza sobre as políticas económicas e, de xeito singular, a comercial diminuíron substancialmente, porén, estes mantense en niveis historicamente elevados polo risco de que se anuncien novas medidas e as dúbidas sobre a aplicación práctica dos acordos.

Gráfica IV. Banco de España. Aranceis efectivos aplicados por EEUU sobre bens.



FUENTES: US Trade Census, Banco de España y www.PolicyUncertainty.com a partir de datos de Scott R. Baker, Nicholas Bloom y Steven J. Davis. (2016). "Measuring Economic Policy Uncertainty". *The Quarterly Journal of Economics*, 131(4), pp. 1593-1636.

a Nivel del arancel efectivo vigente en 2024.
b Nivel del arancel efectivo en vigor a 1 de junio de 2025.
c Nivel del arancel efectivo según los acuerdos arancelarios anunciados hasta el 1 de septiembre de 2025. Se incluyen todas las medidas anunciadas, aunque algunas no están todavía en vigor o no han sido confirmadas por ambas partes del acuerdo.
d El porcentaje es el peso de las exportaciones a Estados Unidos sobre el PIB de cada país.

Facer que a macro chegue á micro.

Boa parte do crecemento nacional débese a achega de novos traballadores á nosa economía, que están a elevar o nivel de produción e a capacidade potencial da economía, porén se analizamos a evolución da produción per cápita esta mostra un evolución moi semellante á do resto dos países da área euro, que ao peche de 2024, apenas aumentaran nun 3,3% a prezos constantes a súa produción per cápita nos cinco anos transcorridos dende o inicio da pandemia.

Isto explica porque e senda de expansión continuada apenas da para alegrías cando se reparte o produto entre os traballadores, que en definitiva é o que dará lugar ao groso das rendas que rematan percibindo as familias.

Gráfica V. España-Europa. CRECEMENTO DO PIB por habitante dende inicio da pandemia.



Fonte: Eurostat

A boa nova é que hai máis xente traballando, a non tan boa é que a produción por habitante medra menos dun 0,7% anual en España e na área Euro. Por iso compre apostar pola especialización competitiva, a innovación, a tecnoloxía e o investimento produtivo, tal e como recomendan os informes Draghi e Letta como vía para tapar a fenda de produtividade co resto das economías avanzadas.

A orientación do crecemento e do emprego é importante para acadar o anterior, se analizamos o crecemento dos empregos tralo COVID, este concentrase en sectores de baixo valor engadido e máis afectados pola temporalidade, en detrimento do emprego industrial, compre aproveitar os ventos de cola e o que queda da execución dos fondos Next Generation en acadar o seu obxectivo de modernizar e transformar a economía nacional cara a unha economía máis dixital, electrificada, con máis peso tecnolóxico e sostible, e por tanto máis competitiva e resistente fronte a futuros problemas.

É preciso mudar o modelo de crecemento cara ao aumento do produto por empregado, para que os bos datos macroeconómicos se convertan en prosperidade para as familias. Para elo é preciso apostar polos sectores de alto valor engadido, máis produtivos, que xeran maiores rendas e empregos máis estables, en especial o industrial.

O cadro seguinte mostra a evolución do PIB por hora traballada a prezos constantes medido en paridade de poder adquisitivo, nel pódese observar o tímido proceso de convergencia neste período, por ese carácter intensivo en traballo do crecemento nacional, Galicia pola contra, mostra unha importante senda de convergencia en base ao dinamismo da súa competitividade.

Gráfica VI. PIB a prezos constantes por hora traballada, medido en paridade de poder adquisitivo.



Fonte.- Eurostat, IGE

Como se pode apreciar en Galicia esta evolución está moito máis balanceada, apostando por un crecemento equilibrado industria-servizos, que pode explicar o noso proceso de convergencia acelerada con Europa que máis que duplica a mellora nacional.

Ocupados por rama de actividad, sexo y comunidad autónoma.

miles de personas

	Industria Manufactureira			Comercio Hostelería e outros		
	2019T4	2024T4	var	2019T4	2024T4	var
España	2.495,3	2.624,2	128,9	5.883,8	6.240,5	356,7
Galicia	167,6	174,4	6,8	291,9	298,0	6,1

Fonte: INE. Datos EPA trimestrais

Riscos e oportunidades.

Como nos últimos anos, as previsións dos organismos oficiais están suxeitas a riscos non menores nun horizonte cheo de incertezas.

Polo xeral, as perspectivas están expostas a factores adversos, nos escenarios base tidos en conta asúmese un precario equilibrio entre as distintas orientacións das políticas comerciais que podería verse alterado. No novo equilibrio resultante as taxas arancelarias poderían ser semellantes ás actuais, ou dar lugar a un escenario con aranceis moito máis altos no que se rachan as negociacións e se volta a producir unha escalada de medidas proteccionistas.

Unha escalada das tensións xeopolíticas, polo miúdo en Oriente Medio ou Ucraína, podería provocar novos shocks de oferta negativos na economía mundial. As rutas marítimas e as cadeas de subministracións poderían verse alteradas co aumento dos prezos das materias primas, en especial se, a diferencia do acontecido en xuño, as infraestruturas de subministracións sofren danos. Estas forzas frearían o crecemento e reavivarían presións nos prezos.

Os bancos centrais deben enfrontar decisións, que poderían complicarse de ter que elixir entre control de prezos e crecemento no suposto enunciado, nun intre no que xa teñen que encaixar as dificultades que supón o actual contexto comercial.

As vulnerabilidades fiscais poderían pronunciarse, con consecuencias nos mercados financeiros e efectos de contaxio á economía real. O FMI proxecta que varias economías, entre elas Brasil, Francia e Estados Unidos, rexistren grandes déficits fiscais, nun contexto de niveis historicamente elevados de débeda pública. Isto podería elevar as primas por investimento a largo prazo e, en especial no caso dos Estados Unidos, endurecer as condicións financeiras mundiais. Un aumento das primas por investimento a largo prazo en Estados Unidos debido á preocupación pola sostibilidade fiscal tamén podería aumentar en exceso a volatilidade dos mercados financeiros, en especial se a esas preocupacións se aúnan outras pola fragmentación xeoeconómica e o futuro do sistema monetario internacional centrado no dólar.

O adiantamento das operacións de comercio internacional, determinou a actividade económica no primeiro semestre do exercicio e creou exposicións que poderían agrandar o impacto de posibles shocks negativos. -Vg., un posible exceso de existencias podería reducir os pedidos de importacións alén do proxectado. As empresas poderían verse afectadas por un aumento do custe de mantemento das existencias e as posibles perdas por obsolescencia, en especial se a demanda de produtos almacenados non se realiza ou se as condicións financeiras se endurecen-.

Tamén hai una faciana positiva, un avance nas negociacións comerciais para establecer un marco predicible podería dar lugar a novas reducións das taxas arancelarias efectivas e outras medidas proteccionistas. Ao minorar de xeito importante a incerteza e mellorar a previsibilidade das políticas, os acordos non discriminatorios que reducen as barreiras comerciais poderían facilitar a toma de decisións de investimento e doutro tipo por parte das empresas.

O seu impacto podería ser aínda maior se, ademais do comercio de mercadorías, recolle o comercio de servizos dixitais e o investimento estranxeiro.

A longo prazo, os beneficios poderían ser maiores grazas a un aumento da produtividade e a mellora da resiliencia ante shocks externos. Unha nova onda de acordos comerciais cribles podería dar lugar a un pulo reformista máis amplo que elevara o crecemento a medio prazo. Nun contexto económico mundial máis difícil, serán imprescindibles as políticas laborais de perfeccionamento de competencias profesionais e redución dos obstáculos á mobilidade, a simplificación das regulacións aplicables ás empresas e as medidas para mellorar a competencia e a innovación.

É crucial reconstruír o espazo fiscal e garantir a sostibilidade da débeda pública, á vez que se atenden necesidades críticas de gasto. Isto esixe unha senda fiscal a medio prazo crible co gasto controlado e que fomente o crecemento, e co centro na focalización nos cidadáns que se poidan ves afectados polos cambios e na necesidade de recomposición das reservas. Os países deben aumentar os ingresos fiscais, mellorar a eficiencia do gasto, atraer o investimento do sector privado e recorrer aos estabilizadores automáticos dos Orzamentos perante os shocks de demanda negativos.

Os bancos centrais deben calibrar a modo as políticas monetarias en función das circunstancias específicas de cada país para manter a estabilidade financeira e de prezos nun contexto de tensións comerciais prolongadas e cambios nos aranceis.

A decisión é aínda máis difícil se a inflación xa supera a meta. A adopción dunha política monetaria máis laxa dependerá entón de que exista evidencia convincente de que a inflación e as expectativas inflacionarias están a retornar o nivel fixado como meta.

Tanto nos países que impoñen os aranceis como nos países suxeitos a eles, o elevado nivel de incerteza e volatilidade exixe aplicar políticas prudenciais sólidas que salvagarden a estabilidade financeira. Na actual contorna de ambigüidade e volatilidade, é fundamental que os bancos centrais comuniquen as súas intencións de xeito claro e coherente, e que a súa independencia este protexida non so en termos legais, senón na práctica.

En definitiva, elevar as perspectivas de crecemento a medio prazo é a única maneira sostible de aliviar os retos macroeconómicos analizados. Levar a cabo reformas estruturais que perduren en eidos como os mercados laborais con traballadores mellor preparados para as novas competencias que demanda o mercado, a educación, a regulación e a

competencia poden mellorar a produtividade, o crecemento potencial e a creación de emprego. Ademais, as medidas que fomenten os avances tecnolóxicos, polo miúdo a dixitalización e a adopción da intelixencia artificial, poden mellorar aínda máis a produtividade e o crecemento potencial.

Sentando as bases da Galicia Calidade do Futuro.

A economía galega ven mostrando un importante dinamismo na súa actividade exterior grazas a unha boa colocación competitiva nos mercados internacionais dos seus produtos, esta internacionalización crecente das nosas empresas as fai máis sensibles a alteracións profundas nas regras e destinos do comercio internacional como o que describen as liñas anteriores. Esta inestabilidade comercial pode afectar directamente ás empresas con altas cotas de exportacións aos EEUU e sobre todo indirectamente, na medida na que os nosos principais socios comerciais se vexan afectados pola onda proteccionista.

Porén os datos dos últimos trimestres mostran que a capacidade exportadora da economía galega resiste, e que o sector exterior achegará un 1,1 % ao crecemento autonómico este ano e que para o vindeiro ano unha estimación moi prudente o mantén aínda en achega positiva ao crecemento (nun 0,6%).

Desde a pandemia a economía galega mostra un crecemento máis equilibrado por sectores, máis produtivo que o nacional, por iso converxe e mantén un diferencial de case dous puntos, tanto en PIB per cápita como en desemprego.

Así, se engadimos ao cadro anterior de evolución do PIB per cápita de España e da UE, os datos de Galicia en base ás contas rexionais do INE, podemos ollar como Galicia acumula un crecemento per cápita que máis que duplica o nacional e o da área Euro, ata medrar nun 6,8% en termos constantes a finais de 2024 respecto o nivel de 2019.

Gráfica VII. Galicia-España-Europa. CRECEMENTO DO PIB por habitante dende inicio da pandemia.



Fonte. Eurostat, INE

O bo dato de baixa do desemprego en Galicia, reforzase co aumento de afiliación á seguridade social e mesmo de aumento de poboación activa, que medra no período analizado (en 29.900 persoas) por encima do que o fai a poboación (aumenta 19.200 persoas).

Gráfica VIII. Galicia. Evolución das afiliacións á seguridade social e desemprego.

Fonte. EPA trimestral a 4ºT exc 2025 2ºT

A mellora nos datos cuantitativos e cualitativos do emprego é salientable e, o que se suma a xa sinalada composición sectorial.

Os orzamentos do ano 2026 reflicten o decidido apoio da Xunta de Galicia a favor da industria, na busca do aproveitamento das oportunidades que este sector ofrece, nun momento de transición no que as industrias deben afrontar profundos cambios para poder enfrontarse aos novos retos, especialmente no ámbito da descarbonización e da dixitalización.

Este apoio se centra, por unha parte, na atracción e impulso de iniciativas empresariais que permitan crear emprego de calidade e, por outra, no impulso dos sectores estratéxicos industriais, tanto os consolidados, que xa son claves na vertebración da nosa economía, como os emerxentes ou con maior potencial futuro, como o da seguridade e da defensa, para o que Galicia conta con importantes capacidades que lle deben permitir xogar un papel principal no ámbito industrial a nivel europeo.

Para todos os sectores, tanto os maduros como os emerxentes, resulta clave desenvolver unha estratexia de fomento da innovación, como vía indispensable para que as súas industrias podan manter un nivel de competitividade que lles permita desenvolver a súa actividade tanto no ámbito nacional como internacional.

Todas as medidas deseñadas a favor da industria permitirán ampliar as oportunidades de emprego neste sector, no que Galicia xa a está a destacar, como se reflicte na porcentaxe de persoas ocupadas no sector industrial, que nesta Comunidade Autónoma supera en máis de 3 puntos porcentuais o valor do Estado, e permitirán que cada vez máis galegos e galegas traballen nun sector que ofrece empregos estables, de calidade, e cun potente efecto de tracción e de xeración de actividade no resto dos sectores da economía.

Grazas a este crecemento equilibrado, en Galicia o crecemento macroeconómico chega de maneira máis ampla a toda a poboación, e por iso mostra un mellor desempeño en moitos dos principais índices de inclusión social e igualdade.

			2015	2019	2023	2024
Igualdade de xénero	Fenda de xénero na taxa de actividade (pp)	Galicia	9,9	8,5	8	7,9
		España	12	11	9,9	10
	Mulleres en cargos directivos (%)	Galicia	30,2	35,1	31,4	27,9
		España	30,4	33,7	35,5	35,2
	Abandono educativo temperán (%)	Galicia	17	12,6	9,1	10,8
		España	20	17,3	13,7	13
	Taxa de temporalidade (% dos asalariados)	Galicia	25,4	26,5	16,7	15,9
		España	25,1	26,3	17,2	15,9
	Taxa de desemprego xuvenil (% da poboación activa menor de 25 anos)	Galicia	43,5	27,8	24,6	25,7
		España	48,3	32,5	28,7	26,5
	Taxa de desemprego de longa duración (%)	Galicia	10,6	4,6	3,4	3,1
		España	11,4	5,3	4,3	3,8
Cohesión social	Taxa de ocupación (% da poboación de 16-64 anos)	Galicia	58,7	64,7	66,9	67,3
		España	58,7	64,3	66,5	67,2
	Taxa AROPE (%)	Galicia	24,3	19,4	17,3	..
		España	28,8	27	25,8	..
	Índice de Gini (0=igualdade máxima)	Galicia	0,287	0,261	0,247	..
		España	0,345	0,321	0,312	..
	Desigualdade da distribución da renda S80/S20	Galicia	4,5	4	3,7	..
		España	6,6	5,8	5,4	..
	Fogares con todos os activos ocupados (% dos fogares con activos)	Galicia	72,5	82,3	85,2	86,2
		España	69,8	79,4	82	83,1

Fontes: IGE, INE

Esta positiva reacción á crise e resiliencia ante os shocks sufridos na súa saída, non quere dicir que non teñamos que seguir a esforzarnos para converxer con Europa nin que nos enfrontemos aos mesmos retos que as restantes comunidades e países de renda alta.

En efecto, estes retos a que se enfronta Galicia son moi semellantes aos xa descritos para as rexións europeas coas particularidades propias da nosa estrutura económica e a eles deben dar resposta estas contas xunto coa atención á mellora dos servizos públicos autonómicos garantía do sistema de benestar dos galegos, todos eles teñen encaixe no Plan Estratéxico de Galicia e condicionan as prioridades asignativas dende o comezo do proceso de orzamentación.-

1. Mellora dos servizos públicos. Achegando máis recursos para coidar a os maiores e as familias a través dos servizos sociais e o servizo de saúde.

   Dende a prevención e a saúde pública aumentando cribados e co calendario vacinal máis completo do pais ata a rede de hospitais máis moderna de España.

   Reforzando a primaria e o programa de saúde mental.



Fonte.- Consellería de Facenda.

Mellorando os recursos de educación e garantindo que todos accedan a unha formación de calidade sexa cal sexa a súa condición, para que o seu porvir so dependa do seu esforzo, para o cal a Xunta garante a gratuidade do proceso educativo dende o primeiro ano dun cativo á finalización dos estudos superiores.

Mellorando o financiamento dos comedores escolares e do transporte.

Garantindo a estabilidade do financiamento universitario, no derradeiro ano do plan de financiamento achegaranse 550 millóns de euros, o que fai un total acumulado de 2.073 millóns de euros neste plan de financiamento do SUG 23-26, que haberá que renovar no 2026.

Gráfica IX. Plan Financiamento Sistema Universitario de Galicia.



Fonte.- Consellería de Facenda.

Apoiando aos maiores e ás familias. Cun pulo á Dependencia de preto de 100 millóns de euros para o pago de servizos e prestacións.

Aumentando a oferta de prazas en residencias.

Favorecendo a conciliación nas familias, consolidando a gratuidade das escolas infantís (68 millóns de euros), o plan corresponsable e o bono concilia.



Fonte.- Consellería de Facenda.

2. Achegar solucións ao problema da vivenda, propoñendo solucións para dinamizar a promoción privada, deducións fiscais e axudas para mobilizar o mercado de alugueiro e duplicando o parque de promoción pública. A Xunta de Galicia comprometeuse pasar de 4.000 a 8.000 vivendas sociais, e en ano e medio, 3.000 destes pisos xa están en marcha.

   Capitalizamos VIPUGAL con 40 millóns de euros adicionais para financiar a construción das vivendas planeadas consonte o programado.

   Destinaranse case 19 millóns de euros ao programa de alugueiro de vivenda e os orzamentos achegan dous millóns para mercar baixos comerciais para transformalos en vivenda pública.

   Ademais promocionarase a rehabilitación de vivenda no rural, para o que se reservan tres millóns de euros.

3. O financiamento das políticas de gasto social non sería posible sen contar con unha robusta base produtiva. Por iso seguimos a fomentar a modernización do tecido produtivo, fomentando a innovación e a internacionalización da nosa base empresarial, achegando financiamento e solo empresarial para a instalación de novos proxectos empresariais na comunidade ou ampliar os existentes, para o que se tamén seguimos a profundar nun proceso de simplificación administrativa que tenta facer máis áxiles e doados os trámites coa administración.

   A innovación é un dos piares no que asentar o crecemento sostible da Galicia do futuro. No 2026 dedicamos máis de 400 millóns de euros (un 9% máis) para financiar iniciativas no eido da I+D+i.

   Avanzamos no desenvolvemento de tecnoloxías baseadas en IA, non so aumentando a capacidade de computación, como o centro cuántico de Galicia do CESGA e o entorno de investigación cuántica QMIO, co obxectivo de impulsar a investigación e o desenvolvemento da industria cuántica a nivel rexional e internacional, que posicionará a Galicia como líder en tecnoloxías cuánticas e facilitar a creación de novos produtos e servizos innovadores.

   Este desenvolvemento xa deu acceso á concesión dunha das 7 novas factorías Europeas de IA.

   As fábricas de IA actuarán como xanela única a nivel nacional, ofrecendo ás novas empresas, pemes e investigadores europeos de IA apoio integral para desenvolver os seus datos listos para a IA e obter acceso a recursos, capacitación e experiencia técnica de informática de alto rendemento (HPC) optimizados para IA. Esta expansión reforza a posición de Europa como líder mundial en IA e garante que as solución de IA poidan desenvolverse, probarse e escalarse dentro dun ecosistema europeo soberano dixitalmente e consolida a Galicia como un actor principal neste desenvolvemento.

En particular esta factoría ten como obxectivo posicionar a Europa como líder mundial de produtos, servizos e investigación one-health, desenvolvendo una IA confiable adaptada á saúde humana, animal e ambiental, cunha plataforma experimental para probar modelos de IA.



Innovación sanitaria, este ano porase en marcha o centro de protonterapia e seguirase desenvolvendo o centro galego de produción de fármacos avanzados CAR-T, para que os galegos poidan beneficiarse de tratamentos menos agresivos e con maiores probabilidades de éxitos incluso nas doenzas máis graves.

Tamén porase en marcha o centro de ciberseguridade de San Cibrao das Viñas (CECIGA), que actuará como centro de referencia para que as administracións e as empresas poidan aproveitar ao máximo as vantaxes do procesos de dixitalización, ao tempo que se controlan os riscos dimanantes dos ciberdelitos asociados a este novo contexto dixital.

Crease a Fundación Galtia con 4 Millóns de euros para atraer talento investigador de máximo nivel internacional.

Seguirase a fomentar a creación de emprego estable e de calidade, axeitado á demanda do mercado. A Xunta seguirá a traballar para facilitar a capacitación e formación á demanda laboral actual; apostando tamén polo retorno de emigrantes para poder cubrir empregos alí onde existe demanda. Desenvolveranse medidas para facilitar o acceso á vivenda aos traballadores captados a través do plan de atracción de talento.

Axudamos con case 41 millóns de euros aos autónomos e deseñaranse actuación de colaboración co comercio tradicional na transición aos novos patróns de consumo, en liña co Plan Estratéxico de Comercio de Galicia.

4. Turismo sustentable e preparación do Xacobeo 2027, seguiremos apostando por un turismo sustentable como elemento de desenvolvemento aproveitando unha protección do litoral propia e que poña en valor a natureza da nosa terra, preparando o mellor Xacobeo e diversificando e desestacionalizando os camiños para por en valor cada espazo de Galicia.

   Para elo a dotación de Turismo medra un 9% sen ter en conta o MRR, adicando máis de 27 millóns de euros a melloras nos camiños, rehabilitación de albergues e bens de interese público.

   Por outra banda asígnanse preto de 72 millóns de euros á promoción e fomento de Galicia como destino turístico e reforzo do turismo sostible. Mobilizando adicionalmente case 8 millóns de euros en axudas de eficiencia enerxética para establecementos turísticos.

   A promoción da lingua e da cultura tamén ocupa un espazo importante nestes orzamentos, seguindo traballando no pacto pola lingua e promoción do galego, axudando á produción artística e aos rodaxes audiovisuais ao que se adican preto de 10 millóns conxuntamente.

   E recuperando o Teatro Fraga como instalación senlleira da programación cultural de Vigo.

5. Territorio. Protección do medio ambiente e do monte, a Xunta colaborará na xestión e no financiamento da limpeza de faixas secundarias cos concellos, reforzará os medios de prevención de lumes forestais e adoptará medidas paliativas para rexenerar o chan e a masa forestal queimada nos lumes de este verán.

   Se dotan os recursos para coidar e por en valor o noso litoral grazas ás novas competencias. Auméntanse as axudas de Augas de Galicia nun 70% para mellorar o apoio a consellos, asociacións e comunidades de propietarios co gallo de mellorar a eficiencia do ciclo da auga en Galicia.

Rematarase a primeira planta pública de España de clasificación de textis, cun investimento superior aos 22 millóns de euros.

Artellaranse axudas ao relevo xeracional para manter vivo o rural, con 24 millóns de euros.

6. Apoio aos concellos, un ano máis dende a Xunta de Galicia reafirmamos o nosos compromiso co financiamento das entidades locais.

   Para 2026 reforzamos o Fondo de Cooperación Local, o financiamento incondicionado das corporacións locais medra case un 12% ata os 187 millóns de euros, e se mobilizará a través dun novo Fondo de Cooperación Local, que se regulará na nova Lei de Administración Local para darlle carácter permanente á súa dotación e asignación.

A reprogramación intermedia dos fondos de cohesión de Galicia nos programas operativos que xestiona a Xunta.

Desde a aprobación dos programas da política de cohesión 2021-2027, o contexto mundial experimentou transformacións profundas que esixen unha reorientación das políticas e investimentos públicos. A crecente inestabilidade xeopolítica, o impacto económico da guerra de agresión rusa contra Ucraína, a persistencia dos efectos da pandemia, a aceleración das transicións ecolóxica e dixital, e a competencia global en sectores estratéxicos puxeron de manifesto a necesidade de reforzar a autonomía estratéxica, a resiliencia económica e social e a seguridade europea.

A revisión intermedia do marco financeiro plurianual e o Regulamento (UE) 2025/1914 ofrecen un marco flexible que permite adaptar os programas de cohesión aos novos desafíos, asegurando a súa contribución aos grandes obxectivos da Unión. Neste novo escenario, a política de cohesión non só debe seguir impulsando a convergencia territorial, senón tamén apoiar as transicións estruturais en curso: a descarbonización, a dixitalización, a innovación industrial, a seguridade enerxética, o acceso á auga e á vivenda, e a redución de dependencias externas en sectores críticos. Así mesmo, adquiren relevancia crecente os investimentos destinados a fortalecer as capacidades industriais en materia de defensa e dobre uso.

A Xunta de Galicia asume como propios os grandes desafíos da Unión e defende a política de cohesión como un instrumento esencial para promover a convergencia, complementar o mercado único, fortalecer a competitividade e mellorar a calidade de vida da cidadanía.

No Programa operativo FEDER de Galicia 2021-2027 e con esta orientación, a Comunidade Autónoma está a traballar conxuntamente coa Dirección Xeral de Política Rexional e Urbana (DG REGIO) nunha proposta para modificación co fin de reorientar

máis do 10 % dos recursos do programa cara ás novas prioridades europeas. A proposta de modificación, xa remitida aos membros do Comité de Seguimento, debe ser aprobada pola Comisión nas vindeiras semanas e as súas prioridades xa están incorporadas ao proxecto de orzamento. Contempla a incorporación de novos obxectivos específicos vinculados ao apoio a investimentos que contribúan á Plataforma de Tecnoloxías Estratéxicas para Europa (STEP), a mellora das capacidades industriais en materia de defensa e seguridade, o fomento do acceso a unha vivenda accesible e sostible e o reforzo da resiliencia hídrica.

Estas actuacións alíñanse plenamente coa planificación estratéxica da Xunta, en particular co Plan Galego de Investigación e Innovación 2025-2027, a Iniciativa Estratéxica en Aeroespazo, Seguridade e Defensa 2025-2030 e a Estratexia Galega de Solo Residencial, que persegue duplicar o parque público de vivenda antes de 2028.

Así mesmo, co FEDER refórzase o compromiso de Galicia coa mellora da competitividade e descarbonización do sector da automoción, unha industria estratéxica para a economía rexional, apoiada mediante o cofinanciamento do FEDER.

Restore no programa FEDER, Galicia valora positivamente a aprobación do Regulamento (UE) 2024/3236, que introduce o Apoio Rexional Urxente para a Reconstrución (RESTORE). No marco da reprogramación en curso, proponse destinar un 3 % de axuda FEDER a actuacións orientadas á rehabilitación das áreas afectadas polos incendios forestais rexistrados no verán pasado, así como á mitigación dos seus impactos socioeconómicos.

No que atinxe ao Fondo social Europeo, xa en xullo deste ano, a Comisión aprobou a modificación do Programa FSE+ de Galicia 2021-2027, mediante a incorporación de accións orientadas ao desenvolvemento de capacidades e cualificacións vinculadas a STEP. Con estas medidas, Galicia reforza o seu compromiso coa autonomía estratéxica europea, apostando polo talento, a innovación e a cualificación profesional como piares do crecemento sostible e a competitividade futura da nosa rexión no marco da Unión Europea. Ademais incorporouse unha nova medida no ámbito da mellora da accesibilidade á vivenda destinada a colectivos vulnerables.

A modificación dos programas cara ás novas prioridades presenta un conxunto de incentivos financeiros e operativos destinados a fomentar a redistribución de recursos cara a ámbitos de especial relevancia para a autonomía estratéxica, a sustentabilidade e a seguridade da Unión. Así, no caso de que a asignación ás novas prioridades supere o 10 % do total do programa —equivalente a máis de 91 millóns de euros no FEDER Galicia e 43,1 millóns no FSE+ Galicia—, a Comunidade Autónoma beneficiarase dunha prefinanciación adicional do 1,5 % sobre o total do programa, que se abonará en 2025 e que contribuíra ao cumprimento da regra N+3 neste ano, e da ampliación do período de subvencionabilidade ata o 31 de decembro de 2030, o que permitirá dispoñer dun ano adicional para a execución e certificación das operacións.

Ademais, os investimentos que se orienten cara ás novas prioridades poderán beneficiarse dun anticipo do 20% do importe reprogramado, facilitando así a súa posta en marcha inmediata, e dun incremento da taxa de cofinanciamento europeo, que se incrementa en 10 puntos porcentuais, pasando do 60 % ao 70 %.

De igual modo, as actuacións enmarcadas no mecanismo RESTORE (Apoio Rexional Urxente para a Reconstrución) contan cunha cofinanciación europea do 95%.

En conxunto, estas medidas dotan á reprogramación de maior flexibilidade, capacidade financeira e marxe temporal, asegurando que os programas poidan adaptarse eficazmente aos desafíos actuais e consolidando o papel de Galicia como actor activo na implementación das novas prioridades europeas.

Tal e como se ten descrito, a reprogramación dos Programas Operativos FEDER e FSE+ de Galicia 2021-2027 responde á necesidade de aliñar os fondos europeos co novo contexto estratéxico da Unión Europea, conforme ao Regulamento (UE) 2025/1914, e ás novas prioridades vinculadas á Plataforma de Tecnoloxías Estratéxicas para Europa (STEP) e ao mecanismo RESTORE de apoio rexional urxente para a reconstrución. O obxectivo é reforzar a contribución dos fondos á transición verde e dixital, á autonomía estratéxica industrial e tecnolóxica, á resiliencia hídrica, ao acceso a vivenda accesible e sostible e á cohesión social, adaptando os investimentos ás novas demandas europeas e ás necesidades específicas de Galicia.

No caso do Programa FEDER Galicia, a modificación incorpora cinco novos obxectivos específicos e reorienta recursos cara a ámbitos de maior prioridade estratéxica:

OE 1.6 (STEP): apoio a investimentos en I+D+i en tecnoloxías e sectores críticos.

OE 1.7: reforzo das capacidades industriais en materia de defensa e uso dual.

OE 2.5: promoción da resiliencia hídrica e xestión sostible da auga.

OE 2.10 (RESTORE): apoio á reconstrución tras catástrofes naturais, como os incendios forestais de 2025.

OE 2.11: impulso ao acceso a unha vivenda accesible e sostible.

A reasignación de fondos realízase mantendo o equilibrio interno do programa e procurando unha maior eficacia na súa execución. En concreto:

Redúcese en…	Destínase a…
Investigación e innovación (OE 1.1)	I+D reorientada a STEP (OE 1.6)
Apoio á pemes (OE 1.3)	Reforzar capacidades industriais en defensa e seguridade (OE 1.7).
Eficiencia enerxética en edificios e empresas (OE 2.1)	Vivenda accesible (OE 2.11) e industria da automoción.
Adaptación Cambio Climático (OE 2.4), economía circular e residuos (OE 2.6)	Resiliencia hídrica (OE 2.5).
Protección e conservación da natureza (OE 2.7), Mobilidade sostible (OE 3.2) e dixitalización sanitaria (OE 1.2)	RESTORE: Reconstrución incendios forestais (OE 2.10).

Dentro desta reprogramación, o obxectivo RESTORE financiará:

- Reforma, reparación e rehabilitación de infraestruturas públicas (por exemplo sanitarias, educativas, viarias, sociais etc.), ambientais (en particular, ecosistemas forestais) e equipamentos afectados polos incendios. Apoio ás pemes para investimentos que permitan a activación e reactivación económica.
- Restauración hidrolóxica e ambiental vinculada ás actuacións de emerxencia realizadas durante os incendios, tales como a apertura de devasa ou cordóns de defensa, co obxectivo de recuperar a funcionalidade dos chans e restablecer o equilibrio dos ecosistemas afectados.
- Substitución de equipamento danado polos incendios, incluíndo motobombas, vehículos de extinción e outros medios materiais imprescindibles para a loita contra o lume.
- Actuacións para mellorar a resiliencia e a prevención e adaptación ao cambio climático, inclúense, entre outras, infraestruturas públicas para a loita contra incendios, incluíndo bases de uso restrinxido para medios aéreos, instalacións loxísticas e de coordinación de emerxencias.

No caso do Programa FSE+ Galicia, aprobado en xullo de 2025, tamén se introducen novas actuacións vinculadas a STEP, reorientando os investimentos cara á mellora do emprego, das capacidades e da educación en sectores tecnolóxicos estratéxicos. Estas actuacións —como os ciclos e cursos de especialización de FP en ámbitos STEP ou a formación de traballadores e desempregados en sectores de tecnoloxía avanzada— ", teñen unha dotación de 22 M€, financianse mediante a minoración doutras intervencións de menor prioridade, como os Polos de Emprendemento ou o Bono Formación.

Ademais, incorpórase unha liña de axudas ás entidades de iniciativa social prestadoras de servicios sociais para a dispoñibilidade de vivendas destinadas a colectivos especialmente vulnerables, cunha asignación de 5M€.

En aplicación do Regulamento (UE) 2025/1914, a Comunidade Autónoma reorienta máis do 10 % do fondo FEDER cara a novas prioridades, incorporando actuacións vinculadas á Plataforma STEP —apoio á I+D+i aplicada e ás tecnoloxías estratéxicas—, ao reforzo das capacidades industriais en materia de defensa e uso dual, á resiliencia hídrica e xestión sostible da auga, ao impulso do acceso a unha vivenda accesible e sostible.

Destínase un 3% do FEDER á reconstrución das zonas afectadas polos incendios de 2025 a través do mecanismo RESTORE.

Estas novas intervencións, plenamente coherentes coa planificación autonómica —Plan Galego de I+D+i 2025-2027, Iniciativa Estratéxica en Aeroespazo, Seguridade e Defensa 2025-2030, Axenda Galega de Capacidades 2024-2027, Estratexia de FP 2030 e Estratexia de Solo Residencial—, permiten reforzar a competitividade, o emprego cualificado e a sustentabilidade territorial.

Con FSE+ incorporáronse accións orientadas ao desenvolvemento de capacidades e cualificacións vinculadas a STEP, así como para a mellora da dispoñibilidade de vivendas destinadas a colectivos especialmente vulnerables.

As regras fiscais para 2026.

Tal e como indica a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, pese ás recentes reformas introducidas na LOEPSF para facilitar a aprobación dos obxectivos fiscais, estes non foron aprobados desde a reactivación das regras fiscais no 2024. O procedemento para fixar os obxectivos fiscais esixe, tras o informe do CPFF e da CNAL, a súa aprobación polo Goberno de España mediante acordo de consello de ministros e, con posterioridade, ser ratificado polo Parlamento. Para evitar bloqueos neste proceso, a LOEPSF foi reformada recentemente con dúas novidades:

Por una banda, permite que un Goberno en funcións poda aprobar os obxectivos.

E, por outra, habilita ao Congreso para levantar o veto do Senado mediante unha votación por maioría simple.

Porén, estas reformas non evitaron que, tras a reactivación das regras fiscais no 2024, suspendidas entre 2020 e 2023 pola pandemia e a crise de prezos, os obxectivos fiscais de 2024 e 2025 non foran aprobados. Os de 2024, foron vetados polo Senado antes de que entrara en vigor a reforma para superar ese veto, e os de 2025 non chegaron a ser

aprobados no Congreso. A falla de aprobación de obxectivos fiscais é un dos factores que incrementan a incerteza institucional e dificultan o cumprimento dunhas regras que existen e son aplicables pero non están determinadas por quen lle corresponde.

A ausencia de obxectivos supón que, na actualidade, as AA. PP. teñan a regra de gasto como única guía de disciplina fiscal para a elaboración dos seus Orzamentos anuais e escenarios plurianuais.

Ademais, esta debilidade do marco fiscal, acentúase na actualidade pola ausencia dun plan orzamentario a medio prazo, a prórroga durante dous anos consecutivos dos Presupuestos Generales del Estado (PGE) e a non remisión o ano pasado a Bruxelas do Plan Presupuestario do Reino de España coas liñas fundamentais para 2025 fan que a valiosa información que contiña este plan tampouco estea a disposición dos diferentes administración que deben elaborar un orzamento.

Perante esta situación a única regra operativa é a de gasto, como se ten dito, porque evoluciona en base a una taxa de referencia que é a mesma para todas as administracións e se determina de xeito automático.

Non obstante, a falta de coordinación do marco fiscal, de explicación do Plan de axuste presentado a Bruxelas, de fixación de regras fiscais e duns PGE (nos que por exemplo se debe fixar o límite da evolución da masa salarial parte moi importante dos orzamentos anuais) restan unha moi importante información á Xunta de Galicia para pechar uns Orzamentos, que están suxeitos a múltiples suposicións e prevención en todos estes eidos.

Compre ademais incorporar a normativa europea das novas regras fiscais ao marco fiscal nacional e distribuír entre niveis de administración as novas regras fiscais.

No que atinxe á regra de gasto a súa recuperación por unha política de feitos consumados, sen establecer os parámetros de base sobre os que se volven a aplicar as regras, non obvia que o seu tratamento non se pode aplicar de igual xeito entre niveis de administración, nin entre as diferentes comunidades autónomas.

Porque non todas as administracións consolidamos o mesmo nivel de gasto durante a pandemia, e as CCAA, que deben soportar un nivel superior de gasto social e sanitario, estamos pendentes dunha reforma que urxe do sistema de financiamento autonómico, que debe posibilitar a adecuación do financiamento ás novas necesidades de gasto.

Porque non todas as CCAA parten do mesmo nivel de gasto per cápita no ano cero (2024) para o seu cálculo, operando por tanto con distinto nivel de restrición a aplicación dunha mesma porcentaxe sobre o gasto computable en función dun nivel base de gasto por habitante máis ou menos elevado.

Quere isto dicir que a nova regra de gasto, limita a capacidade de gasto das administracións, non o que fai e distribuilo de xeito homoxeneo ao longo do ciclo, o que garante un financiamento estable tamén no anos de baixo crecemento. O que se cuestiona aquí é que non se establece un punto de partida de gasto equitativo para aplicar esa porcentaxe de evolución do gasto, o nivel de partida para a súa aplicación.

En efecto o deseño dunha regra baseada nunha evolución do gasto, permite un financiamento estable das administracións, como demostra a gráfica, limitar o crecemento do gasto cunha regra deste tipo permitiría dispor de mais recursos nos anos da grande crise (e menos nos da burbulla financeira). Os que defenden unha evolución do gasto público pegada ao pib nominal nas épocas de boanza están descontando de xeito non moi responsable necesidades de axuste nas partes descendentes do ciclo.

A gráfica seguinte explica como a regra nacional aplana a evolución da senda que non crece tanto nos anos de expansión nin baixa abruptamente nos de axuste.

Diferencia entre a evolución da taxa de referencia (regra de gasto) e PIB.



Fuente: Estimación AIReF

Todos estes asuntos, así como a adaptación da normativa europea á nacional, en especial ás comunidades autónomas, veñen sendo reclamados pola comunidade autónoma de Galicia nos escasos plenos do Consello de Política Fiscal e Financeira celebrados dende 2024, con nulo éxito ata o de agora.

CONTORNA ECONÓMICA

II. CONTORNA ECONÓMICA

II.1. O CONTEXTO INTERNACIONAL

A evolución da economía mundial está marcada pola política arancelaria de Estados Unidos e polas tensións xeopolíticas. Resulta difícil determinar o impacto exacto destes aranceis na economía global. O descoñecemento sobre as taxas que se ían aplicar xeraron unha elevada incerteza nos primeiros meses do ano, que se foi atenuando cos acordos alcanzados coas principais economías. Porén, aínda non se completaron todas as negociacións, polo que persiste a incerteza sobre a repercusión económica a nivel mundial.

As previsións dos principais organismos internacionais —Fondo Monetario Internacional (FMI), Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) e Comisión Europea— sinalan unha leve ralentización nos próximos anos, cun crecemento sostido en taxas próximas ao 3% (véxase cadro I).

Cadro I. Previsións macroeconómicas

	FMI (xullo 2025)		Comisión Europea (maio 2025)		OCDE (setembro 2025)	
	2025	2026	2025	2026	2025	2026
PIB Mundial	**3,0**	**3,1**	**2,9**	**3,0**	**3,2**	**2,9**
Área Euro[1]	1,0	1,2	0,9	1,4	1,2	1,0
Francia	0,6	1,0	0,6	1,3	0,6	0,9
Alemaña	0,1	0,9	0,0	1,1	0,3	1,1
Italia	0,5	0,8	0,7	0,9	0,6	0,6
Portugal[2]	2,0	1,7	1,8	2,2	1,9	1,9
España	**2,5**	**1,8**	**2,6**	**2,0**	**2,6**	**2,0**
Reino Unido	1,2	1,4	1,0	1,3	1,4	1,0
Estados Unidos	1,9	2,0	1,6	1,6	1,8	1,5
Xapón	0,7	0,5	0,7	0,6	1,1	0,5
México	0,2	1,4	-0,6	0,5	0,8	1,3
Brasil	2,3	2,1	2,0	1,5	2,3	1,7
China	4,8	4,2	4,1	4,0	4,9	4,4
India	6,4	6,4	6,4	6,4	6,7	6,2

(1) A OCDE elabora previsións da Área Euro constituída por 17 países.
(2) As previsións para Portugal do FMI son do informe de abril e as da OCDE de xuño

Entre os factores positivos que favorecen o crecemento económico destacan o proceso de desinflación en moitas economías e a mellora das condicións financeiras. En sen-

tido contrario, os aranceis e as tensións xeopolíticas reducen a confianza dos investidores e frean o comercio.

As perspectivas para o bienio 2025-2026 difiren segundo os países. Nos seguintes parágrafos detállanse as previsións dispoñibles para os principais países da economía mundial que teñen maior influencia sobre a economía galega. Para o seguimento destes países utilízanse principalmente os datos da OCDE, ao ser a actualización máis recente.

A economía da área do euro caracterizouse nos últimos anos por un certo grao de atonía. Os sucesivos shocks afectaron en distinta medida aos países do euro, o que fixo que o conxunto da área mantivese un ritmo de avance contido. A previsión da OCDE indica que a economía do euro crecerá un 1,2% en 2025 e un 1,0% en 2026. Este organismo elevou o crecemento previsto para 2025 en dúas décimas e reduciu o de 2026 tamén en dúas décimas respecto ás anteriores previsións de xuño, nas que coincidía co FMI. Este crecemento basearíase no consumo privado, apoiado no incremento da renda dispoñible real dos fogares, na moderación dos prezos e na relaxación da política monetaria.

Despois de dous anos de contracción, prevese que a economía alemá rexistre un leve crecemento do 0,3% en 2025, segundo a OCDE. Para 2026 proxéctase un impulso baseado no consumo privado e na inversión, ata alcanzar un crecemento do 1,1%. Pola súa parte, Francia medrará un 0,6% en 2025 e un 0,9% en 2026; Italia manterá un crecemento sostido do 0,6% en ambos os anos. A economía española crecerá un 2,6% en 2025 e un 2,0% en 2026, segundo a OCDE.

Respecto aos prezos na área do euro, prevese un crecemento moderado ao longo do horizonte da previsión, como se pode observar na gráfica I. A moderación nos prezos dos alimentos e dos servizos, unha vez disipadas as perturbacións que afectaron á economía nos últimos anos, permitirá que a inflación se sitúe próxima ao obxectivo do 2% do Banco Central Europeo. A OCDE estima un incremento dos prezos do 2,1% en 2025 e unha taxa do 1,9% en 2026. A previsión do Banco Central Europeo coincide coa da OCDE para 2025 e reduce a subida dos prezos ao 1,7% en 2026.

Nos Estados Unidos, a OCDE prevé un crecemento do 1,8% en 2025, un punto menos que en 2024, e unha continuidade desta tendencia descendente en 2026, ata o 1,5%. A inflación manterase elevada nos dous anos proxectados, con taxas do 2,7% en 2025 e do 3% en 2026.

Para o Reino Unido, as previsións da OCDE apuntan a un avance da economía desde o 1,1% en 2024 ata o 1,4% en 2025, e un menor crecemento en 2026, do 1,0%. Respecto á inflación, prevese un aumento ata o 3,5% en 2025, un punto máis que no ano anterior, e un incremento do 2,7% en 2026.

Gráfico 1. Evolución Inflación e previsións



Fonte: OCDE

II.2. ECONOMÍA ESPAÑOLA

A economía española mantivo un avance continuado nos dous últimos anos, con taxas do 2,5% en 2023 e do 3,5% en 2024.

Estes crecementos baséanse fundamentalmente na demanda interna. No ano 2024, a contribución da demanda interna ao crecemento do PIB foi de 3,3 puntos porcentuais, mentres que a da demanda externa situouse en 0,2 puntos.

Como se pode observar na gráfica II, o consumo privado foi o motor da economía española, cunha taxa do 3,1% en 2024. O incremento da renda dispoñible, a moderación dos prezos e dos tipos de xuro favoreceu o consumo dos fogares.

Tras a redución do investimento en 2023, obsérvase un impulso en 2024, cun incremento do 4,7%. A execución dos fondos Next Generation EU, a mellora das condicións de financiamento e o dinamismo da inversión residencial contribuíron a este avance.

A débil contribución do sector exterior explicouse principalmente polo incremento das importacións, especialmente de servizos.

Gráfico II. ESPAÑA. Taxa de variación do PIB e achega dos compoñentes pola vía da demanda. Índices de volume. Referencia 2020. Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario.



Fonte: Contabilidad nacional trimestral (INE). Revisión estatística 2024

O bo desempeño da economía no que vai de ano, desde a óptica da demanda, apoiaríase principalmente no consumo e no investimento.

O crecemento da poboación impulsa o gasto dos fogares, que tamén se benefician da evolución positiva dos salarios e do emprego, así como da moderación da inflación. Ademais, a baixada dos tipos de xuro, especialmente do euribor, reduce as cargas financeiras dos fogares.

O consumo privado encadea catro trimestres consecutivos con taxas superiores ao 3%, acadando un 3,4% no segundo trimestre de 2025. Entre os indicadores de demanda, o índice de comercio polo miúdo deflactado e a matriculación de turismos continúan crecendo a un maior ritmo en 2025 que no ano anterior. As axudas para renovar o parque de vehículos substituíndo por modelos electrificados favorecerían o dinamismo das matriculacións.

O investimento constitúe a outra compoñente de demanda con maior contribución ao crecemento económico. No ano 2024, a inversión en construción foi a principal impulsora desta compoñente. No que vai de 2025, manteñen o dinamismo do investimento a vivenda e os bens de equipo.

A compravenda de vivenda mantén a súa traxectoria expansiva en 2025. O incremento da demanda, asociado ao crecemento demográfico, xunto cunha oferta limitada,

está a impulsar o aumento dos prezos, o que se traduce nun maior esforzo financeiro por parte dos fogares para acceder á propiedade.

Desde o punto de vista da oferta, todos os sectores rexistraron taxas positivas no ano 2024. O sector primario e o da construción presentaron as taxas máis elevadas, como se pode observar no cadro II. Tamén destacou o sector servizos, cun crecemento do 4%.

Cadro II. ESPAÑA. Compoñentes do PIB polo vía da oferta. Índices de volume. Referencia 2020
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual

			2024				2025	
	2023	2024	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	3,4	10,8	10,3	10,4	15,9	7,0	7,0	0,1
Industria	-1,8	1,9	0,9	2,3	2,5	1,9	1,9	2,6
- Industria manufactureira	0,6	2,6	1,9	3,7	2,5	2,4	1,9	2,2
Construción	1,1	4,8	4,7	4,6	4,5	5,3	2,7	4,0
Servizos	3,8	4,0	3,6	4,4	3,9	4,1	3,8	3,4
Impostos netos sobre os produtos	0,7	-1,3	-2,8	-2,6	-0,5	1,0	-0,4	1,3
Produto interior bruto a prezos de mercado	**2,5**	**3,5**	**2,9**	**3,7**	**3,6**	**3,7**	**3,2**	**3,1**

Fonte: Contabilidad nacional trimestral (INE). Revisión estatística 2024

Nos dous primeiros trimestres de 2025 mantívose o crecemento da economía española, acadando unha taxa do 3,1% no segundo trimestre, unha décima inferior á do trimestre anterior. Desde a óptica da oferta, o valor engadido bruto (VEB) da industria e da construción incrementouse no segundo trimestre de 2025 respecto ao trimestre precedente, mentres que se moderou nos servizos e caeu no sector primario.

Os principais organismos nacionais e internacionais elaboradores de previsións están a revisar ao alza as súas estimacións de crecemento para 2025 respecto ao inicio do ano. O crecemento da economía española na primeira metade do ano superou as expectativas, o que levou ao Banco de España e á OCDE, que revisaron as súas previsións en setembro, a incrementar o crecemento previsto para 2025 en dúas décimas (véxase cadro III).

O Banco de España estima un crecemento do 2,6% en 2025 e do 1,8% en 2026. A OCDE coincide coa previsión para 2025 e prevé un maior crecemento en 2026, do 2,0%. Pola súa banda, o Goberno de España proxecta un crecemento do 2,7% en 2025 e do 2,2% en 2026.

A estimación de consenso dos organismos privados, difundida en setembro por Funcas, sitúa o incremento no 2,6% en 2025 e no 2,0% en 2026.

Cadro III. ESPAÑA. Previsións do PIB, inflación e taxa de paro

	PIB		Inflación		Taxa de paro	
	2025	2026	2025	2026	2025	2026
Banco de España (setembro)	2,6	1,8	2,5	1,7	10,5	10,2
Goberno (setembro)	2,7	2,2	--	--	10,3	9,6
OCDE (setembro)	2,6	2,0	2,6	2,0	10,7	10,1
AIReF (xullo)	2,3	1,7	2,3	2,0	10,7	10,3
FMI (xullo)	2,5	1,8	2,2	2,0	11,1	11,0
Comisión Europea (maio)	2,6	2,0	2,3	1,9	10,4	9,9

Segundo as previsións do Banco de España, o dinamismo da economía española nos próximos anos apoiarase principalmente na demanda interna. No ano 2025, a súa contribución ao crecemento sería de 3,1 puntos porcentuais, reducíndose a 2,0 puntos porcentuais en 2026.

O consumo privado continuará a ser o motor de crecemento da economía española nos próximos trimestres, cun incremento previsto do 3,1% en 2025 e unha desaceleración ata o 2,0% en 2026.

A formación bruta de capital manterá un elevado vigor en 2025, apoiada na execución dos fondos europeos e no dinamismo do investimento residencial, cun crecemento do 5,0%, e moderarase en 2026 ata o 2,5%.

O consumo público experimentará unha moderación no seu ritmo de avance, cunha taxa prevista do 1,9% en 2025 e do 1,7% en 2026.

A contribución da demanda externa neta ao crecemento económico será negativa en ambos anos, debido a que o impulso das importacións superará ao das exportacións, aínda que se espera unha desaceleración de ambos agregados en 2026.

A situación económica mundial, en particular a dos principais socios comerciais de España, condicionará a evolución do comercio exterior. O débil crecemento dos principais países da Unión Europea, así como a complexa situación internacional, frean a expansión do comercio exterior español. Ademais, o gasto dos non residentes, aínda que segue crecendo, reducirá progresivamente o seu impacto na economía.

En relación co emprego, as afiliacións á Seguridade Social medraron un 2,3% nos nove primeiros meses de 2025, un crecemento sostido ao longo do ano, lixeiramente inferior á media de 2024, do 2,4%. Porén, segundo a EPA, a ocupación mostrou maior dinamismo na primeira metade de 2025, cunha taxa do 2,7% no segundo trimestre, tres

décimas superior á do trimestre anterior. A taxa de paro situouse no 10,3% no segundo trimestre, descendendo máis dun punto respecto ao primeiro trimestre.

Para 2025, o Banco de España prevé unha taxa de paro do 10,5%, oito décimas inferior á de 2024, e para 2026 estima un descenso máis moderado ata o 10,2%. As previsións do Goberno de España son máis optimistas, situando a taxa do 10,3% en 2025 e reducíndoa ata o 9,6% en 2026, sendo as únicas entre as analizadas que prevén unha taxa de paro inferior ao 10% en 2026.

Respecto á inflación, nos últimos meses obsérvase un repunte no crecemento dos prezos. Despois de baixar ata o 2% no mes de maio, grazas á redución dos prezos dos produtos enerxéticos, a súa posterior suba provocou que o IPC acadase un crecemento interanual do 2,9% en setembro (segundo dato avance). A inflación subxacente mantense en taxas próximas ao 2,3%, sendo os prezos dos servizos os que máis contribúen ao incremento dos prezos.

As previsións do Banco de España sinalan unha desaceleración progresiva da inflación, como se pode observar na gráfica III, ata o 2,5% en 2025 e o 1,7% en 2026. Posteriormente repunta en 2027, ata o 2,4%, debido fundamentalmente á introdución dun novo réxime de comercio de dereitos de emisión na UE. Este novo réxime ampliará a cobertura do réxime anterior, incluíndo o sector do transporte, os edificios e outros sectores adicionais, especialmente a pequena industria.

Gráfico III. ESPAÑA. Inflación. Banco de España



Fonte: Banco de España

II.3. ECONOMÍA GALEGA

A economía galega mantivo un ritmo de crecemento sólido nos últimos anos. En 2024, o PIB rexistrou un incremento do 2,8%, mentres que na primeira metade de 2025 a actividade mantén a súa traxectoria expansiva, segundo as contas económicas trimestrais do IGE.

Cadro IV. GALICIA. Compoñentes do PIB polo vía da demanda. Índices de volume. Referencia 2020
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual

			2024				2025	
	2023	2024	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Gasto en consumo final	4,2	2,7	3,9	2,0	2,6	2,4	0,7	1,7
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	3,9	1,6	3,0	0,9	1,6	1,1	0,3	1,7
-Gasto en consumo final das AAPP	4,9	5,8	6,6	5,0	5,5	6,2	1,7	1,7
Formación bruta de capital	-0,8	1,3	-0,2	-0,7	2,4	3,8	1,5	4,8
Demanda interna (en termos nacionais)[1]	3,2	2,4	3,1	1,5	2,5	2,6	0,8	2,2
Exportacións de bens e servizos	0,7	3,1	0,9	4,8	4,1	2,8	1,5	-1,2
Importacións de bens e servizos	2,1	2,5	2,3	2,4	2,9	2,4	-2,1	-2,0
Demanda externa (en termos nacionais)[1]	-0,9	0,4	-0,8	1,5	0,7	0,2	2,0	0,3
Produto interior bruto a prezos de mercado	**2,4**	**2,8**	**2,3**	**3,0**	**3,2**	**2,8**	**2,8**	**2,5**

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. Revisión estatística 2024
[1] Contribución ao crecemento do PIB

Desde a óptica da demanda, no ano 2024 a demanda interna contribuíu con 2,4 puntos porcentuais ao crecemento do PIB galego, mentres que o sector exterior engadiu 0,4 puntos adicionais.

O avance da demanda interna estivo sustentado polo comportamento do consumo, cun aumento do consumo público do 5,8% e do consumo privado do 1,6%. Pola contra, o investimento tivo un crecemento moderado do 1,3%, tras a contracción rexistrada o ano anterior.

No ámbito do sector exterior, observouse un comportamento dinámico tanto das exportacións como das importacións, cun maior crecemento das exportacións, o que se traduciu nunha aportación positiva ao crecemento do PIB galego e reflicte unha maior integración nos fluxos comerciais internacionais.

Nos datos correspondentes ao primeiro semestre de 2025, tanto a demanda interna como a demanda externa contribuíron de forma positiva ao crecemento do PIB galego.

O consumo privado moderou o seu avance no primeiro trimestre (0,3%), para logo acelerarse no segundo, cun incremento do 1,7%. Os principais indicadores conxunturais de consumo, como o índice de comercio polo miúdo deflactado e a matriculación de turismos, amosan unha evolución favorable no que vai de ano. Pola contra, o consumo

público experimenta unha desaceleración na primeira metade de 2025, cunha taxa de crecemento do 1,7% en ambos trimestres.

O investimento está a mostrar un maior dinamismo nos últimos trimestres, impulsado principalmente pola inversión en vivenda. No ámbito do comercio exterior, a demanda externa continuou contribuíndo positivamente ao crecemento, grazas a unha maior redución das importacións que das exportacións. Porén, esta aportación positiva moderouse, pasando do 2% no primeiro trimestre ao 0,3% no segundo. O sector do automóbil segue a ser o principal determinante do comportamento do comercio exterior galego.

O dinamismo da actividade económica tamén se reflicte no mercado laboral. Nos nove primeiros meses de 2025, as afiliacións incrementáronse un 1,7%. Segundo os datos da EPA, no segundo trimestre a ocupación medrou un 2,6%, mentres que a taxa de paro situouse no 8,3%.

Cadro V. GALICIA. Compoñentes do PIB polo vía da oferta. Índices de volume. Referencia 2020
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual

			2024				2025	
	2023	2024	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	12,7	3,1	4,2	4,1	1,4	2,9	3,1	0,1
Industria	4,9	3,3	4,4	4,4	5,1	-0,6	1,4	2,4
- Industria manufactureira	5,8	4,5	5,4	2,3	5,4	4,7	3,6	5,1
Construción	3,4	4,8	2,6	5,2	4,8	6,5	6,3	6,6
Servizos	0,9	2,8	1,8	2,7	3,0	3,6	2,9	2,7
- Comercio, transporte e hostalería	0,8	1,3	-0,9	0,7	1,2	4,1	3,2	2,0
- Información e comunicacións	6,3	12,1	19,5	15,5	9,8	4,8	4,4	1,5
- Actividades financeiras e de seguros	-5,6	0,2	-3,1	1,8	-1,7	3,9	2,6	1,4
- Actividades inmobiliarias	0,2	3,3	2,3	2,0	3,7	5,3	3,6	4,8
- Actividades profesionais	2,6	3,1	2,6	4,1	2,8	3,0	4,6	4,1
- Administración pública, sanidade e educación	1,3	3,9	3,5	3,8	5,6	2,8	1,9	2,6
- Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	0,4	0,2	-0,4	0,0	0,4	0,8	0,8	0,9
Impostos netos sobre os produtos	3,1	0,6	0,7	0,1	0,7	1,0	1,2	0,0
Produto interior bruto a prezos de mercado	**2,4**	**2,8**	**2,3**	**3,0**	**3,2**	**2,8**	**2,8**	**2,5**

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. Revisión estatística 2024

Desde a perspectiva da oferta, todos os sectores presentan taxas de crecemento positivas para o ano 2024. Sobresae o sector da construción, cun incremento do 4,8%, seguido pola industria (3,3%), o sector primario (3,1%) e os servizos (2,8%). Dentro do sector industrial, a industria manufactureira destaca cunha taxa de crecemento do 4,5%. No ámbito dos servizos, salientan os segmentos de alto valor engadido, como o sector de Información e comunicacións (12,1%) e as Actividades profesionais (3,1%). A Administración pública tamén rexistrou un incremento relevante do 3,9%.

O Índice de Produción Industrial (IPI), que permite unha maior desagregación por subsectores, reflicte un incremento moderado da actividade industrial en Galicia no ano

2024. A fabricación de maquinaria e equipo e de bebidas foron as actividades que máis contribuíron ao crecemento do sector. .

Nos dous primeiros trimestres de 2025, o PIB continúa crecendo a taxas do 2,8% e do 2,5%, respectivamente. Sobresae o incremento do sector da construción, por encima do 6%, así como a aceleración da industria manufactureira, que pasa do 3,6% no primeiro trimestre ao 5,1% no segundo.

O Índice de Produción Industrial (IPI) mostra un mellor comportamento do sector do automóbil que no ano anterior, mentres que a produción de enerxía eléctrica, principalmente hidráulica e eólica, continúa en descenso no que vai de ano. Esta evolución modera o crecemento do conxunto da industria, que se sitúa no 1,4% no primeiro trimestre e no 2,4% no segundo.

O conxunto do sector servizos mantén en 2025 o mesmo ritmo de crecemento que en 2024, con taxas do 2,9% no primeiro trimestre e do 2,7% no segundo. Entre as actividades de maior valor engadido, desacelera o sector de Información e comunicacións (4,4% e 1,5%), mentres que se incrementa o das Actividades profesionais (4,6% e 4,1%). As Administracións públicas modéranse a taxas do 1,9% e do 2,6%.

II.4. ESCENARIO MACROECONÓMICO

O escenario macroeconómico que se presenta conta co aval da Autoridad Independiente de Responsabilidad Fiscal (AIReF), en cumprimento do artigo 14 da Ley Orgánica 6/2013, de 14 de novembro, de creación da AIReF.

O escenario macroeconómico a curto prazo (dous anos) para Galicia constrúese mediante un modelo de estimación dos agregados de demanda (ver Anexo). Este modelo baséase en hipóteses fundamentais, que incorporan o escenario económico español previamente exposto, as previsións de crecemento das principais economías mundiais expostas no apartado de economía internacional e supostos externos sobre tipo de cambio e prezos do petróleo. Na táboa seguinte recóllense estes supostos.

Cadro VI. Hipóteses básicas do escenario
Taxas de variación interanual en % salvo indicación en contrario

	2025	2026	Fonte
Poboación en idade de traballar	0,7	0,5	Elaboracion propia
Gasto en consumo final das AAPP	1,5	1,0	Elaboracion propia
Demanda interna España	3,1	2,0	Elaboracion propia
Demanda interna Francia	0,8	1,0	Elaboracion propia
Demanda interna Alemaña	1,2	1,4	Elaboracion propia
Demanda interna Italia	1,0	1,1	Elaboracion propia
Demanda interna Portugal	2,9	2,8	Elaboracion propia
Demanda interna Bélxica	2,1	1,4	Elaboracion propia
Demanda interna Países Baixos	1,6	1,6	Elaboracion propia
Demanda interna Reino Unido	1,3	1,4	Elaboracion propia
Demanda interna Estados Unidos	1,8	1,4	Elaboracion propia
IPC xeral sen produtos enerxéticos España	2,5	1,7	Elaboracion propia
Tipo de cambio dólar/euro	1,13	1,17	Banco de España (setembro 2025)
Prezo petróleo "Brent" (nivel)	70,0	66,0	Banco de España (setembro 2025)

Para a previsión a medio prazo séguese a metodoloxía da Comisión Europea para o cálculo do output gap (EUCAM). Seguindo a devandita metodoloxía, partiuse das previsións a curto prazo (dous anos) e impúxose a condición de que o output gap se reduza paulatinamente ata acadar o valor cero no horizonte da proxección (2029). Deste xeito, para a previsión do PIB en 2029 considérase que a situación cíclica é neutra e que o crecemento estará determinado exclusivamente pola súa compoñente tendencial.

O escenario macroeconómico que acompaña aos Orzamentos de 2026 prevé un crecemento equilibrado da economía galega nos cinco anos proxectados, con contribucións positivas tanto da demanda interna como externa.

Cadro VII. GALICIA. Escenario macroeconómico
Variación anual en %

	2024	2025	2026	2027	2028	2029
Gasto en consumo final	2,7	1,1	1,0	0,6	0,5	0,5
- Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	1,6	1,0	1,0	0,6	0,4	0,4
- Gasto en consumo final das AAPP	5,8	1,5	1,0	0,8	0,7	0,7
Formación bruta de capital	1,3	3,0	2,8	1,4	1,1	1,0
Demanda interna[1]	2,4	1,4	1,3	0,7	0,6	0,5
Exportacións de bens e servizos	3,1	1,1	1,6	1,6	1,4	1,3
Importacións de bens e servizos	2,5	-0,9	0,6	0,7	0,3	0,1
Demanda externa[1]	0,4	1,1	0,6	0,5	0,6	0,7
Produto interior bruto (PIB)	2,8	2,5	1,9	1,2	1,2	1,2
Produto interior bruto nominal	5,7	5,4	4,0	3,4	3,2	3,2
Deflactor do PIB	2,8	2,9	2,1	2,1	2,0	2,0
PTETC[2,3]	1,6	1,2	0,9	0,7	0,4	0,3
Persoas[2]	1,5	1,1	1,0	0,7	0,4	0,3
Taxa de paro[4]	9,4	8,3	7,8	7,4	7,2	7,0

[1] Contribución ao crecemento do PIB en puntos porcentuais

[2] Contas económicas trimestrais

[3] Postos de traballo equivalentes a tempo completo

[4] % de poboación activa

Fonte: IGE

Data peche previsións: 22 setembro 2025

O consumo privado incrementouse un 1,6% no ano 2024 e prevese un crecemento moderado nos próximos anos. A evolución positiva do emprego e dos salarios, xunto coa desaceleración dos prezos, favorecerá o consumo dos fogares.

Proxéctase unha desaceleración no gasto en consumo final das Administracións públicas que, despois dun crecemento do 5,8% en 2024, medrará un 1,5% en 2025 e continuará moderando o seu avance nos anos seguintes.

A formación bruta de capital mellorará ao longo do horizonte da previsión, configurándose como a compoñente da demanda interna con crecementos máis elevados. Os fondos NGEU e o investimento en vivenda sosteñen o dinamismo deste agregado.

A achega da demanda externa neta será positiva en todos os anos proxectados. A maior contribución ao crecemento do PIB proxéctase para 2025, cunha aportación de 1,1 puntos porcentuais, resultado do crecemento das exportacións (1,1%) e da caída das

importacións (-0,9%). Nos anos seguintes proxéctanse taxas positivas tanto para exportacións como para importacións.

Respecto das exportacións, a evolución da economía española condicionará o comercio exterior de Galicia, sendo o comercio co resto de España unha parte importante deste comercio exterior. Nos supostos destas previsións estímase un incremento da demanda interna española do 3,1% en 2025 e do 2,0% en 2026, en liña co proxectado polo Banco de España.

Para as principais economías do noso contorno, prevese un mellor comportamento en 2026, o que favorecerá o comercio exterior galego fóra de España.

En relación co emprego, prevese un incremento da poboación ocupada ao longo de todo o período proxectado, máis intenso no ano 2025. A taxa de paro reduciríase progresivamente ata situarse no 7,0% en 2029 (véxase gráfica IV). No horizonte da proxección, a taxa situaríase no nivel máis baixo desde comezos de século.

Ademais, un incremento da actividade superior ao do emprego implicará aumentos da produtividade en todos os anos proxectados.

Gráfico IV. GALICIA. Taxa de paro observada e prevista



Fonte: INE, IGE

Anexo metodolóxico sobre o escenario macroeconómico de Galicia

Neste anexo resúmese a metodoloxía empregada para a elaboración do escenario macroeconómico, seguindo o disposto na Directiva 2011/85/UE del Consejo, sobre requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados membros.

A elaboración do escenario macroeconómico desenvólvese en dúas fases: en primeiro lugar, realízase unha previsión a curto prazo (dous anos) e, posteriormente, unha proxección a medio prazo (tres anos adicionais).

Para a previsión a curto prazo, utilízase modelo de estimación de agregados macroeconómicos de demanda con periodicidade trimestral. Este modelo permite simular a evolución dos principais agregados nun marco coherente cos escenarios propostos para as economías española e internacional, e está integrado no sistema de contas económicas de Galicia elaborado polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

O modelo proporciona estimacións de: gasto en consumo final dos fogares, demanda de capital (formación bruta de capital), demanda de traballo (ocupados), oferta de traballo (poboación activa) e taxa de paro; deflactor do PIB, custo laboral e índice de prezos de consumo; ademais de exportacións e importacións.

No tratamento do sector exterior establécese unha diferenciación: as exportacións divídense en dous bloques - dirixidas ao resto de España e ao resto do mundo - , mentres que as importacións se consideran de forma agregada nunha única ecuación.

As previsións sobre as variables macroeconómicas obtéñense a partir de modelos de ecuacións a curto e largo prazo que incorporan relacións de cointegración en un marco de corrección do erro. O principio deste enfoque é que existe unha relación de equilibrio a largo prazo entre as variables, aínda que no curto prazo poden producirse desviacións que se corrixen gradualmente mediante o mecanismo de axuste de erros.

Deste modo, distínguense dúas ecuacións de comportamento:

- unha ecuación a largo prazo, que explica a evolución tendencial da variable.
- unha ecuación a curto prazo, que recolle a dinámica transitoria de carácter estacionario.

A estimación realízase en dúas etapas. Na primeira, calcúlanse os parámetros da ecuación a largo prazo, identificando a especificación máis adecuada. A continuación, os residuos obtidos incorpóranse como variable explicativa na ecuación a curto prazo, o que permite estimas os seus parámetros e definir o mecanismo de corrección do erro.

A taxa de paro, as exportacións totais, o deflactor de exportacións totais, o stock de capital e o produto interior bruto (PIB) obtéñense como identidades.

A información de base obtense da Contabilidade anual e trimestral de Galicia, dos indicadores conxunturais dispoñibles para a economía galega elaborados polo IGE, así como das distintas operacións estatísticas nacionais que proporcionan a información para Galicia. Estes datos sométense a diversas transformacións antes de ser utilizados no modelo, incluíndo deflactación, enlace de series con distintas bases, cálculo de indicadores compostos, desestacionalización, entre outras.

Realízanse supostos sobre a evolución das variables esóxenas ao modelo, baseados nas últimas previsións que realizaron os organismos nacionais e internacionais. Para aque-

las variables nas que Galicia presenta un comportamento específico e distinto ao nacional, como a poboación de 16 anos e máis anos, elabóranse uns supostos propios adaptados á realidade galega.

Supostos básicos

Os principais supostos utilizados para a elaboración das previsións son:

Poboación de 16 e máis anos: Prevese unha traxectoria consistente coas proxeccións de poboación de Galicia.

Demanda interna de España: os supostos sobre a súa evolución elabóraos o IGE a partir das previsións realizadas para España polos organismos públicos nacionais e internacionais.

Demanda interna dos principais países do entorno de Galicia: as hipóteses sobre a evolución da demanda interna dos principais países elaboráronse a partir das previsións máis recentes publicadas por cada país.

Índice de prezos de consumo sen produtos enerxéticos de España: as hipóteses elabóraas o IGE en función da evolución do índice así como das previsións dos distintos organismos.

Tipo de cambio dólar/euro: utilízanse os supostos sobre a evolución que prevé o Banco de España.

Prezo do petróleo Brent: utilízanse os supostos sobre a evolución que prevé o Banco de España.

Ecuacións

A continuación descríbense brevemente as ecuacións empregadas. En todas elas a frecuencia de observación é trimestral e as series foron axustadas de estacionalidade e calendario.

Demanda de traballo

A demanda de traballo queda determinada a partir da función de produción e das condicións de primeira orde de maximización dos beneficios da empresa representativa.

Demanda de capital

Ao igual que coa demanda de traballo, na teoría a demanda de capital a largo prazo derívase da función de produción e da condición de primeira orde de maximización de

beneficios. Na ecuación do modelo depende do produto interior bruto e do tipo de interese nominal das sociedades non financeiras.

Oferta de traballo

A ecuación da oferta de traballo (poboación activa) indica que depende da poboación en idade de traballar e da taxa de paro.

Consumo privado

Na ecuación do consumo final dos fogares a única variable explicativa como tal é o PIB, que actúa como aproximación á renda dos fogares.

Exportacións ao resto de España

As exportacións galegas ao resto de España dependen da demanda interna española e dun índice de competitividade, medido a través dos prezos de exportación dos países competidores no mercado do resto de España.

Exportacións ao resto do mundo

As exportacións ao resto do mundo dependen principalmente dun indicador de demanda mundial.

Importacións

As importacións dependen da demanda interna.

Deflactor do PIB

A ecuación que describe o deflactor do PIB considera que a súa evolución depende do custo laboral, do índice xeral de prezos de exportación dos países competidores, da inversa da relación capital – produto e da produtividade total dos factores.

Deflactor de exportacións ao resto de España

O deflactor de exportacións ao resto de España depende dos prezos internos, aproximados polo deflactor do PIB, e dos prezos de exportación dos competidores do resto de España.

Deflactor de exportacións ao resto do mundo

O deflactor de exportacións ao resto do mundo depende do prezo de exportación dos países competidores do resto do mundo.

Deflactor de importacións

O deflactor de importacións depende dos prezos internos e dos prezos externos dos provedores.

Custo laboral

A ecuación de custo laboral mostra que a súa evolución depende da produtividade marxinal do traballo a prezos correntes.

Previsión a medio prazo

Para a previsión a medio prazo séguese a metodoloxía da Comisión Europea para o cálculo do output gap (EUCAM). Considéranse as previsións a curto prazo e imponse a condición de que o output gap se peche no horizonte da proxección, co que se obtén a previsión de crecemento do PIB.

Unha vez dispoñible o PIB, empréganse distintas técnicas econométricas (modelos de vectores autorregresivos, modelos de vectores autorregresivos bayesianos, estimación lineal) para estimar os agregados de demanda. En función dos resultados obtidos, unha vez agregados e conciliados co PIB, selecciónase a previsión que se considere más factible e realista.

O ESCENARIO FINANCEIRO.

III. O ESCENARIO FINANCEIRO.

III.1. ENTORNO DE MERCADO.

Despois do ciclo de subas dos tipos de xuro iniciado polo Banco Central Europeo (BCE) no ano 2022, destinado a conter as fortes presións inflacionistas derivadas da crise enerxética e da recuperación pospandemia, a autoridade monetaria europea optou por unha pausa prolongada durante 2023 e o inicio de 2024. A partir de xuño de 2024, unha vez confirmada a moderación tanto da inflación xeral como da subxacente, o BCE iniciou un proceso gradual de redución dos tipos oficiais con baixadas acumuladas de 235 puntos básicos ata mediados de 2025, o que marca unha transición cara a unha política monetaria menos restritiva, en coherencia coa mellora do contexto macroeconómico e financeiro da zona do euro.

As decisións do BCE sustentáronse na consolidación dunha tendencia de moderación dos prezos —tanto nos compoñentes enerxéticos como na inflación subxacente— e nunha evolución máis sólida da actividade económica e do mercado laboral, que reduciu a necesidade de manter un nivel de tipos tan elevado como o dos exercicios previos. Segundo as proxeccións do BCE, a inflación xeral situaríase no 2,1 % en 2025, no 1,7 % en 2026 e no 1,9 % en 2027, mentres que a inflación subxacente se prevé en 2,4 %, 1,9 % e 1,8 % neses mesmos anos, respectivamente. O crecemento do PIB da zona do euro estímase no 1,2 % en 2025, 1,0 % en 2026 e 1,3 % en 2027, o que reflicte unha recuperación gradual e sostida da actividade.

En paralelo, a Reserva Federal dos Estados Unidos (FED) seguiu unha estratexia máis moderada na redución de tipos tras o máximo alcanzado en 2023, buscando estabilizar a inflación arredor do 2 % sen comprometer o crecemento nin o emprego.

Nun plano máis amplo, o actual contexto económico está condicionado pola evolución das tensións comerciais internacionais. O repunte dos aranceis e das medidas proteccionistas vivido nos últimos meses deu paso a unha etapa máis estable, cunha certa distensión nas relacións entre os principais bloques económicos, aínda que persisten riscos asociados á reconfiguración das cadeas globais de subministración e ás políticas industriais estratéxicas de Estados Unidos, China e a Unión Europea.

Ao mesmo tempo, a escalada bélica en Oriente Medio e a prolongación do conflito en Ucraína seguen xerando incerteza xeopolítica, impacto sobre os prezos da enerxía e presión sobre os orzamentos públicos europeos. A crecente necesidade de reforzar as políticas de defensa está a converterse nun factor adicional de tensión fiscal, en tanto os Estados membros da Unión Europea buscan cumprir os compromisos de incremento do gasto militar sen comprometer os obxectivos de consolidación orzamentaria.

En conxunto, estímase que factores como a competencia global, a apreciación do euro e o recente episodio arancelario poderían moderar o ritmo de crecemento a curto prazo. Con todo, espérase que o impacto destes elementos se atenúe progresivamente ao longo do próximo ano, nun contexto de maior confianza empresarial, recuperación da demanda interna e estabilidade financeira.

		30.09.2025	Variación 2025	Variación interanual
Tipos referencia bancos centrais	BCE	2,00%	-100 pb.	-150 pb.
	FED	4,25%	-25 pb.	-75 pb.
Tipos xuro 3 meses	Eurozona	2,03%	-80 pb.	-140 pb.
	EE.UU.	4,01%	-30 pb.	-62 pb.
Tipos xuro 12 meses	Eurozona	2,17%	-27 pb.	-77 pb.
	EE.UU.	3,96%	-43 pb.	-2 pb.
Tipos débeda 10 anos	Alemaña	2,70%	24 pb.	-58 pb.
	EE.UU.	4,15%	-42 pb.	-35 pb.
Índices renda variable	Euro Stoxx 50	5.529,96	12,88%	10,59%
	S&P 500	6.688,46	16,07%	12,02%
Divisas	EUR/USD	1,17	11,96%	5,64%

III.2. EVOLUCIÓN RECENTE DOS MERCADOS FINANCEIROS.

Tras o cambio de rumbo na política monetaria iniciada en xuño de 2024, o Banco Central Europeo (BCE) consolidou ao longo de 2025 unha senda claramente expansiva. En apenas doce meses, os tipos de intervención acumulan unha baixada de 235 puntos básicos, corrixindo con forza o ciclo de endurecemento anterior. Este movemento responde ao enfriamento das expectativas inflacionistas e ao debilitamento de certos indicadores de actividade, o que levou ao BCE a priorizar a reactivación do crédito e o estímulo do investimento fronte á contención dos prezos. A institución procurou, ademais, enviar unha mensaxe de confianza aos mercados, marcando un punto de inflexión tras case dous anos de política restritiva.

Nos Estados Unidos, a Reserva Federal seguiu unha traxectoria semellante, aínda que con matices tanto económicos como políticos. A redución dos tipos de referencia nos primeiros meses de 2025 foi máis moderada, mais igualmente relevante, nun contexto no

que a inflación amosa sinais de moderación e o crecemento económico perde pulo. O proceso non estivo exento de controversia: o presidente estadounidense, Donald Trump, instou publicamente a unha baixada máis temperá dos tipos, o que xerou certa tensión coa Reserva Federal, decidida a preservar a súa independencia institucional e a credibilidade ante os mercados.

No Reino Unido, o Banco de Inglaterra mantivo un compás semellante. As baixadas de tipos iniciadas en 2024 continuaron durante 2025, co obxectivo de contrarrestar o enfraquecemento da demanda interna e apoiar un mercado laboral que comezaba a dar sinais de fatiga. A política monetaria británica procura así estabilizar a economía nun contexto de incerteza e desaceleración global.

O caso do Xapón resulta, con todo, ben distinto. Tras máis dunha década con tipos en negativo, o Banco do Xapón iniciou en 2024 un proceso gradual de suba dos tipos de xuro, continuidade que se mantivo ao longo de 2025. As razóns desta evolución atópanse na progresiva recuperación da inflación —que por primeira vez en moitos anos superou o 2 %— e na vontade das autoridades xaponesas de normalizar unha política monetaria extraordinariamente laxa. Esta estratexia pretende reducir os riscos asociados á debilidade do ien e á excesiva dependencia do crédito barato, ao tempo que consolida un escenario de crecemento máis sostible.





Como consecuencia conxunta das medidas de intervención adoptadas polos principais bancos centrais e, en definitiva, da política de relaxación monetaria implementada ao longo dos últimos exercicios, observouse un impacto significativo sobre os tipos de xuro de mercado.

Nos Estados Unidos, o tipo de xuro a tres meses reduciuse nos nove primeiros meses de 2025 en 30 puntos básicos e en 62 puntos básicos no conxunto dos últimos doce meses, acumulando ademais unha baixada adicional de 108 puntos básicos entre setembro de 2023 e setembro de 2024. No prazo a doce meses, a caída foi de 43 puntos básicos nos tres primeiros trimestres de 2025, de só 2 puntos básicos no último ano, e de 187 puntos básicos no período comprendido entre setembro de 2023 e setembro de 2024.





Na zona euro, o Euríbor tamén reflicte esta tendencia baixista. O tipo a tres meses diminuíu en 68 puntos básicos no que vai de 2025, en 125 puntos básicos nos últimos doce meses e en 67 puntos básicos entre setembro de 2023 e setembro de 2024. Pola súa banda, o Euríbor a doce meses rexistrou unha redución de 27 puntos básicos nos primeiros nove meses de 2025, de 56 puntos básicos no último ano —de setembro de 2024 a setembro de 2025— e de 148 puntos básicos nos 12 meses anteriores. En conxunto, estas cifras confirman unha clara dinámica de relaxación das condicións financeiras nos mercados, coherente coa fase expansiva da política monetaria global.





En relación cos mercados de débeda, a relaxación das condicións monetarias iniciada a mediados de 2024 tivo un impacto inmediato na redución dos rendementos da débeda pública, especialmente nos tramos medios e longos da curva. Porén, durante 2025 observouse unha moderada corrección á alza dos tipos de mercado, que reflicte o novo equilibrio entre as expectativas de política monetaria e o aumento das tensións fiscais e xeopolíticas.

Nos países considerados "core", o bono americano a 10 anos pechou o mes de setembro no entorno do 4,15%, e Alemaña cotizando a mesmo prazo no 2,7%.





En España a rendibilidade do seu bono a 10 anos pechou setembro no entorno do 3,25%, isto é, 19 puntos básicos por enriba do seu nivel de final de ano.



Polo que se refire a prima de risco, a relaxación da política monetaria permitiu unha caída da prima española de 16 puntos básicos, pasando de 70 a 54 puntos. Esta caída sitúa a prima en niveis que non se observaban desde 2009.

En paralelo, a prima de risco doutros países do sur de Europa, como Italia, Portugal e Grecia, mostrou unha evolución similar. Con todo, un caso paradigmático é o de Francia, cuxa prima de risco rexistra valores elevados debido á inestabilidade política interna e ao seu desempeño fiscal. En 2024, a prima de risco francesa igualouse por primeira vez desde 2007 coa española, e en 2025 este diferencial ampliouse, reflectindo unha maior percepción de risco por parte dos investidores en relación coa débeda francesa.



En 2025, a evolución dos principais índices bolsistas experimentaron un comportamento positivo, impulsados principalmente polos bos resultados corporativos e pola confianza dos investidores na recuperación económica. Como consecuencia, o S&P 500 alcanzou máximos históricos. Tamén os principais índices europeos rexistraron avances destacables: o EURO STOXX 50 beneficiouse da estabilidade das políticas monetarias do BCE e da mellora da confianza empresarial; mentres que o IBEX 35 e o PSI 20 mostraron fortes ganancias, sustentadas pola recuperación do consumo interno e polo bo desempeño de sectores estratéxicos como enerxía, tecnoloxía e servizos financeiros.

	Valor índice 30.09.25	Variación 2025	Variación interanual
S&P 500	6.688,46	12,02%	16,07%
Euro Stoxx 50	5.529,96	12,88%	10,59%
IBEX 35	15.475,00	34,20%	30,29%
PSI 20	7.957,62	24,78%	16,88%

Finalmente, polo que se refire ao mercado de divisas, ao longo do último ano, o euro mostrou unha apreciación significativa fronte a divisas clave como o dólar estadounidense, o ien xaponés e a libra esterlina. Esta evolución reflíctese nunha maior percepción de estabilidade e confianza na zona euro, sustentada pola consolidación da recuperación económica, a estabilidade das políticas monetarias do BCE e a mellora do mercado laboral. Ao

mesmo tempo, factores externos contribuíron a fortalecer o euro: a incerteza económica e política en Estados Unidos, Xapón e Reino Unido, xunto a preocupacións sobre políticas fiscais e desequilibrios estruturais nese contexto, provocaron unha maior demanda relativa da moeda europea fronte a estas divisas.



Cambio divisas fronte ao Euro

	USD/EUR	JPY/EUR	CHF/EUR	GBP/EUR
30.09.2025	1,17	173,55	0,94	0,87
Variación 2025	11,96%	7,74%	0,12%	4,94%
Variación interanual	5,64%	9,09%	-0,68%	3,42%

En resumo, a evolución dos últimos meses reflicte un contorno financeiro global máis estable e optimista, tras o período de relaxación monetaria iniciado polos principais bancos centrais. Esta mellora proporcionou apoio aos mercados de renda variable, que continuaron a súa revalorización, e tamén contribuíu a reducir a volatilidade nos mercados de débeda pública. Con todo, a persistencia de riscos xeopolíticos, como os conflitos en Ucraína e Oriente Medio, xunto co incremento do gasto en defensa e as presións fiscais asociadas, manteñen un nivel de incerteza relevante que podería condicionar a evolución futura dos mercados financeiros. Neste contexto, a capacidade dos bancos centrais de adaptar a súa política monetaria ás novas circunstancias e de xestionar as expectativas dos investidores seguirá sendo un factor determinante para a estabilidade e a confianza nos mercados.

III.3. ESTRATEXIA DE EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE ENDEBEDAMENTO 2025

I.3.1 Execución do Programa de endebedamento 2025.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Facenda e Administración Pública, está a completar con éxito o programa de endebedamento de 2025.

As necesidades de endebedamento de 2025 ascenden a 1.634,30 millóns de euros, que se corresponden cos vencementos de débeda do exercicio, máis o importe para financiar a devolución adiada das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009.

Concepto	Importe
Financiamento de amortizacións de débeda	1.549,49
Financiamento de dev. liquidac. negativas	84,81
Financiamento déficit	0,00
TOTAL	**1.634,30**

(datos en millóns de euros; fonte Consellería de Facenda e AP)

Para atender estas necesidades, a 30 de setembro de 2025 formalizáronse operacións por importe de 1.340,5 millóns de euros, o que supón o 82% do programa de endebedamento.

A execución do programa de endebedamento realizouse mediante 9 préstamos bilaterais por importe de 840,5 millóns de euros e unha emisión pública sostible por importe de 500 millóns de euros.

A vida media das operacións é de 7 anos e o custo medio é do 2,6%.

Resumo das operacións:

Modalidade	Importe	Núm. operacións	%
Préstamos	840,5	9,0	63%
· BEI	198,0	1,0	15%
· CEB	42,5	1,0	3%
· Entidades privadas	600,0	7,0	45%
Emisións	500,0	1,0	37%
TOTAL	**1.340,5**	**10,0**	**100%**

(datos en millóns de euros; fonte Consellería de Facenda e AP)

As operacións desembolsadas co CEB (42,5 millóns de euros) e BEI (198 millóns de euros) correspóndense con operacións formalizadas en 2022 e 2023 respectivamente. Co BEI formalizouse en 2025 unha operación adicional por importe de 160 millóns de euros vinculada ao proxecto de ampliación e construción do novo CHUAC (non está previsto o desembolso en 2025).

Formalizouse una emisión de débeda pública en formato sostible por importe de 500M euros a un prazo de 7 anos e un tipo do 2,87%. A ampla demanda de investidores, tanto domésticos como internacionais, puxo de manifesto a confianza dos investidores na economía e nas finanzas da Comunidade.

O 60% do programa de endebedamento de 2025 formalizouse en formato sostible (a emisión de 500 millóns de euros e 4 operacións formalizadas con entidades privadas por importe de 300 millóns de euros).

I.3.2 Custes de financiamento.

Analizando os resultados da execución do programa en termos de custes financeiros, observase unha moderación no custe das operacións formalizadas en 2025 en comparación con 2023 e 2024, como consecuencia da redución experimentada nos tipos de xuros froito do cambio de ciclo da política monetaria do BCE.

Deste xeito o custe medio das operacións formalizadas ao longo do ano 2025 ascendeu ata o 2,60%, fronte ao 3,13% do ano anterior, o que supón unha redución de 53 puntos básicos.

A pesar do forte incremento que experimentaron os tipos de xuros a partir do ano 2021, a estrutura da carteira de débeda da Xunta de Galicia está permitindo suavizar o impacto derivado do endurecemento das condicións de financiamento. Así, o custe medio da carteira de débeda viva mantense en parámetros moi contidos, finalizando o terceiro trimestre de 2025 no 1,62%.

I.3.3 Estrutura da carteira de débeda.

A estratexia desenvolvida pola Xunta de Galicia nos anos anteriores permitiu ir modulando unha estrutura da carteira de débeda protexida a curto e medio prazo do impacto derivado do endurecemento dos tipos de xuro.

Con datos do terceiro trimestre de 2025, cerca do 82% da débeda da Xunta de Galicia está formalizada a tipo de xuro fixo, o que permitiu reducir o risco derivado da suba de tipos de xuro. Por outro lado, o alargamento da vida media da carteira realizado

nos anos precedentes reduciu a porcentaxe de débeda que ten que refinanciarse nos próximos anos.



O Mecanismo de Facilidade Financeira supón o 13% da débeda a 30 de setembro de 2025.

Dende que a partir do ano 2019 se modificarán as condicións financeiras dos mecanismos de liquidez do Estado esta fonte de financiamento foi perdendo peso na estrutura da carteira de débeda da Xunta de Galicia.



I.3.4 Financiamento sustentable.

En 2020 a Xunta de Galicia foi unha das primeiras comunidades autónomas en aprobar un marco de financiamento sustentable, a través do cal visibilizaba o seu compromiso coa sustentabilidade, reforzaba a súa reputación como administración responsable cos obxectivos de desenvolvemento sostible e estimulaba ao resto de axentes públicos e privados a adoptar compromisos en materia social e ambiental.

Coa aprobación do novo Plan Estratéxico de Galicia para o período 2022-2030, no ano 2024 aprobouse un novo marco de financiamento, a través do cal Galicia persegue desempeñar un papel destacado no desenvolvemento do financiamento sostible, potenciando a súa capacidade para canalizar máis investimentos cara a proxectos beneficiosos para a sociedade e o medio ambiente.

Deste xeito, dende 2020 a CA de Galicia formaliza unha parte cada vez máis significativa en formato sostible.

	2020	2021	2022	2023	2024	2025	TOTAL
Emisións	500	550		500	500	500	2550
Préstamos sustentables			380	400	532	300	1.612
Préstamos verdes				100			100
TOTAL FINANCIAMETO SUSTENTABLE	**500**	**550**	**380**	**1.000**	**1.032**	**800**	**4.262**

I.3.5 Endebedamento a curto prazo

A Xunta de Galicia conta con pólizas de crédito a corto prazo por importe de 845M, formalizadas con 7 entidades financeiras, para atender as necesidades transitorias de tesourería que poidan xurdir ao longo do exercicio.

En 2025, o atraso do Goberno do Estado na actualización dos importes das entregas a conta do SFA obrigou a recorrer a estas pólizas durante o primeiro semestre do ano. O saldo medio mensual foi de 400 millóns de euros o que tivo un custo financeiro de 5 millóns de euros.

III.4. ESTRATEXIA DE EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE ENDEBEDAMENTO 2026

I.4.1 Execución programa endebedamento a longo prazo.

Para o ano 2026, as necesidades de endebedamento previstas nos orzamentos aprobados ascenden a 1.728,58 millóns de euros, isto supón incremento do 5,77% con respecto ao exercicio anterior.

Porén, este incremento das necesidades de financiamento débese exclusivamente ao aumento do importe correspondente á débeda que vence ao longo do exercicio e, polo tanto, non supón un incremento do endebedamento neto, nin detrae recursos do orzamento, xa que esta devolución se financia con novas emisións de débeda.

Concepto	2026	2025	Variación	%
Financiamento de amortizacións de débeda	1.643,77	1.549,59	94,18	6,08%
Financiamento de dev. liquidac. Negativas	84,81	84,81	0	0,00%
Financiamento déficit	0	0	0	0,00%
TOTAL	**1.728,58**	**1.634,30**	**94,28**	**5,77%**

Na mesma liña que nos anos anteriores, a execución do programa de financiamento virá marcada pola prudencia na xestión do endebedamento e a diversificación nos provedores e investidores financeiros, a través de préstamos bilaterais con entidades financeiras, préstamos bilaterais con entidades públicas e a emisión de débeda pública.

As características previstas de cada unha destas modalidades de financiación son as seguintes:

Préstamos con entidades financeiras privadas:

- Operacións a tipo de xuro variable ou tipo de xuro fixo sen custes de amortización anticipada.
- Prazos de vencementos entre 5-10 anos

Prestamos bilaterais con entidades publicas:

- Organismos: BEI e CEB
- Operacións a tipo de xuro variable, tipo de xuro fixo ou tipo xuro fixo revisable.
- Prazos de vencementos longos (máis de 10 anos) para gañar maduración na carteira e aproveitar as vantaxosas condicións de financiamento que, polo xeral, ofrecen estes organismos.

Emisión de débeda pública:

- Operación a tipo de xuro fixo
- Importe mínimo 500M euros
- Formato sustentable

O calendario de execución do programa de endebedamento virá condicionado notablemente polos vencementos mensuais de débeda, se ben irá adaptándose á evolución dos mercados financeiros ao longo do exercicio.



(datos en millóns de euros; fonte Consellería de Facenda e AP)

Tendo en conta este calendario e a distribución por modalidades de financiación, no seguinte cadro figura unha estimación do calendario de execución do programa de endebedamento de 2026:

Previsión execución	Importe
1º trimestre	460
2º trimestre	476
3º trimestre	495
4º trimestre	297
Total	**1.728**

(Datos en millóns de euros; Fonte Consellería de Facenda e AP)

Estimamos un tipo de xuro medio por debaixo do 3% e unha vida media de 7 anos para as operacións a formalizar en 2026.

I.4.2 Endebedamento a curto prazo

A Xunta de Galicia conta con pólizas de crédito a corto prazo por importe de 845M, formalizadas con 7 entidades financeiras, para atender as necesidades transitorias de tesourería que poidan xurdir ao longo do exercicio.

Do mesmo xeito que nos anos 2024 e 2025, as dificultades do Goberno do Estado para aprobar os seus orzamentos poderían derivar na non actualización das entregas a conta do sistema de financiamento autonómico, o que se prevé que provoque tensións de liquidez na tesourería da comunidade autónoma durante o primeiro semestre do ano.

III.5. ANÁLISIS DA PROPOSTA DE ASUNCIÓN PARCIAL DE DÉBEDA AUTONÓMICA POR PARTE DO ESTADO .

Antecedentes políticos e económicos do acordo.

A orixe da proposta de asunción parcial da débeda autonómica remóntase ao acordo político alcanzado entre o Goberno de España e Esquerra Republicana de Catalunya (ERC) en novembro de 2023, no marco das negociacións para a investidura do Presidente do Goberno. O devandito acordo incluía o compromiso de asumir por parte do Estado ata o 20 % da débeda autonómica mantida co Fondo de Liquidez Autonómica (FLA), co obxectivo de corrixir os desequilibrios financeiros acumulados durante a crise financeira.

Aprobación no Consejo de Política Fiscal y Financiera.

A partir dese compromiso inicial, o Ministerio de Hacienda elaborou unha proposta para estender o mecanismo de asunción a todas as comunidades autónomas de réxime común, de modo que o proceso puidese presentarse no seo do Consejo de Política Fiscal y Financiera (CPFF) como unha medida de carácter xeral e non exclusiva para unha soa comunidade.

O 26 de febreiro de 2025, durante a sesión do dito Consejo, o Goberno do Estado someteu a consideración unha proposta de acordo para que o Estado asumise unha parte da débeda das Comunidades Autónomas de réxime común. Aínda que a maioría das Comunidades Autónomas negáronse a votar o acordo, este foi aprobado unicamente co voto favorable da Administración Central e as Comunidades Autónomas de Cataluña, Castilla La Mancha e Asturias.

Natureza do acordo.

O acordo aprobado no CPFF establece que o Estado asumirá 83.252 millóns de euros do pasivo autonómico das comunidades de réxime común de acordo á seguinte distribución:



O importe asignado a cada comunidade autónoma determinouse conforme a unha metodoloxía de distribución establecida polo Ministerio de Hacienda baseada na aplicación de diferentes criterios. O criterio de poboación axustada constitúe o factor principal de repartición, ao representar o 72% do importe total. O 28% restante distribuíuse en función doutros criterios vinculados a limiares mínimos e máximos de asunción e financiamento axustada e ao exercicio de competencias normativas en IRPF no período 2010-2022.

Anteproxecto de Lei Orgánica de medidas excepcionais de sustentabilidade financeira para as CCAA.

O 2 de setembro de 2025, o Consejo de Ministros aprobou o Anteproxecto de Lei Orgánica de medidas excepcionais de sustentabilidade financeira para as Comunidades Autónomas de réxime común, establecendo o marco xurídico para a asunción por parte do Estado dunha parte da débeda autonómica, fundamentalmente a contraída a través do Fondo de Liquidez Autonómica (FLA) e outros mecanismos estatais de financiamento.

Os obxectivos que persegue a norma son mellorar a sustentabilidade financeira das comunidades autónomas, mediante a redución do importe nominal da súa débeda e da carga financeira futura asociada á mesma e apoiar a recuperación da plena autonomía financeira por parte das comunidades autónomas de réxime común, facilitando o seu acceso aos mercados financeiros.

A norma regula o procedemento de subrogación de débeda, as condicións e límites da operación, así como a neutralidade orzamentaria da medida en termos de consolidación de débeda pública.

Así mesmo, introduce modificacións na Lei Orgánica de Financiamento das Comunidades Autónomas (LOFCA) e na normativa do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas.

Procedemento de consulta pública previa e trámite de audiencia.

Entre o 14 e o 30 de maio o Ministerio de Hacienda realizou o trámite de consulta pública previa de conformidade co previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e o artigo 26.2 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Con data 30 de maio, a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Facenda e Administración Pública, presentou ante o Ministerio de Hacienda un escrito de alegacións no que se recollen os motivos polos que a Xunta de Galicia está en total desacordo, tanto coa forma como co fondo, coa medida de asunción de parte da débeda autonómica polo Estado.

Tras a aprobación do Anteproxecto de Lei na reunión do Consejo de Ministros do 2 de setembro, o 4 de setembro o Ministerio de Hacienda remitiu á Consellería de Facenda o texto do Anteproxecto e, en cumprimento do disposto no artigo 26.6 da Lei do Goberno e no artigo 82.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, someteu a trámite de audiencia o citado anteproxecto de lei, concedendo un prazo dun mes para presentar as alegacións oportunas.

Con data 3 de outubro, a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Facenda e Administración Pública, presentou ante o Ministerio de Hacienda un escrito de alegacións no que se recollen os motivos polos que a Xunta de Galicia rexeita a medida da asunción de parte da débeda autonómica polo Estado que recolle o Anteproxecto de Lei.

Motivos de oposición á medida de asunción parcial da débeda autonómica.

Os motivos polos que a Xunta de Galicia rexeita a medida son os seguintes:

1. A proposta é contraria aos principios de lealdade institucional e coordinación da Lei Orgánica de Financiamento das CCAA.

A presentación no Consejo de Política Fiscal y Financiera foi un mero trámite, xa que o acordo deriva realmente dunha negociación entre o Goberno de España e a formación política Esquerra Republicana de Cataluña, polo que non houbo un verdadeiro marco de consulta e diálogo multilateral.

2. Non permitirá alcanzar o obxectivo de recuperar a autonomía financeira de determinadas CCAA a través do seu retorno paulatino aos mercados.

A medida de asunción parcial de débeda non vai supoñer unha mellora significativa das métricas de débeda daquelas comunidades que están en peor situación financeira. Segundo os parámetros que adoitan utilizar as axencias de rating, aquelas comunidades cunha cociente débeda sobre ingresos correntes superior ao 175% non están en condicións de financiarse nos mercados e a asunción de débeda proposta non permitiría alcanzar esta situación a todas as CCAA.

3. Vulnera o principio de responsabilidade.

Este principio establece que cada Administración debe responder dos seus propios compromisos financeiros. Está recollido no artigo 8.2 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e no artigo 125 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (cláusula de non asunción de débedas).

O Anteproxecto non xustifica os motivos para excluír as medidas deste principio, cuxa exoneración debe estar suxeita en calquera caso a unha estrita condicionalidade, tal e como estableceu o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, o que non sucede neste caso.

4. Non contribuirá a mellorar a sustentabilidade financeira de España.

Dado que se trata dunha medida que non afecta á débeda do conxunto das Administracións Públicas, non contribuirá a mellorar a sustentabilidade financeira das AAPP. Tanto

é así, que o artigo 5 do anteproxecto recolle este principio de neutralidade no impacto en déficit e débeda pública do conxunto do Reino de España.

Unicamente supón unha redistribución da débeda entre os distintos niveis da administración. A Administración Central, ao asumir a débeda autonómica, dispoñerá de menos recursos, o que afectará á súa capacidade para realizar investimentos nas CCAA.

MUTUALIZACIÓN DA DÉBEDA

CONCEPTO	ADM. CENTRAL	CCAA	TOTAL
DÉBEDA IIT 2025	1.210.760	342.719	1.553.479
ASUNCIÓN DE DÉBEDA	83.252	-83.252	0
DÉBEDA POST ASUNCIÓN	1.294.012	259.467	1.553.479

Datos en millóns de euros

Ademais, pode supoñer unha perda de credibilidade, tanto institucional como económica, e introduce un preocupante elemento de risco moral, como xa puxeron de manifesto a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal e as principais axencias de rating.

5. Utilizáronse criterios políticos para a determinación dos importes.

Apréciase unha evidente arbitrariedade e falta de equidade na elección dos criterios por parte do Ministerio de Hacienda, que busca conseguir uns determinados resultados fixados a priori.

O 72% do importe total asumido determínase atendendo á poboación axustada, que constitúe o criterio basee utilizado para a distribución dos recursos do sistema de financiamento autonómico, comunmente aceptado polos expertos como un criterio transparente, obxectivo e equitativo.

O 28% restante (23.020 millóns de euros) determinouse mediante criterios políticos, carentes de lóxica, equidade e razonabilidad técnica, o que dá lugar a unha distribución profundamente asimétrica entre CCAA.

A aplicación destes criterios implica que Galicia queda excluída na aplicación destes criterios, mentres que para outras comunidades representa o 40% do importe total.



Así mesmo, a asunción de débeda por habitante axustado, que debería ser o único criterio a considerar no seu caso, reflicte que as comunidades máis beneficiadas pola medida reciben un 67% máis que Galicia.



6. O procedemento para a asunción de débeda non é transparente.

O Anteproxecto recolle criterios para a determinación das operacións elixibles que non son transparentes e que parece que teñen por obxectivo minimizar a carga financeira para o Estado.

7. Non incrementa a capacidade de gasto das CCAA.

Como xa puxo de manifesto a AIReF, nin o importe da débeda asumida polo Estado nin a liberación de recursos polos xuros que se deixarán de devindicar pola mesma, poderán destinarse a aumentar o gasto polas Comunidades Autónomas.

O artigo 10 do Anteproxecto recolle expresamente o principio de neutralidade a efectos do cumprimento dos obxectivos de estabilidade, débeda pública e regra de gasto. Desta maneira, a medida proposta de asunción parcial de débeda non se traducirá, en ningún caso, nun incremento efectivo da capacidade de gasto das comunidades autónomas.

Tal e como xa viña recollido no documento sometido ao trámite de consulta pública previa o pasado mes de maio, e conforme ao disposto na LOEPSF, a referencia que fai o artigo 10 do anteproxecto implica que nin o importe da débeda asumida polo Estado nin a liberación de recursos polos intereses que se deixarán de devindicar pola mesma, poderán destinarse a aumentar o gasto polas Comunidades Autónomas.

É dicir, estes recursos non se poderán aplicar a novas políticas públicas, investimentos ou mellora dos servizos esenciais xa que os límites de déficit, débeda e regra de gasto recolleitos na citada lei orgánica continúan operando como límites efectivos, mantendo o teito orzamentario sen alteracións significativas.

No caso de que a comunidade quixese aplicar os aforros por intereses ao reforzo do Estado de Benestar, implicaría o incumprimento efectivo da regra de gasto, dado que os intereses non forman parte do gasto computable a efectos do cálculo da mesma, mentres que o gasto social si, é dicir, xeraríase un gasto computable máis alto, co que aumentaría o risco de incumprimento.

A título de exemplo recóllese a continuación o impacto que sobre a regra de gasto tería a medida nos Orzamentos da CA de Galicia para o ano 2026:

CONCEPTO	ACTUAL LÍMITE		IMPACTO DIMINUCIÓN XUROS		AXUSTE PARA CUMPRIR AS REGRAS	
	2026	% 26/25	2026	% 26/25	2026	% 26/25
INGRESOS PROPIOS LIBRES	12.550,0		12.550,0		12.550,0	
AXUSTE DE CONTABILIDAD NACIONAL	-129,2		-129,2		-129,2	
SUPERÁVIT	-145,0		-145,0		(3) -187,0	
TOTAL RECURSOS PROPIOS AUTONÓMICOS	12.275,8		12.275,8		12.233,8	
AXUSTES GASTO	-671,2		(1) -629,2		-629,2	
TOTAL GASTO COMPUTABLE	**11.604,6**	**3,50%**	**11.646,6**	(2) **3,90%**	(4) **11.604,6**	**3,50%**
RECURSOS FINALISTAS	1.963,8		1.963,8		1.963,8	
TOTAL GNF (recursos propios aut.+finalistas)	14.239,6		14.239,6		14.197,6	

(1) A redución da carga financeira (estimamos que a asunción de débeda xeraría un aforro de 42 mill.€) provoca unha redución do gasto deducible, aumentando o gasto computable.

(2) Isto provocaría que se incumprise a regra de gasto (a porcentaxe de variación incrementaríase do 3,5% ao 3,9%).

(3) Para evitar este incumprimento, sería necesario dedicar o aforro en XUROS a xerar maior superávit, o que daría lugar a unha caída do límite de gasto por baixo do aprobado no teito de gasto (4).

Por tanto, coas regras existentes, non se pode destinar o aforro en xuros a maior gasto, senón que se ten que dedicar necesariamente a xerar máis superávit.

Así pois, desde esta perspectiva, a medida incluída no Anteproxecto, carece de impacto directo sobre a economía real ou sobre o benestar da cidadanía. Estamos, pois, ante unha medida que unicamente constitúe unha mutualización da solvencia financeira entre comunidades autónomas, de tal forma que as comunidades máis solventes ceden solvencia en favor das máis endebedadas, sen ningún tipo de condicionalidade nin contrapartida.

8. O Anteproxecto modifica a LOFCA e o Real Decreto que regula o FFCCAA sen acordo previo do CPFF.

Ambas as normas entran dentro do ámbito de aplicación do artigo 3 da LOFCA e, por tanto, deberían coñecerse previamente no seo do Consejo de Política Fiscal y Financiera.

9. Non se xustifica a idoneidade desta medida fronte a outras alternativas, como a reestruturación da débeda.

A reestruturación é unha medida de alivio da carga financeira, que en termos financeiros pode ter os mesmos efectos, que non presenta os graves problemas do risco moral inherente á asunción de débeda.

10. A aplicación da medida recollida no Anteproxecto de lei produce unha deterioración financeira aos galegos.

O conxunto da cidadanía galega pasará a asumir débeda xerada por outras comunidades por importe de 4.622 millóns de euros, fronte aos 4.010 millóns de euros que asumiría ao Estado, co que a medida tería un custo de máis de 600 millóns de euros para o conxunto dos galegos.

EFECTOS DA ASUNCIÓN DE DÉBEDA PARA GALICIA

CONCEPTO	Débeda CA de Galicia que asumiría o Estado	Cuota de Débeda autonómica mutualizada que correspondería a Galicia	Perxuízo financeiro para Galicia
Importe total (millones €)	4.010	4.622	612
Importe per cápita (€)	1.477	1.702	226

Adicionalmente, isto tamén terá o seu correspondente reflexo sobre os gastos financeiros da débeda que deixarían de pagar as comunidades autónomas e que pasaría a pagar o Estado, con cargo aos seus Orzamentos Xerais e que, evidentemente, deberá detraer doutras partidas de gastos e investimentos:

Segundo as estimacións realizadas pola Consellería de Facenda, a asunción de débeda autonómica por importe de 83.254 millóns de euros supoñería uns intereses de 1.200

millóns de euros anuais que tería que asumir o Estado e que, por tanto, tamén se mutualizarían entre todos os españois, correspondéndolle aos galegos 66 millóns de euros nunha repartición por poboación.

A asunción de 4.010 millóns de euros de débeda de Galicia que contempla o acordo, apenas supoñería un aforro anual en intereses para a comunidade de 42 millóns de euros.

Por tanto, os galegos deixarían de soportar 42 millóns de euros de intereses de débeda autonómica, pero a cambio, soportarían 66 millóns de euros de intereses de débeda doutras comunidades.

En conclusión, a melloría que esta medida puidese producir nas finanzas das administracións autonómicas, como consecuencia da asunción polo Estado dunha parte da súa débeda, será circunstancial e conxuntural, ao non abordarse o verdadeiro problema para a sustentabilidade financeira das comunidades autónomas que é a reforma do sistema de financiamento autonómico.

O PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA.

Informe económico e financieiro

IV. O PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA.

IV.1. INTRODUCIÓN

O Plan Estratéxico de Galicia (PEG) é a principal ferramenta de planificación do goberno galego onde se deseñan as liñas estratéxicas de actuación que convertan a Galicia nunha rexión máis verde, máis dixital, máis resiliente e mellor adaptada aos retos actuais e futuros, que converxa en riqueza coa media española e europea, a partires dun modelo de crecemento sostible e inclusivo baseado no aumento da produtividade a través da innovación, a internacionalización, o apoio ás transicións ecolóxica e dixital, o fomento da calidade do emprego e do produto, e o aumento do benestar da cidadanía galega, en especial o dos máis desfavorecidos, para seguir a artellar unha sociedade ben formada, libre e cohesionada.

Neste apartado o que se busca é analizar os orzamentos do ano 2026 dende a perspectiva do Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, para observar como estes contribúen á consecución das prioridades de actuación e obxectivos do goberno galego no curto e medio prazo.

O Plan Estratéxico de Galicia 22-30 está formado por **5 eixes**, 21 prioridades de actuación e 70 obxectivos estratéxicos:

Táboa 1. Estrutura Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030.

	Prioridades de actuación
Eixe 1	1.1. Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada 1.2. Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias 1.3. Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade 1.4. Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade
Eixe 2	2.1. Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico 2.2. Garantir unha mobilidade sustentable 2.3. Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais 2.4. Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural
Eixe 3	3.1. Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas 3.2. Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible 3.3. Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento 3.4. Promover as infraestruturas produtivas e as de rede 3.5. Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo 3.6. Fomentar o turismo sustentable e de calidade
Eixe 4	4.1. Promover unha educación inclusiva e de calidade 4.2. Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante 4.3. Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía 4.4. Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servicios no territorio baixo o concepto de cidade única
Eixe 5	5.1. Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade 5.2. Unhas finanzas sustentables para un crecemento san 5.3 Reforzo do autogoberno e coordinación interadministrativa

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública.

Este plan estratéxico pode consultarse na páxina web: *www.planestratexico2030.gal*

IV.2. OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE GASTO NOS ORZAMENTOS 2026 DO PLAN ESTRATÉXICO

A asignación financeira dos Orzamentos Xerais para 2026 rexeuse principalmente pola continuación na mellora constante dos servizos públicos, así como polo apoio ao sector privado na afronta dos retos derivados do incremento das tensións xeopolíticas e das barreiras comerciais.

Como cada anualidade, faise unha labor de vinculación da estrutura orzamentaria co PEG aos efectos de priorizar os investimentos segundo a lóxica de intervención establecida no Plan. Ademais, se ten en conta a programación dos fondos europeos do período 2021-2027 e a consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030.

A través desta asociación, os orzamentos son coherentes cos retos establecidos no PEG a nivel rexional en materia de crecemento e convergencia económica, emprego, I+D+i, educación, inclusión, medio ambiente e dinamización demográfica.

O importe asignado nos **Orzamentos xerais para o ano 2026** ascende a **14.240 millóns de euros**, importe referido ao orzamento consolidado e no que non se contemplan os capítulo VIII de activos financeiros e IX pasivos financeiros.

Na seguinte táboa recóllese a distribución do orzamento por eixes e prioridades de actuación:

Cadro 1: PEG 2022-2030 no Orzamento 2026

E1. Reto demográfico	Importe	%total	%eixe
PA 1.1 - Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada	442.557.405	3,1%	6,6%
PA 1.2 - Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias	279.526.244	2,0%	4,2%
PA 1.3 - Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade	230.436.749	1,6%	3,5%
PA 1.4 - Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade	5.711.366.588	40,1%	85,7%
Total	**6.663.886.986**	**46,8%**	**100,0%**

E2. Galicia verde e sostible	Importe	%total	%eixe
PA 2.1 - Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico	97.153.494	0,7%	16,5%
PA 2.2 - Garantir unha mobilidade sustentable	71.373.115	0,5%	12,1%
PA 2.3 - Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais	301.362.563	2,1%	51,0%
PA 2.4 - Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural	120.681.006	0,8%	20,4%
Total	**590.570.178**	**4,1%**	**100,0%**

E3. Competitividade e crecemento	Importe	%total	%eixe
PA 3.1 - Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas	284.229.694	2,0%	16,1%
PA 3.2 - Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible	167.034.254	1,2%	9,5%
PA 3.3 - Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento	280.367.746	2,0%	15,9%
PA 3.4 - Promover as infraestruturas produtivas e as de rede	263.464.950	1,9%	14,9%
PA 3.5 - Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo	653.294.938	4,6%	37,1%
PA 3.6 - Fomentar o turismo sustentable e de calidade	114.253.361	0,8%	6,5%
Total	**1.762.644.943**	**12,4%**	**100,0%**

E4. Cohesión social e territorial	Importe	%total	%eixe
PA 4.1 - Promover unha educación inclusiva e de calidade	2.972.830.957	20,9%	68,4%
PA 4.2 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da	1.177.445.032	8,3%	27,1%
PA 4.3 - Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de	126.671.667	0,9%	2,9%
PA 4.4 - Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servicios no territorio baixo o concepto de cidade única	71.534.850	0,5%	1,6%
Total	**4.348.482.506**	**30,5%**	**100,0%**

E5. Gobernanza	Importe	%total	%eixe
PA 5.1 - Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade	358.069.363	2,5%	41,0%
PA 5.2 - Unhas finanzas sustentables para un crecemento san	279.299.925	2,0%	32,0%
PA 5.3 - Reforzo do autogoberno e coordinación interadministrativa	236.709.396	1,7%	27,1%
Total	**874.078.684**	**6,1%**	**100,0%**

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

O tomo dos Orzamentos Xerais correspondente á "***Memoria de Obxectivos e Programas***" contén de modo detallado a descrición das actuacións que deben colaborar a acadar os anteriores obxectivos. Asemade, e como ven sendo habitual, na mesma Memoria de Obxectivos e Programas dispone de exhaustiva información dos indicadores de produtividade asociados ás partidas de gasto, co que se posibilita a valoración da eficacia e eficiencia das actuacións de gasto recollidas nos orzamentos.

IV.3. EIXES DE ACTUACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA (PEG).

O orzamento do Plan Estratéxico de Galicia (en adiante PEG) para o ano 2026 ascende a 14.239 millóns de euros, importe referido ao orzamento consolidado, que comprende o das entidades con orzamento limitativo (Administración xeral, organismos autónomos e axencias públicas autonómicas e entidades públicas instrumen-

tais de asesoramento ou consulta) e no que non se contemplan os gastos derivados dos capítulo VIII e IX de activos e pasivos financeiros.

A distribución por eixes manifesta que son os gastos destinados ao **o Reto demográfico (eixe 1) e á Cohesión social e territorial (eixe 4)** , os que absorben unha maior parte do orzamento, como garantía e mantemento dos gastos sociais, e coa finalidade de lograr uns servizos públicos de calidade dirixidos á cidadanía, principalmente nos eidos da sanidade, a educación e promoción do emprego, pero tamén en materias coma a inclusión social e o acceso á vivenda. A suma destes eixes supón case as tres cuartas partes do orzamento total.

O *eixe 1 "Reto demográfico"*, ascende a máis de 6.600 millóns de euros, representando o 47% do total dos orzamentos. Neste eixe se recolle o relativo á promoción do emprego, o benestar das familias e a conciliación, o acceso á vivenda e a sanidade.

Por outra banda, o *eixe 4 de Cohesión social e territorial* recolle a educación, o sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes, a promoción da igualdade de oportunidades e a inclusión social dos máis desfavorecidos, a promoción da cultura e lingua galega, e a cohesión territorial. Este eixe ascende **a máis de 4.300 millóns de euros, e representa o 31% do total do PEG**.

En terceiro lugar por contía orzamentaria, está a aposta pola **competitividade e co crecemento**, o *eixe 3,* cun orzamento total de case **1.800 millóns de euros, o 12% sobre o total**. Neste eixe atópanse as políticas de gastos vinculadas á I+D+i, que permitirán manter a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento, así coma as vinculadas ás novas tecnoloxías da información (TICs). Ademais, destaca o fomento da actividade empresarial e comercial, co impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, Neste eixe tamén se recolle o fomento do sector primario e o turismo así coma a garantía dunhas adecuadas infraestruturas produtivas e de rede.

O *eixe 2 Galicia vede e sostible*, destinado a impulsar un **crecemento sustentable e resiliente, baseado nunha economía baixa en carbono, presenta un orzamento de case 600 millóns de euros, o 4% do total**. Neste eixe se recollen as medidas orientadas á eficiencia enerxética e o fomento das enerxías renovables, así coma unha mobilidade sostible que permita reducir as emisións contaminantes á atmosfera. Tamén se establece o reto de impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural. Ademais, tamén se recollen medidas encamiñadas a garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais

O *eixe 5 de Gobernanza* supera os **800 millóns de euros e o 6% do orzamento**. Nel recóllese o obxectivo de alcanzar unha administración que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas, así coma garantir unhas finanzas sustentables para un crecemento san e o reforzo do autogoberno e coordinación interadministrativa.

Cadro 2.Distribución por eixes do PEG 22-30 no orzamento 2026

Eixes	Importe	%total
E1. Reto demográfico	6.663.886.986	46,8%
E2. Galicia verde e sostible	590.570.178	4,1%
E3. Competitividade e crecemento	1.762.644.943	12,4%
E4. Cohesión social e territorial	4.348.482.506	30,5%
E5. Gobernanza	874.078.684	6,1%
Total	**14.239.663.297**	**100%**

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 1. Distribución por eixes do PEG no orzamento 2026



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Cadro 3. Distribución do orzamento 2026 por fonte de financiamento

Fontes de Financiamento	Importe	%
Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma	12.275.825.939	86,21%
Orzamentos Xerais do Estado	969.313.710	6,81%
FEDER	289.025.215	2,03%
FEADER	220.974.094	1,55%
Marco de Recuperación e resiliencia	150.313.414	1,06%
FSE	106.926.979	0,75%
FEP	105.729.640	0,74%
Fondos de Cohesión	50.962.041	0,36%
FCI	38.580.160	0,27%
FEAGA	13.803.684	0,10%
PGCL	10.671.837	0,07%
Outros Fondos europeos	3.609.965	0,03%
INTERREG	2.821.619	0,02%
Transferencias finalistas	1.105.000	0,01%
Total	**14.239.663.297**	**100%**

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

EIXE 1: RETO DEMOGRÁFICO

Este eixe ten por obxectivo incidir naqueles factores que son fundamentais para tratar de modificar a dinámica demográfica actual, caracterizada fundamentalmente por un excesivo avellentamento da poboación, con amplas repercusións na sociedade e o seu crecemento.

Para favorecer que as persoas poidan levar a cabo o seu proxecto familiar en Galicia, así como ter o número de fillos e fillas que desexen, é preciso acadar e manter niveis de emprego elevado e de calidade, desenvolver políticas de conciliación da vida persoal e familiar, garantir unha estrutura de servizos de atención das necesidades das familias, mellorar o acceso e as condicións de habitabilidade da vivenda, ademais de fortalecer unha asistencia sanitaria accesible, de carácter preventivo e curativo, e de boa calidade.

Para acadar este obxectivo, os orzamentos de 2026 programan investimentos nas seguintes prioridades de actuación:

- **PA.1.1. Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada.**

  Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2026, son:

- Mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas ou inactivas, especialmente entre a poboación xuvenil e aquelas con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral. Garantir un proceso de aprendizaxe permanente ao longo da vida laboral. Establecer condicións favorables no mercado laboral para fixar talento. Desenvolver o marco galego de competencias dixitais.
- Aumentar as competencias emprendedoras e impulsar a creación de empresas e iniciativas de traballo por conta propia sustentables.
- Mellorar a situación das persoas empregadas aumentando a calidade do emprego mediante un emprego estable e a tempo completo e promover a progresión profesional. .
- Impulsar e consolidar o desenvolvemento de políticas efectivas para que homes e mulleres poidan harmonizar as súas responsabilidades laborais e familiares en condicións de igualdade e eliminando os estereotipos de xénero. Fomentar medidas de conciliación.

- **PA.1.2. Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias**

  Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

  - Garantir o acceso gratuíto á educación preescolar.
  - Completar unha estrutura de servizos de atención das necesidades das familias para favorecer que as persoas poidan levar a cabo o seu proxecto familiar en Galicia. Facilitar o aumento de servizos extraescolares a os menores en idade escolar co gallo de facilitar a conciliación dos pais e nais traballadoras.
  - Definir un modelo sustentable de protección social no ámbito do benestar.
  - Promover unha cultura e sensibilidade social a favor dos dereitos e deberes da infancia e a adolescencia, así como a súa participación activa na sociedade.
  - Mellorar a calidade de vida da xuventude galega, mellorando as súas competencias e capacidades, incrementando o seu benestar e impulsando a participación e o voluntariado.
  - Visibilizar e apoiar o papel das persoas maiores na súa contribución ao benestar familiar e promover o seu empoderamento e participación social.

- **PA.1.3. Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade**

  Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

  - Dar cobertura a un arrendamento accesible como primeiro paso para a independencia das persoas novas, priorizando ás familias con fillos.
  - Fomentar a accesibilidade de vivenda para as persoas en situación de vulnerabilidade, con especial atención ás zonas rurais. Axilizar o proceso de accesibilidade.
  - Reducir a carga que supón o custe da vivenda para os inquilinos.
  - Facilitar o acceso e o mantemento da vivenda en condicións de habitabilidade e nunha contorna inclusiva, poñendo o foco nas familias máis vulnerables con menores, así como nos mozos e mozas.
  - Promover os alugueiros sociais, que permitan ás persoas en situación de vulnerabilidade destinar como máximo un 30% dos seus ingresos ao pago da vivenda.
  - Erradicar a infravivenda e mobilizar a vivenda baleira.
  - Potenciar novos sistemas construtivos máis eficientes tanto dende o punto de vista económico, como do medio ambiente e a enerxía.
  - Promover a accesibilidade e a adaptación das vivendas ás necesidades dunha poboación cada vez máis envellecida.

- **PA.1.4. Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade**

  Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

  - Impulsar un modelo de atención sanitaria moderno e de calidade
  - Acadar un sistema sanitario que mellore a saúde da poboación, a calidade, experiencia e formación do paciente, a satisfacción dos profesionais e incremente a eficiencia.
  - proporcionar servizos e prestacións máis próximos á cidadanía ("sanidade no fogar").
  - Promover a telemonitorización da asistencia nas patoloxías crónicas de maior impacto en saúde e poñer a disposición da cidadanía ferramentas para o seu autocoidado.
  - Aumentar a carteira de servizos dos hospitais comarcais e reforzar a atención primaria.
  - Fomentar a promoción da saúde e a prevención de enfermidades.
  - Afondar na transformación dixital do sistema sanitario.

- Mellorar a rede de vixilancia epidemiolóxica, en base en novos sistemas de información, como factor determinante para a alerta e promoción da saúde e control de enfermidades.
- Mellorar a satisfacción dos profesionais sanitarios
- Promover infraestruturas sanitarias máis eficientes que melloren a calidade asistencial e sexan respectuosas co medio ambiente.
- Modernizar e adecuar as infraestruturas e o equipamento sanitario ás necesidades de pacientes e profesionais.
- Continuar promovendo a innovación sanitaria, de xeito que Galicia sexa pioneira en materia de I+D+i en materia sanitaria.

Na seguinte táboa detállase o gasto orzamentario de 2026 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 4. Distribución do orzamento 2026 por prioridades de actuacións do eixe 1

E1. Reto demográfico	Importe	%total	%eixe
PA 1.1 - Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada	442.557.405	3,1%	6,6%
PA 1.2 - Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias	279.526.244	2,0%	4,2%
PA 1.3 - Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade	230.436.749	1,6%	3,5%
PA 1.4 - Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade	5.711.366.588	40,1%	85,7%
Total	**6.663.886.986**	**46,8%**	**100,0%**

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 2. Distribución do orzamento 2026 por prioridades de actuacións do eixe 1



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

EIXE 2: GALICIA VERDE E SOSTIBLE

Para deixar ás vindeiras xeracións unha Galicia sustentable e con futuro é preciso abordar unha estratexia nunha tripla vertente: mitigar a contaminación que estamos a producir como consecuencia de todo tipo de actividades, tanto económicas coma de ámbito persoal; afondar no estudio dos efectos do cambio climático na nosa Comunidade co fin de mellorar a resiliencia ó mesmo e reducir a vulnerabilidade ante posibles eventos adversos; xestión máis sostible do noso patrimonio natural xunto co compromiso da sociedade e da Administración para afrontar o reto de ser menos contaminantes e respectuosos cos nosos recursos.

Polo tanto, este segundo eixe do plan estratéxico está centrado en:

- O fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente.
- O reforzo do control e da observación ambiental e aumento da resiliencia ao cambio climático.
- A mobilidade sostible, fomentando un transporte menos contaminante e impulsando a intermodalidade.
- A xestión sostible do patrimonio natural, do ciclo da auga e dos residuos, fomentando a sensibilización da sociedade e un maior compromiso das administracións.

Compre mencionar que neste eixo tamén se recollen as actuacións necesarias para garantir unha **resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático**. Ademais, neste contexto, e como xa se mencionou anteriormente, un dos principais obxectivos deste eixe é aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais.

Para acadar este obxectivo, os orzamentos de 2026 programan investimentos nas seguintes prioridades de actuación:

- **PA.2.1. Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico.**

  Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

  - Mellorar a eficiencia enerxética primaria e final, de xeito que se consiga un aforro enerxético significativo e se reduza a dependencia enerxética do exterior.
  - Aumentar a transparencia e a seguridade xurídica no sector enerxético para incentivar os investimentos.
  - Fomento da I+D+i tecnolóxica no terreo enerxético, especialmente no campo da eficiencia enerxética e das enerxías renovables. Promover o uso de solucións dixitais.
  - Consolidación das boas prácticas en materia de consumo enerxético.
  - Diversificar as fontes renovables. Continuar co fomento de actividades asociadas ao ciclo de aproveitamento da biomasa térmica, enerxía eólica e o autoconsumo eléctrico. Impulsar proxectos de enerxías renovables como os gases renovables e as fontes de enerxía mariña entre outras.
  - Desenvolvemento de proxectos impulsados por comunidades de enerxías renovables .
  - Avanzar en sistemas de almacenaxe deste tipo de enerxía renovable que sexan respectuosos co medio ambiente e a integración paisaxística.

- **PA.2.2. Garantir unha mobilidade sustentable.**

  Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2026, son:

  - Fomentar a mobilidade sustentable e alternativa.

- Garantir unha transición xusta, tendo en conta as implicacións que pode ter o fomento do transporte colectivo no sector da automoción.
- Impulsar a intermodalidade e a conexión entre diferentes modos de transporte.
- Superar as barreiras que supón a dispersión xeográfica tanto da poboación coma das empresas.
- Promover a eficiencia no transporte tanto de viaxeiros coma de mercadorías, mellorando as vías e as conexións comerciais existentes.
- Eliminar os estrangulamentos nas infraestruturas de rede fundamentais. Reducir ao mínimo posible as conxestións nos núcleos urbanos.
- Mellorar a regulación no emprego tanto do transporte público como privado.
- Mellora e renovación do parque de vehículos a favor de tecnoloxías máis limpas e eficientes (fundamentalmente, a electricidade de orixe renovable).

- **PA.2.3. Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais.**

  Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

  - Consolidar o control e a observación medioambiental. Aumentar a capacidade en investigación e innovación en materia de cambio climático.
  - Fortalecer unha resposta integral ás necesidades da poboación, territorio e actividades económicas en materia de emerxencias, protección civil e seguridade pública, así como fortalecer a resiliencia e a capacidade de adaptación aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais.
  - Prever e minimizar os danos provocados polos incendios forestais, fenómenos hidrolóxicos e meteorolóxicos extremos e outras catástrofes medioambientais, mellorando a prevención e defensa contra os mesmos.
  - Reducir a vulnerabilidade da poboación e das infraestruturas e instalacións fronte aos riscos derivados de fenómenos hidrolóxicos e meteorolóxicos extremos, tales como secas e enchentes.

- **PA.2.4. Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente**

do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural.

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Contribuír técnica e economicamente para garantir un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración aos cidadáns de Galicia, diminuíndo os desequilibrios territoriais existentes e buscando unha maior eficacia na execución dos investimentos e na explotación de infraestruturas hidráulicas.
- Mellorar a calidade da auga reducindo a contaminación, eliminando o vertedoiro e minimizando a emisión de produtos químicos e materiais perigosos, reducindo a porcentaxe de augas residuais sen tratar e garantir a protección e mantemento do Dominio Público Hidráulico.
- Fomentar e favorecer unha produción máis limpa e modelos de negocio sostibles. Incorporación ao tecido produtivo de procesos de economía circular e potenciar a sensibilización e a información da poboación para mellorar as taxas de reciclaxe de residuos domésticos.
- Fomento da innovación nos procesos de fabricación (especialmente, emprego da biotecnoloxía no sector alimentario); incorporación da I+D+i no desenvolvemento de eco-produtos; innovación organizativa nas empresas, sendo fundamental a proximidade xeográfica e a capacidade para traballar de forma interconectada.
- Mellorar a información e difusión da importancia do Patrimonio Natural e da Biodiversidade e garantir o goce, resaltando a importancia dos valores naturais e concienciando á cidadanía sobre a importancia de conservar a Natureza.
- Promoción socioeconómica dos espazos naturais, o desenvolvemento sostible, a mellora da calidade de vida, o apoio ás oportunidades empresariais e o fomento e mellora do emprego nestas zonas.

Na seguinte táboa detállase o gasto orzamentario de 2026 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 5. Distribución do orzamento 2026 por prioridades de actuacións do eixe 2

E2. Galicia verde e sostible	Importe	%total	%eixe
PA 2.1 - Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico	97.153.494	0,7%	16,5%
PA 2.2 - Garantir unha mobilidade sustentable	71.373.115	0,5%	12,1%
PA 2.3 - Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais	301.362.563	2,1%	51,0%
PA 2.4 - Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural	120.681.006	0,8%	20,4%
Total	**590.570.178**	**4,1%**	**100,0%**

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 3. Distribución do orzamento 2026 por prioridades de actuacións do eixe 2



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

EIXE 3: COMPETITIVIDADE E CRECEMENTO.

Para posibilitar a mellora da competitividade e a mellora do día a día da poboación galega é preciso consolidar e impulsar o investimento en investigación e innovación, apoiar a transformación dixital da economía e a sociedade e facer chegar aos cidadáns e empresas os seus beneficios. Tamén é preciso mellorar os investimentos materiais –infraestruturas- e os inmateriais –procesos, calidade, deseño- e proporcionar ás empresas distintas formas de apoio, especialmente ás pequenas e medianas para xerar un ecosistema consolidado

de empresas de tamaño mediano, innovadoras, exportadoras e xeradoras de emprego de calidade.

Este eixe ten como denominador común, a posta en valor do potencial da industria da comunidade autónoma e o fortalecemento do sector primario e o turismo como pancas de crecemento, baseado no emprego da investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas.

Para acadar este obxectivo, os orzamentos de 2026 programan investimentos nas seguintes prioridades de actuación:

- **PA.3.1. Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas**

  Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

  - Fomentar o investimento en I+D+i no sector empresarial, dinamizar a transferencia de coñecemento ao mercado reforzando a colaboración entre os axentes do ecosistema de I+D+i, avanzar na especialización a través da priorización en ámbitos estratéxicos para Galicia, impulsando o liderado empresarial, especialmente das PEMES, na transformación das ideas innovadoras en produtos e servizos de alto valor engadido, xeradores de crecemento, emprego e benestar. Apoiar o talento emprendedor en todos os eidos (xeración, atracción e retención).
  - Apoiar os proxectos innovadores nas fases iniciais de lanzamento e a formación empresarial dos innovadores, fomentar a cooperación de liñas innovadoras e de investigación entre PEMES .
  - Mellorar a xestión administrativa vinculada a procesos ou instrumentos de apoio á I+D+i e incrementar a eficiencia na xestión dos recursos dispoñibles a partires da avaliación do seu rendemento.
  - Mellorar e fortalecer a capacidade investigadora, os resultados e o traballo por proxectos da investigación universitaria galega, desenvolver un sistema de transferencia efectivo que permita capitalizar o coñecemento xerado polo tecido produtivo.
  - Promover o liderado dixital fomentando o uso de novas tecnoloxías. Reforzar as capacidades do sistema dixital galego promovendo colaboracións público - privadas para dar resposta aos retos que xorden derivados do desenvolvemento da transformación dixital.

- **PA.3.2. Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible**

  Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Promover unha Administración dixital innovadora que permitan desenvolver un servizo máis pro activo e personalizado á cidadanía e empresas, aberto e accesible dende calquera lugar e en calquera momento.
- Fomentar a incorporación de tecnoloxías innovadoras para mellorar os modelos de prestación de servizos públicos. Aproveitar os avances el intelixencia artificial e Big Data para mellorar os servizos públicos.
- Situar a Galicia como unha rexión intelixente de referencia en Europa que facilite a adopción de tecnoloxías dixitais de alto impacto tanto no sector público como nos diferentes sectores económicos, prestando especial atención ás PEMES.
- Deseñar actuacións dirixidas a os profesionais e a cidadanía que posibiliten a formación e o desenvolvemento das habilidades precisas para dar resposta á transformación dixital.
- Impulsar o uso de solucións dixitais para mellorar a xestión e o coñecemento do territorio como base para permitir aumentar a capacidade de adaptación ás necesidades e oportunidades que se lle presenten á Comunidade, dunha forma ordenada, áxil, eficiente e eficaz.
- Afondar na adopción das novas tendencias tecnolóxicas para aumentar a capacidade de xeración de valor no territorio reducindo o consumo de recursos e mellorando o seu rendemento, avanzando cara a un modelo de rexión sostible e climáticamente neutra.
- Potenciar a innovación dixital aplicada á dinamización e salvagarda do patrimonio e a produción cultural da Comunidade.

- **PA.3.3. Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento**

  Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

  - Adoptar medidas para desenvolver, atraer e reter traballo cualificado.
  - Impulsar a creación de novas empresas favorecendo ecosistemas empresariais innovadores. Promover o crecemento das empresas e fomentar un entorno empresarial favorable impulsando o desenvolvemento de redes e clústeres.
  - Incrementar a competitividade das empresas galegas a través da innovación, o desenvolvemento tecnolóxico, o auxe de sectores de alta complexidade industrial, a transformación dixital da industria e a circularización dos procesos de negocio, apostando pola diferenciación en base ao compoñente tecnolóxico, a calidade a o deseño.

- Fomentar polos de desenvolvemento baseados nas tecnoloxías facilitadoras chave e nas tendencias de transformación dos modelos de negocio na industria.
- Impulsar a formación específica e a recualificación dando resposta ao desenvolvemento das competencias necesarias para afrontar a transformación industrial.
- Garantir as mellores condicións para atraer investimento produtivo e fomentar o aumento da base exportadora das empresas galegas, en especial as PEMES.
- Fomentar a competencia, facilitar o acceso aos mercados e limitar o efecto das normativas que dependan do tamaño das empresas en termos de emprego e volume de negocio para fomentar o crecemento das mesmas.

- **PA.3.4. Promover as infraestruturas produtivas e as de rede**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Completar a articulación da rede de infraestruturas de transporte de Galicia co exterior e a conexión cos principais eixes exteriores.
- Asegurar que unha alta porcentaxe da poboación se sitúe a 15 minutos ou menos do acceso á rede de Vías de Altas Prestacións.
- Mellorar a calidade da rede viaria para aumentar a súa funcionalidade e seguridade viaria e adaptala á evolución da mobilidade e da tecnoloxía.
- Impulsar o papel do sistema portuario para o crecemento socioeconómico de Galicia e construción de novas infraestruturas.
- Modernización e adecuación das instalacións portuarias existentes, tanto para as actividades pesqueiras como para a actividade náutica recreativa. Mellora da seguridade e das condicións de traballo dos pescadores e demais persoal do sector.
- Garantir os medios precisos para desenvolver un modelo de negocio en cada dársena máis adecuado ás necesidades das actividades con maior demanda e máis eficiente enerxéticamente e respectuoso co medio mariño.

- **PA.3.5. Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Renovar e modernizar as explotacións agrogandeiras para aumentar a súa competitividade. Incrementar o tamaño e a rendibilidade das empresas do sector.
- Avanzar na cadea de valor do sector agrogandeiro e fomentar a diferenciación do produto. Impulsar a Marca Galicia e velar polo prestixio das denominacións xeográficas de calidade.
- Aproveitar as oportunidades que supón a economía circular para a mellora da eficiencia nas explotacións e xerar novos nichos de negocio.
- Minorar o impacto da agricultura e a gandaría no medio ambiente.
- Garantir un nivel axeitado de protección da sanidade animal e da cadea alimentaria e dos vexetais.
- Abordar a planificación de ordenación dos recursos forestais de cara a integrala no marco da ordenación do territorio.
- Completar un Mapa de solos de Galicia que permita mellorar o coñecemento das tipoloxías de solos, superficies, especies e permita coñecer a súa sensibilidade e resistencia fronte aos distintos axentes degradativos.
- Mellorar a contribución do monte galego á conservación da natureza, á biodiversidade e ao patrimonio natural galego dos recursos xenéticos forestais, así como a prestación doutros servizos ecosistémicos relacionados co cambio climático e as enerxías renovables. Potenciar actuacións de forestación e silvicultura que, ademais de valorizar os produtos do monte, supoñan unha medida preventiva para diminuír o risco de incendios forestais. Mellorar a capacidade de absorción do sector forestal e fomentar os produtos madereiros como depósitos de carbono.
- Modernización das actividades e das instalacións empregadas para levar a cabo as actividades de pesca e acuicultura, especialmente a través do desenvolvemento tecnolóxico (industria 4.0), a innovación e a transferencia de coñecemento. Incremento da tecnificación das tarefas.
- Garantir un emprego eficiente dos recursos naturais e o mantemento, conservación e recuperación do medio mariño e a súa valorización e explotación sostible.
- Fomentar a diversificación de actividades do sector pesqueiro mediante a posta en marcha de programas de formación, de actuacións de demostración e de apoio ás iniciativas de novas actuacións.
- Fomentar a investigación para o coñecemento e control das patoloxías dos organismos mariños sometidos á explotación comercial mediante a pesca, o marisqueo e a acuicultura.
- Seguir a controlar a calidade e a seguridade alimentaria dos produtos do mar. Mellorar a trazabilidade dos produtos pesqueiros que permita avanzar na loita contra a pesca ilegal.

- Mellora da eficiencia enerxética nos medios e instalacións empregados para as actividades e redución do impacto das mesmas no medio mariño.
- Desenvolver sectores da comercialización e transformación cun elevado potencial de crecemento reforzando tamén a cadea de innovación.
- Promover o emprego, o crecemento, a inclusión social e o desenvolvemento local nas zonas rurais, incluíndo a bioeconomía e a silvicultura sustentable.
- Potenciar un desenvolvemento económico sostible e un desenvolvemento territorial cohesionado, a través do fomento da creación e consolidación de actividades económicas sostibles no medio rural a través de PEMES , fomento da diversificación das actividades económicas sostibles no medio rural, fomento da competitividade das actividades económicas vinculadas ao mundo agroforestal, apoio á creación de emprego e fomento do autoemprego.
- Contribuír á mellora da calidade de vida dos habitantes do rural
- Contribuír á construción dun territorio rural intelixente no marco da acción da UE a favor dos pobos intelixentes. Elaborar e xestionar propostas de proxecto europeos neste eido e no do desenvolvemento rural.

- **PA.3.6. Fomentar o turismo sustentable e de calidade**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Afianzar a imaxe de Galicia como destino seguro.
- Diversificar na promoción do Camiño de Santiago, mediante o reforzo da visibilidade das rutas oficiais menos transitadas.
- Fomentar a actividade turística sostible co medio ambiente, tratando de minimizar a pegada que as actividades turísticas teñen no medio natural. Deseño dunha estratexia en liña cos obxectivos da Axenda 2030.
- Favorecer a creación e a comercialización de novos produtos turísticos que respondan ás demandas do viaxeiro post COVID-19.
- Apoio ao tecido asociativo de xeito que permita fomentar o traballo cooperativo e o establecemento de sinerxías.
- Impulsar dunha oferta de calidade.
- Potenciar a especialización das empresas do sector nas posibles actuacións de lecer e culturais que poden facer os viaxeiros na contorna, co fin de mellorar e enriquecer a experiencia dos clientes.
- Fomentar procesos de formación e emprendemento no sector a través de iniciativas de aceleración turística empresarial que contribúan ao des-

envolvemento dun sector turístico moderno e rendible, con respostas para as novas necesidades da realidade derivada da pandemia.

Na seguinte táboa detállase o gasto orzamentario de 2026 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 6. Distribución do orzamento 2026 por prioridades de actuacións do eixe 3

E3. Competitividade e crecemento	Importe	%total	%eixe
PA 3.1 - Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas	284.229.694	2,0%	16,1%
PA 3.2 - Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible	167.034.254	1,2%	9,5%
PA 3.3 - Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento	280.367.746	2,0%	15,9%
PA 3.4 - Promover as infraestruturas produtivas e as de rede	263.464.950	1,9%	14,9%
PA 3.5 - Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo	653.294.938	4,6%	37,1%
PA 3.6 - Fomentar o turismo sustentable e de calidade	114.253.361	0,8%	6,5%
Total	**1.762.644.943**	**12,4%**	**100,0%**

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 4. Distribución do orzamento 2026 por prioridades de actuacións do eixe



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

EIXE 4. COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL

Unha Galicia máis cohesionada esixe promover unha educación de calidade e inclusiva, a inclusión social das persoas en situación de vulnerabilidade, risco de pobreza ou exclusión social, loitar contra calquera tipo de discriminación e asegurar a igualdade de oportunidades e a igualdade entre homes e mulleres. Ademais, é preciso apostar pola dinamización da vida nas zonas rurais e costeiras non urbanas, buscando unha modernización e diversificación da estrutura económica que garanta o equilibrio territorial e a sustentabilidade poboacional, social, económica e ambiental. Todo isto, coa consolidación da cultura e a lingua galega como valores esenciais e imprescindibles para o desenvolvemento integral da sociedade.

Para acadar este obxectivo, os orzamentos de 2026 programan investimentos nas seguintes prioridades de actuación:

- **PA.4.1. Promover unha educación inclusiva e de calidade**

  Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

  - Acadar un rendemento escolar por enriba da media europea, reducindo aínda máis o fracaso escolar e o abandono educativo temperán e mellorar os resultados educativos do conxunto do alumnado.
  - Promover unha educación igualitaria, equitativa, accesible e inclusiva eliminando os obstáculos de acceso do alumnado ao sistema educativo galego.
  - Reforzar o sistema educativo mediante a súa adaptación aos novos retos, a modernización, incluídas as infraestruturas, e o desenvolvemento de novas capacidades para a economía dixital e as vocacións científicas, perfeccionando o sistema plurilingüe.
  - Elevar a cualificación do alumnado na FP de grao medio e superior, mellorando a súa calidade. Aumentar a participación en formación profesional dual e aprendizaxe práctica, establecendo unha relación directa coas empresas e axustando as competencias impartidas á estrutura produtiva de Galicia.
  - Racionalizar e mellorar a oferta académica universitaria que dea resposta ás necesidades do alumnado e do mercado laboral. Acadar unha maior integración das universidades galegas co tecido económico e social, non só no ámbito da investigación, senón tamén no ámbito da docencia e recuperar o liderado da Universidade como motor de cambio da sociedade galega. Fomentar a colaboración entre as universidades, a súa internacionalización e afondar na especialización dos campus. Aumentar a transparencia e a rendición de contas das Universidades galegas.

- Adaptar a rede escolar á menor demanda. Mellorar a eficiencia dos recursos escolares e reforzar as redes escolares no rural. Utilizar ferramentas dixitais para mellorar a prestación do transporte escolar e pechar fendas nas competencias dixitais

- **PA.4.2. Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante**

  Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

  - Consolidar un sistema de garantía de ingresos para que as persoas con carencia de recursos económicos en situación ou risco de exclusión social poidan acceder aos recursos básicos.
  - Impulsar a inclusión social e laboral das persoas en situacións de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social e loitar contra calquera forma de discriminación ademais de garantir a igualdade de oportunidades e o acceso aos servizos públicos da poboación retornada e inmigrante. Mellorar os itinerarios personalizados e avaliar os seus resultados, vencellar os servizos sociais e de emprego en torno a os itinerarios.
  - Dar un pulo á garantía de recursos nos fogares nos que habiten persoas en situación de dependencia e atender as necesidades derivadas da mesma.
  - Mellorar a atención social e a calidade de vida das persoas con discapacidade e das persoas maiores, garantindo a accesibilidade universal e fomentando a eliminación de calquera tipo de barreira que impida a súa participación en termos de igualdade, así como previr as situacións de dependencia.
  - Acadar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, impulsando unha maior e mellor participación das mulleres en todos os ámbitos sociais e profesionais e nos procesos de toma de decisións.
  - Erradicar a violencia de xénero en calquera das súas modalidades e consecuencias articulando unha resposta global e coordinada.
  - Garantir a igualdade de oportunidades e o acceso ao mercado laboral e aos servizos públicos da poboación retornada e inmigrante.
  - Mellorar a cobertura socioasistencial á emigración galega e á poboación retornada e inmigrante.
  - Facilitar o retorno orientado e amparado a Galicia de galegos e galegas no exterior, persoas de segunda e terceira xeración que poidan asentarse en Galicia.

- Vender un modo de vida galego, para posicionar Galicia como lugar atraínte para residir e traballar.

- **PA.4.3. Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía**

  Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

  - Estimular a produción cultural e a súa distribución, apoiando a innovación cultural e a transversalidade da creatividade nos sectores produtivos, facilitando o acceso á cultura da cidadanía e avanzando na súa proxección exterior e internacionalización.
  - Apoiar á industria de contidos culturais, dende a artesanía ata o audiovisual, para que aproveite as oportunidades que ofrece un mercado global e dixitalizado.
  - Fortalecer a programación e os servizos dispoñibles nas bibliotecas, arquivos, museos e centros de interpretación, para lograr a participación activa da cidadanía como usuaria destes servizos e como consumidora dunha oferta cultural de calidade.
  - Protexer, conservar, poñer en valor e difundir o patrimonio cultural de Galicia como un recurso vivo, accesible e interesante para os nosos cidadáns e visitantes.
  - Fomentar e difundir o uso do galego nos diferentes sectores da sociedade, principalmente nos considerados prioritarios e estratéxicos, e desenvolver actividades de formación do galego. Desenvolver políticas lingüísticas eficaces destinadas a conseguir que a cidadanía teña garantida a posibilidade de vivir en galego en todos os ámbitos.

- **PA.4.4. Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servicios no territorio baixo o concepto de cidade única**

  Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

  - Implementar modelos de negocio e desenvolvemento que fomenten a diversificación dos nichos de mercado laboral rural. Favorecer o desenvolvemento dun tecido agroindustrial, co impulso de actividades ligadas ao I+D+i e facilidades para a súa implantación. Impulsar e facilitar unha formación e profesionalización adecuadas ás necesidades dos novos.
  - Favorecer a conectividade TIC necesaria para garantir a vertebración dixital do territorio de xeito seguro e sostible. Posta en marcha da plataforma Galicia territorio intelixente, que consolide en base cartográfica

única toda a información en tempo real xerada a través das redes de sensorización, captación de imaxes e outras fontes de datos,

- Ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. Mellorar a información cartográfica e desenvolver as directrices de ordenación do territorio
- Impulsar a planificación integrada das políticas e servizos territoriais e de xeito coordinado entre as diferentes competencias e administracións.
- Fomentar solo empresarial accesible mediante distintas fórmulas e acorde cos plans territoriais, os condicionamentos loxísticos e a demanda en cada territorio, así como a creación de reservas de solo estratéxicas con destino á implantación de iniciativas empresariais en Galicia.
- Mellora da gobernanza municipal e da cooperación intermunicipal de cara á maior eficiencia na prestación dos servizos públicos básicos.

Na seguinte táboa detállase o gasto orzamentario de 2026 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 7. Distribución do orzamento 2026 por prioridades de actuacións do eixe 4

E4. Cohesión social e territorial	Importe	%total	%eixe
PA 4.1 - Promover unha educación inclusiva e de calidade	2.972.830.957	20,9%	68,4%
PA 4.2 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da	1.177.445.032	8,3%	27,1%
PA 4.3 - Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de	126.671.667	0,9%	2,9%
PA 4.4 - Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servicios no territorio baixo o concepto de cidade única	71.534.850	0,5%	1,6%
Total	**4.348.482.506**	**30,5%**	**100,0%**

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 5. Distribución do orzamento 2026 por prioridades de actuacións do eixe 4



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

EIXE 5 GOBERNANZA

Unha administración pública orientada a resultados e aliñada cos obxectivos do plan é fundamental para o seu desenvolvemento con éxito. A mellora da xestión remata coa rendición de contas, a transparencia e a avaliación de políticas públicas.

Para iso, resulta necesario avanzar no proceso de modernización da función pública, que tamén se verá afectada pola situación demográfica, polo que debe adaptarse ás novas necesidades e dispoñibilidades dun persoal que estará mellor formado, debendo aproveitar as oportunidades que ofrece a dixitalización. É preciso, así mesmo, seguir a garantir a sustentabilidade das finanzas autonómicas a medio prazo nun contexto extraordinariamente condicionado polas consecuencias da crise sanitaria, que permitan achegar os recursos precisos para financiar os servicios públicos de calidade e as políticas de apoio competencia das administracións.

Para acadar este obxectivo, os orzamentos de 2026 programan investimentos nas seguintes prioridades de actuación:

- **PA.5.1. Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procede-**

mentos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Avanzar cara unha administración que aposte por unha revisión da súa función pública, baseada na estratexia, na planificación e na profesionalidade.
- Basear a cobertura de necesidades de recursos humanos na administración na procura do suficiente equilibrio entre a captación de talento novo e externo e o impulso da carreira profesional.
- Determinar as necesidades de selección e renovación do persoal na cobertura de vacantes e especialmente en elementos cualitativos, como as cargas de traballo, as necesidades funcionais e os novos perfís profesionais.
- Adaptar a actual estrutura da función pública aos retos dunha administración máis dixitalizada e baseada na análise, que afronte o cambio da automatización de procesos para afondar na procura e avaliación de novas necesidades públicas.
- Circunscribir a feitos excepcionais os contratos de duración determinada derivados de circunstancias previsibles ou imprevisibles, fornecendo un sistema de cobertura máis áxil e unha adaptación flexible das estruturas organizativas ás necesidades do servizo público.
- Implantar e consolidar un sistema que valore o traballo por obxectivos e por proxectos, que permita medir o traballo realizado e analizar, a partir da métrica, o cumprimento dos obxectivos das políticas públicas, que facilite a avaliación das mesmas e a rendición de contas.
- Acadar unha maior profesionalización do persoal ao servizo das Administracións públicas, impartindo unha formación de calidade e promovendo a formación continuada ao longo da vida profesional dos empregados públicos. Fomentar a formación e a práctica nas competencias e habilidades transversais, en especial as directivas e as especializadas.

- **PA.5.2. Unhas finanzas sustentables para un crecemento san**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Impulsar a racionalización e eficiencia no gasto público, seguir a xestionar os recursos públicos con criterios de eficacia e economía, aplicando políticas de revisión do gasto para garantir a sustentabilidade do mesmo.

- Continuar o desenvolvemento dos procesos de dixitalización xa iniciados, que permitan detectar brechas de ineficiencia con máis criterio e celeridade.
- Revisión da aliñación dos programas orzamentarios cos obxectivos estratéxicos e indicadores do PEG, o que servirá de apoio a un sistema de xestión orientado a resultados.
- Renovar e mellorar as infraestruturas públicas con criterios de eficiencia enerxética, co obxecto de mellorar a calidade dos servizos públicos reducindo o custe de funcionamento.
- Administrar os recursos públicos de forma eficaz e eficiente, mediante unhas finanzas sostibles que se manteñan nuns niveis de débeda nos mellores dentro das CCAA, e financiados cun sistema tributario estable, competitivo e que reverte á cidadanía a boa xestión en forma de rebaixas tributarias, en función das posibilidades de cada conxuntura.
- O sistema de financiamento debe ser o elemento de peche que garanta a suficiencia financeira para impulsar as políticas de gasto que posibiliten a consecución dos obxectivos estratéxicos e, por tanto, o exercicio do autogoberno.
- Fomentar a concienciación e sensibilización para lograr que se asimile a responsabilidade fiscal como un valor de conciencia social e de respecto polos servizos públicos.
- Promover o cumprimento adecuado das obrigacións tributarias, achegar seguridade xurídica e económica ás operacións, e reducir a litixiosidade.
- Avanzar na colaboración con outras administracións públicas, con entidades privadas ou con institucións ou organizacións representativas de sectores ou intereses sociais, laborais, empresariais ou profesionais, e, especificamente, co obxecto de facilitar o desenvolvemento do seu labor para potenciar o cumprimento cooperativo das obrigacións tributarias, cos colexios e asociacións de profesionais da asesoría fiscal.

- **PA.5.3 Reforzo do autogoberno e coordinación interadministrativa.**

  Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

  - Mellorar e consolidar a integración de recursos gobernamentais de información e procesos, e por tanto a interoperación de sistemas de información interdependentes.
  - Estruturar e mellorar os servizos públicos con rutas interinstitucionais apoiadas en tecnoloxías dixitais, a partir da reutilización de datos.

- Impulsar unha gobernanza do dato transversal, para xestionar de forma eficiente e efectiva a información, logrando con iso realizar unha mellor toma de decisións.
- Dispoñer dunha visión integral e integrada naquelas actuacións dirixidas a determinados segmentos de poboación considerados como prioritarios polo conxunto das administracións públicas.
- Impulsar unha maior horizontalidade entre as administración públicas que permita a transferencia do coñecemento e a aprendizaxe mutua.
- Impulsar a coordinación e canalización das actividades da Xunta en relación coas iniciativas de control e impulso do Parlamento de Galicia e as relacións institucionais coa administración xeral do Estado e a cooperación horizontal coas demais comunidades autónomas.
- Reforzar a coordinación das actuacións dos distintos departamentos da Xunta.
- Fortalecer a acción exterior de Galicia, especialmente nas relacións coa Unión Europea e na cooperación transfronteiriza.
- Mellorar a coordinación e colaboración das diferentes administracións, impulsando a xestión de proxectos compartidos e o despregamento de infraestruturas de servizos de usos múltiples que revertan o despoboamento rural.

Na seguinte táboa detállase o gasto orzamentario de 2026 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 8. Distribución do orzamento 2026 por prioridades de actuacións do eixe 5

E5. Gobernanza	Importe	%total	%eixe
PA 5.1 - Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade	358.069.363	2,5%	41,0%
PA 5.2 - Unhas finanzas sustentables para un crecemento san	279.299.925	2,0%	32,0%
PA 5.3 - Reforzo do autogoberno e coordinación interadministrativa	236.709.396	1,7%	27,1%
Total	**874.078.684**	**6,1%**	**100,0%**

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 6. Distribución do orzamento 2026 por prioridades de actuacións do eixe 5



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

IV.4. NEXT GENERATION EU.

IV.4.1. Revisión intermedia dos programas FEDER e FSE+ de Galicia

A revisión intermedia dos programas dos Fondos Europeos no período 2021-2027 está regulada principalmente polo Artigo 18 do Regulamento (UE) 2021/1060. Este artigo establece o marco para axustar os programas de acordo cos resultados obtidos ata 2024 e adaptar os fondos aos novos desafíos identificados a través das recomendacións específicas para cada país. A continuación, detállanse os aspectos crave desta revisión intermedia.

IV.4.2. Aspectos principais da revisión intermedia

- Obxectivo e alcance: A revisión intermedia ten como obxectivo avaliar o progreso na implementación dos programas financiados polo FEDER, o FSE+. Esta revisión permitirá axustar os programas en función do seu rendemento e dos novos retos xurdidos, tales como os derivados das recomendacións específicas por país adoptadas en 2024.
- Elementos avaliados: Deberanse considerar varios elementos clave durante a revisión de cada programa:

- Novos desafíos derivados das recomendacións específicas por país adoptadas en 2024.
- Progresos na execución do plan nacional integrado de enerxía e clima.
- Avances na aplicación dos principios do alicerce europeo de dereitos sociais.
- Situación socioeconómica do Estado ou a rexión, destacando calquera novidade negativa importante de carácter financeiro, económico ou social.
- Resultados das avaliacións pertinentes e progresos na consecución dos fitos establecidos

- En canto aos novos retos identificados, as Recomendacións Específicas por País de 2024 para España, publicadas pola Comisión Europea, suxiren manter o enfoque nas prioridades xa acordadas, sen solicitar modificacións nas estratexias dos programas. Con todo, introdúcese a iniciativa STEP, que aínda que non é obrigatoria para España, debe ser valorada no contexto de novas prioridades, sendo un aspecto crave na competitividade do país. As recomendacións tamén subliñan a necesidade de reforzar a capacidade administrativa para xestionar os fondos europeos e acelerar a implementación dos investimentos e reformas.
- No que respecta ao Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC), cuxo avance é vital para a transición enerxética, Galicia preséntase como un actor clave na implementación do plan, destacándose en áreas como a enerxía eólica, tanto terrestre como mariña, o autoconsumo e o desenvolvemento de enerxías mariñas emerxentes, como a enerxía undimotriz e mareomotriz. Ademais, Galicia traballa activamente na descarbonización do seu sector industrial e na promoción da mobilidade sostible, contribuíndo significativamente aos obxectivos nacionais e europeos de redución de emisións e mellora da eficiencia enerxética.
- Por último, os principios do Pilar Europeo de Dereitos Sociais tamén forman parte desta avaliación. Débese analizar como se están aplicando estes principios, facendo especial fincapé en aspectos como a igualdade de oportunidades, as condicións laborais xustas e a protección social e inclusión. Galicia avanzou nestes aspectos, pero enfronta desafíos relacionados co envellecemento poboacional, o desemprego xuvenil e as desigualdades territoriais.
- Proposta de asignación do importe de flexibilidade: Para o 31 de marzo de 2025, os Estados membros deberán presentar á Comisión unha avaliación detallada sobre o resultado da revisión intermedia. Esta incluirá unha proposta de asignación definitiva do "importe de flexibilidade" reservado previamente para o período de 2026-2027. Este importe utilizarase para axustar o financiamento ás necesidades actuais dos programas.
- Modificacións nos programas: En función dos resultados da revisión, os Estados membros poderán propoñer modificacións aos programas, o que implicará a revisión das asignacións financeiras por prioridade, a introdución de novos obxectivos ou a adaptación dos existentes. Nos casos en que os programas non necesiten modificacións, a

Comisión deberá confirmar a asignación definitiva do importe de flexibilidade dentro dun período de tres meses.

- Reporte e prazos: A Comisión presentará un informe ao Parlamento Europeo e ao Consello antes de que finalice 2026, detallando os resultados da revisión intermedia, incluída a súa avaliación da xestión financeira e as comisións de xestión nos programas.

IV.4.3. Proceso e consecuencias

Se durante a revisión se identificasen desafíos adicionais ou novos riscos económicos, os Estados membros deberán adaptar os seus programas para abordalos, modificando os obxectivos e retribuíndo os recursos financeiros. A flexibilidade na asignación de fondos permite axustar as estratexias ás realidades emerxentes e mellorar o impacto das intervencións.

En conclusión, a revisión intermedia dos fondos europeos 2021-2027 constitúe un proceso crave para asegurar que os programas se axusten ás condicións cambiantes e que os recursos se utilicen de maneira eficiente para responder os desafíos sociais, económicos e climáticos identificados. Por outra parte, e dado que, como se explica anteriormente, a iniciativa STEP debe ser valorada no contexto de novas prioridades de cara á revisión intermedia e que pode ser un aspecto crave na nosa competitividade; nas seguintes páxinas explícase en que consiste esta iniciativa resumindo do seu regulamento.

O 1 de marzo de 2024 entrou en vigor o Regulamento (UE) 2024/795 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de febreiro de 2024, polo que se crea a Plataforma de Tecnoloxías Estratéxicas para Europa (STEP) «o Regulamento STEP».

O obxectivo de STEP é apoiar o desenvolvemento e a fabricación de tecnoloxías fundamentais en tres sectores, a innovación tecnolóxica dixital e profunda, as tecnoloxías limpas e eficientes no uso dos recursos e as biotecnoloxías, relevantes para as transicións verde e dixital. STEP tamén apoiará os investimentos destinados a reforzar o desenvolvemento industrial e as cadeas de valor, reducindo así as dependencias estratéxicas da Unión, reforzando a soberanía e a seguridade económica da Unión e abordando a escaseza de man de obra e de capacidades neses sectores estratéxicos. Isto mellorará a competitividade a longo prazo da Unión e reforzará a súa resiliencia. STEP tamén fomenta a cooperación transfronteiriza e a inclusión social e territorial.

Os sectores aos que fai referencia o regulamento son os seguintes:

Tecnoloxías dixitais

O Programa Estratéxico da Década Dixital para 2030 establece metas e obxectivos dixitais nos ámbitos das capacidades dixitais, a infraestrutura dixital e a dixitalización das empresas e os servizos públicos. O Programa menciona varias tecnoloxías dixitais que contribúen ás metas e obxectivos, entre elas, a intelixencia artificial, a 5G, a 6G, a cadea de bloques, a informática de alto rendemento, a computación na nube e no bordo, e o internet das cousas.

O seguinte cadro mostra unha lista de carácter indicativo e non exhaustivo das tecnoloxías dixitais que se consideran pertinentes para STEP.

Ámbitos da tecnoloxía dixital	Tecnoloxías (indicativas, non exhaustivas)
Tecnoloxías avanzadas de semicondutores	Microelectrónica, incluídos os procesadores; tecnoloxías fotónicas, incluído o láser de alta enerxía; chips de alta frecuencia; equipos de fabricación de semicondutores con tamaños de nodo moi avanzados; tecnoloxías de semicondutores cualificadas para usoespacial
Tecnoloxías de intelixencia artificial	Algoritmos de IA; informática de alto rendemento; computación na nube e no bordo; tecnoloxías de análises de datos; visión computerizada, procesamento da linguaxe, recoñecemento de obxectos; tecnoloxías de protección da privacidade (por exemplo, aprendizaxe federada)
Tecnoloxías cuánticas	Computación cuántica; criptografía cuántica; comunicacións cuánticas; distribuciónde claves cuánticas (QKD); detección cuántica, incluída a gravimetría cuántica; radar cuántico; simulación cuántica; formación de imaxes cuánticas; reloxos cuánticos; metroloxía; tecnoloxías cuánticas aptas para o espazo
Tecnoloxías avanzadas de conectividade, de navegación e dixitais	Comunicacións dixitais seguras e conectividade, como a rede e acceso radioeléctrico RAN (rede de acceso radioeléctrico) aberta (rede de acceso radioeléctrico) e a 5G e a 6G;tecnoloxías de ciberseguridade, incluída a ciber vixilancia, os sistemas de seguridade e de intrusión, a criminalística dixital; internet das cousas e realidade virtual; tecnoloxías de rexistros distribuídos e de identidade dixital; tecnoloxías de orientación, navegación e control, incluídas a aviónica e o posicionamento marítimo, e os sistemas de PNT espaciais; conectividade segura por satélite.
Tecnoloxías avanzadas de detección	Detección electroóptica, mediante radar, química, biolóxica, radiolóxica e distribuída;magnetómetros, gradiómetros magnéticos; sensores de campos eléctricos subacuáticos; gravímetros e gradiómetros de gravidade;.
Robótica e sistemas autónomos	Vehículos autónomos habitados e non habitados (espazo, aire, terra, superficie e subacuático), incluída a natación; robots e sistemas de precisión controlados por robots; exoesqueletos; sistemas baseados na IA

Tecnoloxías limpas e eficientes no uso dos recursos

As tecnoloxías limpas e eficientes no uso dos recursos inclúen as tecnoloxías de cero emisións netas, tal como se definen na Lei sobre a industria de cero emisións netas. O cadro que figura a continuación enumera as tecnoloxías contempladas no artigo 4 da Lei sobre a industria de cero emisións netas e no seu anexo.

Ámbitos tecnolóxicos limpos e eficientes no uso dos recursos, tal como se definen na Lei sobre a industria de cero emisións netas	Tecnoloxías limpas e eficientes no uso dos recursos, tal como se definen na Lei sobre a industria de cero emisións netas
Tecnoloxías solares	Tecnoloxías solares fotovoltaicas; tecnoloxías solares térmicas eléctricas; tecnoloxías solares térmicas; outras tecnoloxías solares
Tecnoloxías de enerxía eólica terrestre ede enerxías renovables mariñas	Tecnoloxías eólicas terrestres; tecnoloxías para enerxía renovable mariña
Tecnoloxías de baterías e de almacenamento de enerxía	Tecnoloxías de baterías; tecnoloxías de almacenamento de enerxía.
Bombas de calor e tecnoloxías de enerxía xeotérmica	Tecnoloxías de bombas de calor; tecnoloxías de enerxía xeotérmica
Tecnoloxía a base de hidróxeno	Electrolizadores; pilas de hidróxeno; outras tecnoloxías de hidróxeno.
Tecnoloxías de biogás e biometano sostibles	Tecnoloxías de biogás sostibles; tecnoloxías de biometano sostibles
Tecnoloxías de captura e almacenamento de carbono	Tecnoloxías de captura de carbono; tecnoloxías de almacenamento de enerxía.
Tecnoloxías de rede eléctrica	Tecnoloxías de rede eléctrica; tecnoloxías de carga eléctrica para o transporte;tecnoloxías para dixitalizar a rede; outras tecnoloxías de rede eléctrica
Tecnoloxías de fisión nuclear	Tecnoloxías de enerxía de fisión nuclear; tecnoloxías do ciclo do combustiblenuclear
Tecnoloxías de combustibles alternativossostibles	Tecnoloxías de combustibles alternativos sostibles
Tecnoloxías hidroeléctricas	Tecnoloxías hidroeléctricas
Outras tecnoloxías de enerxías renovables	Tecnoloxías de enerxía osmótica; tecnoloxías de enerxía ambiente, distintas das bombas de calor ; tecnoloxías de biomasa ; tecnoloxías de gases de entulleira ; tecnoloxías de gases para depuradoras de augas residuais; outras tecnoloxías de enerxías renovables
Tecnoloxías de eficiencia enerxética relacionadas co sistema enerxético	Tecnoloxías de eficiencia enerxética relacionadas co sistema enerxético; tecnoloxías da rede de calor; outras tecnoloxías de eficiencia enerxética relacionadasco sistema enerxético
Tecnoloxías de combustibles renovablesde orixe non biolóxica	Tecnoloxías de combustibles renovables de orixe non biolóxica

Biotecnoloxías

As biotecnoloxías deben entenderse como a aplicación da ciencia e a tecnoloxía aos organismos vivos, así como ás súas partes, produtos e modelos, co fin de alterar materiais vivos ou non vivos para a produción de coñecementos, bens e servizos. Esta definición é deliberadamente ampla para abarcar as actividades biotecnolóxicas actuais e futuras e está en consonancia coa definición estatística única de biotecnoloxía desenvolta pola OCDE. En xeral, a biotecnoloxía tamén pode definirse como toda aplicación tecnolóxica que utilice sistemas biolóxicos e organismos vivos, ou os seus derivados, para a creación ou modificación de produtos ou procesos para usos específicos.

Os sectores de aplicación das biotecnoloxías inclúen os sectores industriais de base biolóxica (por exemplo, materiais de envasado, téxtiles, materiais compostos, materiais de illamento e construción, biocombustibles, pinturas, adhesivos e disolventes); servizos ambientais (por exemplo, biosensores, descontaminación do chan, a auga e o aire); sector agroalimentario (por exemplo, biofertilizantes) ou produtos farmacéuticos e médicos (por exemplo, vacinas, organoides, xenes e terapia celular).

O cadro que figura a continuación presenta unha lista indicativa e non exhaustiva de biotecnoloxías pertinentes para STEP, baseada nas definicións estatísticas baseadas en listas da OCDE.

Ámbitos biotecnolóxicos	Biotecnoloxías (indicativo, non exhaustivo)
ADN/ARN	Xenómica; farmacogenómica; sondas xénicas; enxeñería xenética; secuenciación/síntese/amplificación do ADN/ARN; elaboración de perfís de expresión xénica; síntese de ADN a gran escala; novas técnicas xenómicas; xenética dirixida.
Proteínas e outras moléculas	Secuenciación/síntese/enxeñería/fabricación de proteínas e péptidos (incluídas as hormonas moléculas grandes); mellora dos métodos de administración de medicamentos de moléculas grandes; proteómica; illamento e purificación de proteínas; sinalización; identificación dos receptores celulares; desenvolvemento de produtos policlonales
Cultivo e enxeñería celular e tisular	Cultivo celular/tisular; enxeñería tisular (incluídos as estadas tisulares e a enxeñería biomédica); fusión celular; tecnoloxías de cría asistida por marcadores; enxeñería metabólica; terapias celulares; bioimpresión de células/órganos de substitución.
Técnicas de biotecnoloxía de procesos	Fermentación mediante bioreactores; biorefinado; bioprocesamiento; biolixiviación; biopasta; bioblixión; biodesulfuración; biorehabilitación; biodetección; biofiltración e fitorehabilitación; acuicultura molecular; protección e descontaminación, incluídos os axentes descontaminantes humanos; biocatálisis, novas técnicas de ensaio adecuadas para o cribado de alto rendemento; mellora de procesos e optimización do subministro de biofarmacéuticos e medicamentos de terapia avanzada
Vectores xénicos e ARN	Terapia xénica; vectores virais
Bioinformática	Construción de bases de datos sobre xenomas; secuencias proteicas; modelización de procesos biolóxicos complexos; incluída a bioloxía de sistemas; desenvolvemento da xenómica personalizada
Nanobiotecnoloxía	Aplicación das ferramentas e procesos de nano/ microfabricación para construír dispositivos para o estudo de biosistemas e aplicacións na administración, o diagnóstico e a fabricación de medicamentos..

Dous son os obxectivos do regulamento STEP:

a) Apoiar o desenvolvemento ou a fabricación de tecnoloxías fundamentais en toda a Unión, ou protexer e reforzar as correspondentes cadeas de subministración e
b) Facer fronte á escaseza de man de obra e capacidades

Apoiar o desenvolvemento ou a fabricación de tecnoloxías fundamentais en toda a Unión.

No contexto do Regulamento STEP, o desenvolvemento e a fabricación refírense ao avance das tecnoloxías desde a fase na que se demostrou a viabilidade ata a produción

comercial. Isto inclúe o perfeccionamento de prototipos, e/ou garantir que as tecnoloxías cumpran rigorosas normas de rendemento e escalabilidade. O desenvolvemento abarca actividades destinadas a lograr avances tecnolóxicos, perfeccionar a tecnoloxía para satisfacer as necesidades do mercado, incluída a mellora da súa eficiencia e fiabilidade, así como o desenvolvemento das normas regulamentarias.

O desenvolvemento tecnolóxico abarca tamén a creación de normas regulamentarias que garantan o cumprimento de estándares de calidade e seguridade. Para ser competitivas, as tecnoloxías deben estar aliñadas con normas europeas ou internacionais avanzadas, o que asegura que os produtos sexan interoperables, fiables e de alta calidade, e poidan competir no mercado global.

As normas non só aseguran a calidade dos produtos tecnolóxicos, senón que tamén son unha indicador clave da súa madurez e preparación para o mercado. O cumprimento destes estándares ten un impacto directo na capacidade de atraer investimentos, xa que aumenta a confianza na fiabilidade e o potencial de crecemento da tecnoloxía. Este aspecto é crucial para garantir que as tecnoloxías non só se desenvolvan con éxito, senón que poidan escalarse e despregarse de maneira efectiva en toda a Unión Europea.

A fase de fabricación, pola súa banda, céntrase na creación de infraestruturas e procesos que permitan a produción a escala destas tecnoloxías. Isto inclúe a construción de liñas de produción ou instalacións pioneiras, a ampliación ou reorientación de instalacións xa existentes e a implementación de mecanismos de control de calidade para asegurar que os produtos sexan consistentes e manteñan altos estándares de calidade. A fabricación baixo STEP busca non só a viabilidade tecnolóxica, senón tamén a viabilidade económica, asegurando que os produtos sexan rendibles e poidan ser adoptados amplamente no mercado europeo.

Un aspecto fundamental do proceso de fabricación é a adaptación á demanda do mercado, o que implica a ampliación dos procesos produtivos cando sexa necesario e a optimización dos mecanismos de control de calidade. Este enfoque garante que as tecnoloxías non só sexan innovadoras e avanzadas desde o punto de vista técnico, senón que tamén estean listas para a súa adopción a gran escala no mercado interior da Unión Europea, contribuíndo ao crecemento económico e á redución de dependencias tecnolóxicas doutros países ou rexións.

Aínda que STEP non inclúe a instalación e o despregamento final dos produtos no mercado, si cobre unha serie de servizos asociados que son cruciais para o desenvolvemento e a fabricación destas tecnoloxías. Estes servizos inclúen apoio no perfeccionamento da tecnoloxía, a implementación de sistemas de control de calidade, a creación de infraestruturas de produción e a validación de que os produtos cumpran coas normativas vixentes na Unión Europea. Ao facilitar estes servizos, STEP contribúe a garantir que as tecnoloxías desenvoltas non só estean listas para a produción, senón que tamén cumpran

cos requisitos de calidade e seguridade necesarios para a súa implementación no mercado europeo.

Para que as tecnoloxías sexan consideradas "fundamentais" no marco do Regulamento STEP, deben introducir elementos innovadores, emerxentes e de vangarda no mercado interior da Unión Europea. Isto significa que as tecnoloxías deben ter un alto potencial económico, xa sexa a través da creación de novos mercados ou da expansión dos existentes. Ademais, as tecnoloxías fundamentais deben contribuír a reducir as dependencias estratéxicas da Unión, particularmente en sectores críticos onde a dependencia de provedores externos poida poñer en risco a autonomía tecnolóxica e económica de Europa.

Salvagardar e reforzar as cadeas de valor

O Regulamento STEP destaca a importancia de reforzar a cadea de valor no desenvolvemento e fabricación de tecnoloxías fundamentais para reducir as dependencias estratéxicas da Unión Europea e protexer o mercado interior. A "cadea de valor" abarca produtos finais, compoñentes específicos, maquinaria, materias primas esenciais e servizos relacionados necesarios para a produción destas tecnoloxías, así como aquelas incluídas na Lei de Industria de Cero Emisións Netas.

Os compoñentes e maquinaria específicos son cruciais para a produción de tecnoloxías fundamentais, pois melloran a innovación e a eficiencia en sectores clave como a tecnoloxía dixital, a biotecnoloxía e as tecnoloxías limpas. Por exemplo, no ámbito da tecnoloxía dixital, os procesadores cuánticos son vitais e requiren equipos altamente especializados. Estes compoñentes representan elos esenciais na cadea de subministración tecnolóxica e o seu desenvolvemento é clave para manter a competitividade europea.

En canto ás materias primas fundamentais, a súa dispoñibilidade é vital para a produción de tecnoloxías estratéxicas. O silicio, por exemplo, é esencial para a produción de semiconductores, mentres que terras raras, como o litio, o cobalto e o níquel, son indispensables para a fabricación de baterías e tecnoloxías verdes. Outros exemplos inclúen o platino para electrolizadores e o cobre para redes eléctricas. Garantir unha subministración estable destas materias primas é crucial para evitar vulnerabilidades que poderían frear a transición cara a unha economía ecolóxica e afectar a competitividade industrial da Unión.

Os servizos conexos tamén xogan un papel clave na cadea de valor. Estes servizos especializados son fundamentais para o desenvolvemento e a fabricación de tecnoloxías, mellorando a súa eficiencia e contido tecnolóxico. Algúns exemplos inclúen os servizos de sala branca para a fabricación de semiconductores, servizos de computación na nube ou no bordo, ciberseguridade, e xestión especializada de ensaios clínicos en biotecnoloxía. Estes servizos poden recibir financiamento a través de STEP como proxectos independentes, xa que son esenciais para o éxito das tecnoloxías desenvoltas.

Doutra banda, os servizos auxiliares, como actividades informáticas, asesoramento ou servizos xurídicos, só poden ser apoiados por STEP se forman parte dos custos inherentes dun proxecto. Estes servizos non poden constituír proxectos STEP por si sos, pero poden ser parte do conxunto de accións necesarias para o éxito da tecnoloxía.

En resumo, o Regulamento STEP subliña a necesidade de fortalecer cada elo da cadea de valor para garantir o desenvolvemento de tecnoloxías clave. A través da produción de compoñentes, o acceso a materias primas e a prestación de servizos especializados, a Unión Europea busca reducir as súas dependencias estratéxicas e promover a súa autonomía tecnolóxica, á vez que impulsa a súa competitividade global en sectores innovadores e sostibles

Facer fronte á escaseza de man de obra e capacidades

Esta escaseza é especialmente crítica en áreas vitais para a transición ecolóxica e dixital, e verase agravada polos cambios demográficos. Para superar este reto, STEP promove investimentos en formación específica, aprendizaxe permanente e educación, asegurando que os traballadores adquiran as competencias necesarias para impulsar a innovación en tecnoloxías dixitais, limpas e biotecnoloxía.

O enfoque de STEP tamén busca crear oportunidades para mozas e persoas desfavorecidas que actualmente están fóra do emprego ou a formación, garantindo unha transición xusta e inclusiva cara a unha economía máis sostible. Ademais, STEP complementa a Axenda de Capacidades Europea e outras iniciativas sectoriais, enfocándose en reducir a brecha de capacidades en sectores críticos.

Os proxectos STEP están incentivados a basearse en iniciativas previas, como o Pacto Europeo polas Capacidades, co obxectivo de fortalecer a formación en áreas como ciberseguridade, análise de datos, enerxías renovables e mantemento de sistemas tecnolóxicos avanzados

IV.5. REPROGRAMACIÓN DO PROGRAMA FEDER GALICIA 2021-2027 EN APLICACIÓN DOS REGULAMENTOS DAS NOVAS PRIORIDADES (UE 2025/1914), STEP (UE 2024/795) e RESTORE (UE 2024/3236)

IV.5.1. Introdución e contexto xeral

A política de cohesión da Unión Europea constitúe un dos principais instrumentos de investimento público para promover o desenvolvemento económico, social e territorial equilibrado en todos os Estados membros. A través dela canalízanse os fondos estruturais

e de investimento europeos co obxectivo de reducir as disparidades rexionais, fomentar o crecemento sostible, apoiar a innovación e fortalecer a cohesión territorial.

Desde a aprobación do marco financeiro plurianual 2021-2027, o contexto europeo e mundial experimentou profundas transformacións. A guerra de agresión rusa contra Ucraína, o aumento das tensións xeopolíticas, a inflación derivada da crise enerxética, a aceleración das transicións ecolóxica e dixital, e a necesidade de reforzar a autonomía estratéxica da Unión crearon un escenario novo que require unha resposta coordinada desde todos os niveis de goberno.

Neste contexto, a Comisión Europea impulsou un proceso de revisión intermedia dos programas operativos da política de cohesión co obxectivo de garantir que os fondos se orienten cara ás novas prioridades comunitarias. Froito deste proceso, aprobase o Regulamento (UE) 2025/1914 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de setembro de 2025, polo que se modifican os Regulamentos (UE) 2021/1058 e 2021/1056 no que respecta a medidas específicas para facer fronte a retos estratéxicos.

Ademais, este marco complétase coas disposicións introducidas polos regulamentos STEP (UE 2024/795), que impulsa a Plataforma de Tecnoloxías Estratéxicas para Europa e promove o desenvolvemento de tecnoloxías críticas e capacidades de defensa e uso dual, e RESTORE (UE 2024/3236), que establece mecanismos de apoio rexional urxente á reconstrución tras catástrofes naturais, fortalecendo a resiliencia das rexións afectadas.

O novo marco regulatorio establece unha flexibilidade reforzada e unha adaptación dos programas, permitindo ás rexións reorientar parte dos seus recursos cara a ámbitos de alto valor estratéxico, como as tecnoloxías críticas, a defensa e o uso dual, a xestión sostible da auga, o acceso á vivenda alcanzable, a resposta fronte a catástrofes naturais e o reforzo da resiliencia socioeconómica e territorial.

A Xunta de Galicia, en coherencia coa súa visión estratéxica e co compromiso co proxecto europeo, decidiu acoller as novas oportunidades ofrecidas polos regulamentos (UE) 2025/1914, STEP e RESTORE e proceder á reprogramación do Programa FEDER Galicia 2021-2027, incorporando as novas prioridades establecidas pola Comisión Europea e adaptando o programa ao novo contexto socioeconómico e territorial da Comunidade Autónoma.

IV.5.2. Motivación e finalidade do novo Regulamento (UE) 2025/1914

O Regulamento (UE) 2025/1914 nace nun contexto de profunda transformación política, económica e xeoestratéxica na Unión Europea. Desde a aprobación do marco financeiro plurianual 2021-2027, Europa enfrontou unha sucesión de crises que puxeron de manifesto a necesidade de reforzar a súa capacidade de resposta, a súa autonomía estratéxica e a súa resiliencia territorial.

Entre os principais factores que motivan esta revisión destacan:

- A guerra de agresión rusa contra Ucraína e as súas consecuencias humanas, económicas e enerxéticas.
- O aumento das tensións xeopolíticas e o impacto nas cadeas de subministración globais.
- A inflación derivada da crise enerxética e as dificultades para garantir unha transición ecolóxica xusta.
- A necesidade de acelerar a transformación dixital e tecnolóxica para manter a competitividade industrial europea.
- A crecente frecuencia de desastres naturais asociados ao cambio climático.

Neste contexto, a Comisión Europea impulsou un proceso de revisión intermedia dos programas operativos da política de cohesión, co fin de adaptar os fondos estruturais e de investimento europeos ás novas prioridades estratéxicas da Unión.

O Regulamento (UE) 2025/1914 ten, pois, unha finalidade dobre:

Axustar o marco da política de cohesión para que responda aos novos desafíos de seguridade, tecnoloxía, defensa e resiliencia ambiental e social.

Dotar aos Estados membros dunha maior flexibilidade para reprogramar os seus fondos FEDER, FSE+ e Fondo de Cohesión, de modo que poidan apoiar proxectos en ámbitos considerados prioritarios para o futuro da Unión.

O regulamento enmárcase tamén nunha lóxica de coherencia co Regulamento (UE) 2024/795 (STEP) —que crea a Plataforma de Tecnoloxías Estratéxicas para Europa— e co Regulamento (UE) 2024/3236 (RESTORE) —que introduce o apoio rexional urxente á reconstrución tras catástrofes naturais—. Xuntos conforman un novo marco estratéxico de intervención, orientado a reforzar a soberanía tecnolóxica, a defensa europea e a capacidade de resposta fronte a emerxencias.

IV.5.3. Principais características do Regulamento (UE) 2025/1914

O Regulamento (UE) 2025/1914 introduce modificacións concretas nos Regulamentos (UE) 2021/1058 (FEDER e Fondo de Cohesión) e (UE) 2021/1057 (FSE+), así como axustes complementarios no (UE) 2021/1060 (disposicións comúns), co fin de incorporar novos obxectivos específicos e ámbitos de actuación.

Novas prioridades e obxectivos temáticos

O regulamento define unha serie de novas prioridades comunitarias, que se engaden aos obxectivos políticos xa existentes. Estas prioridades están directamente relacionadas co contexto económico e estratéxico actual, e estrutúranse en torno a tres grandes áreas:

Seguridade e defensa: fortalecemento das capacidades industriais e da mobilidade militar, especialmente en infraestruturas de dobre uso.

Resiliencia hídrica e adaptación ao cambio climático: xestión sostible da auga e mellora da capacidade de resposta fronte a secas e inundacións.

Cohesión social e acceso á vivenda: apoio á vivenda alcanzable e á cohesión territorial mediante investimentos en infraestruturas sociais.

Modificacións no Regulamento (UE) 2021/1058 — FEDER e Fondo de Cohesión

No caso do FEDER, o Regulamento (UE) 2025/1914 introduce novos obxectivos específicos vinculados tanto ás prioridades de STEP como a RESTORE. Estes novos obxectivos amplían o ámbito de intervención do fondo, permitindo financiar proxectos en sectores considerados estratéxicos para a autonomía e seguridade da Unión:

- OE 1.7: A mellora das capacidades industriais para fomentar as capacidades de defensa, priorizando as capacidades de dobre uso
- OE 2.5: O fomento do acceso seguro á auga, a xestión sostible da auga, incluída a súa xestión integrada, e a resiliencia hídrica.
- OE 2.11: Facilitar o acceso á vivenda alcanzable e sostible.
- OE 2.12: O fomento dos interconectores enerxéticos e a infraestrutura conexa de transporte, distribución, almacenamento e apoio, así como a protección das infraestruturas enerxéticas críticas e a implantación de infraestruturas de recarga
- OE 3.3: o desenvolvemento de infraestruturas de defensa resilientes, priorizando as de dobre uso, en particular para fomentar a mobilidade militar na Unión, así como a mellora da preparación civil
- OE 4.7: o fomento do acceso a unha vivenda alcanzable e sostible

Estas incorporacións responden ao principio de flexibilidade reforzada, permitindo aos Estados membros reasignar ata o 10 % das súas dotacións nacionais para financiar proxectos nestes novos ámbitos, sen comprometer a coherencia global dos programas.

Ademais, o regulamento prevé mecanismos de coordinación entre o FEDER e outros instrumentos, como InvestEU ou Horizonte Europa, co fin de favorecer sinerxías na promoción da innovación tecnolóxica e da transición verde.

No caso do Fondo Social Europeo Plus, o Regulamento (UE) 2025/1914 amplía o seu alcance con obxectivos orientados a reforzar o capital humano, a seguridade social e a cohesión. Entre eles destacan: desenvolvemento de competencias e capacidades no eido da ciberseguridade e da preparación civil fronte a ameazas e emerxencias, promoción da igualdade de xénero e da inclusión social no mercado laboral, en particular para grupos vulnerables, mellora da empregabilidade e da mobilidade laboral, apoiando a recualificación e formación continua, reforzo da cohesión social e da integración das persoas en risco de exclusión.

Estes novos obxectivos permiten que o FSE+ se converta nun instrumento complementario ao FEDER para apoiar a resiliencia social e laboral das rexións europeas, garantindo que a transición verde e dixital non deixe a ninguén atrás.

O Regulamento (UE) 2025/1914 non actúa illadamente, senón que se integra no marco estratéxico europeo reformulado en 2024 e 2025, xunto con dous instrumentos fundamentais:

O Regulamento (UE) 2024/795 (STEP) crea a Plataforma de Tecnoloxías Estratéxicas para Europa, orientada a apoiar investimentos en tecnoloxías críticas, como os semiconductores, a intelixencia artificial, o hidróxeno verde ou a defensa de dobre uso. O Regulamento 2025/1914 incorpora a posibilidade de financiar proxectos STEP a través do FEDER e do FSE+.

O Regulamento (UE) 2024/3236 (RESTORE) introduce un mecanismo de apoio rexional urxente á reconstrución, co obxectivo de facilitar a recuperación das rexións afectadas por desastres naturais graves. O Regulamento 2025/1914 reforza a conexión entre RESTORE e os fondos estruturais, especialmente en materia de resiliencia hídrica e infraestruturas críticas.

Deste modo, o conxunto dos tres regulamentos conforma unha resposta coherente e articulada da política de cohesión ante os retos actuais: innovación tecnolóxica, seguridade, defensa, resiliencia climática e cohesión social.

IV.5.4. As vantaxes do Regulamento (UE) 2025/1914

O Regulamento (UE) 2025/1914 achega unha serie de vantaxes clave para os Estados membros, as rexións e o conxunto da Unión Europea:

Maior flexibilidade e capacidade de adaptación

Permite aos Estados membros reorientar parte das súas asignacións financeiras para dar resposta a necesidades emerxentes, sen ter que modificar completamente os programas. Esta flexibilidade facilita unha xestión máis dinámica e eficaz dos fondos.

Reforzo da autonomía estratéxica europea

O apoio a tecnoloxías críticas e á defensa de uso dual contribúe a reducir a dependencia exterior en sectores clave como a enerxía, a dixitalización ou a seguridade.

Maior coherencia entre políticas comunitarias

Ao vincular os fondos estruturais coas iniciativas STEP e RESTORE, o regulamento promove unha acción europea máis integrada, reforzando a coherencia entre política de cohesión, política industrial, política de defensa e política climática.

Impulso á resiliencia territorial e climática

O novo obxectivo de resiliencia hídrica (OE 2.5) representa un avance importante na loita contra os efectos do cambio climático, mellorando a capacidade das rexións para xestionar recursos e mitigar riscos ambientais.

Reforzo da cohesión social e do emprego

O FSE+ amplía o seu papel na mellora das competencias laborais e na integración de colectivos vulnerables, contribuíndo a unha recuperación máis inclusiva e sostible.

Simplificación e axilidade administrativa

O regulamento incorpora procedementos simplificados para a aprobación das reprogramacións e a posta en marcha das novas prioridades, o que permitirá reducir tempos de execución e mellorar a eficiencia na xestión dos fondos..

IV.5.5. O Regulamento STEP

O Regulamento (UE) 2024/795 ten como obxectivo fundamental reforzar a autonomía estratéxica da Unión Europea mediante o apoio ao desenvolvemento e fabricación de tecnoloxías críticas e emerxentes. A través da creación da Plataforma STEP, busca reducir as dependencias tecnolóxicas, mellorar a seguridade económica e impulsar a competitividade industrial da UE en sectores clave.

Sectores e obxectivos estratéxicos

Tecnoloxías dixitais: incluíndo computación cuántica, intelixencia artificial e semicondutores.

Tecnoloxías limpas e eficientes no uso de recursos: como enerxía renovable, hidróxeno verde e captura de carbono.

Biotecnoloxías: aplicadas á saúde, alimentación e agricultura.

O regulamento establece que STEP debe apoiar:

O desenvolvemento ou fabricación de tecnoloxías fundamentais en toda a Unión.

A protección e reforzo das cadeas de subministración correspondentes.

A implementación de proxectos emblemáticos que contribúan aos obxectivos do Programa Estratéxico de Decade Dixital 2030.

Financiamento e mobilización de recursos

STEP mobilizará recursos a través de:

Convocatorias de financiamento:

Un importe de 1.500 millóns de euros destinarase a apoiar investimentos que contribúan aos obxectivos de STEP.

Programas existentes da UE:

Integración con programas como InvestEU, Horizonte Europa e o Fondo Europeo de Defensa.

Plan de Recuperación e Resiliencia:

Os Estados membros poderán propoñer incluír medidas que apoien operacións de investimento que contribúan aos obxectivos de STEP.

Modificacións doutras normativas da UE. O Regulamento (UE) 2024/795 modifica as seguintes normativas:

Directiva 2003/87/CE: modificación do artigo 10 bis para considerar os proxectos estratéxicos recoñecidos ao elaborar convocatorias ou licitacións competitivas no marco do Fondo de Innovación.

Regulamentos (UE) 2021/1058, 2021/1056, 2021/1057, 2021/1060, 2021/523, 2021/695, 2021/697, 2021/241: introdución de disposicións que permiten a inclusión de investimentos que contribúan aos obxectivos de STEP nos respectivos programas operativos.

Regulamento (UE) n.º 1303/2013 e n.º 223/2014: modificacións para permitir a asignación de fondos a proxectos que apoien as tecnoloxías estratéxicas.

IV.5.6. O Regulamento RESTORE

O Regulamento (UE) 2024/3236 do Parlamento Europeo e do Consello, adoptado o 19 de decembro de 2024, introduce modificacións significativas nos Regulamentos (UE) 2021/1057 e (UE) 2021/1058, establecendo o mecanismo RESTORE (Apoio rexional urxente á reconstrución).

Este mecanismo ten como obxectivo proporcionar apoio financeiro urxente aos Estados membros afectados por catástrofes naturais graves, como inundacións ou incendios forestais, para facilitar a súa recuperación económica e social.

1. Contexto e necesidade do Regulamento

As catástrofes naturais recentes en Europa, especialmente nas rexións central, oriental e meridional, tiveron consecuencias devastadoras en termos de vidas humanas, infraestruturas e economías locais.

Diante da magnitude destes desastres, identificouse a necesidade dunha resposta rápida e eficaz que complementase os mecanismos existentes, como o Fondo de Solidariedade da Unión Europea (EUSF).

O Regulamento (UE) 2024/3236 responde a esta necesidade, permitindo a mobilización áxil de recursos para a reconstrución.

2. Modificacións no Regulamento (UE) 2021/1057 (FSE+)

O Regulamento (UE) 2024/3236 introduce o artigo 12 ter no Regulamento (UE) 2021/1057, relativo ao Fondo Social Europeo Plus (FSE+).

Este artigo permite aos Estados membros utilizar o FSE+ para brindar apoio destinado a paliar as consecuencias socioeconómicas negativas das catástrofes naturais ocorridas entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2025.

Considerase catástrofe natural grave ou rexional aquela definida no Regulamento (CE) nº 2012/2002 do Consello.

O apoio pode incluír medidas como a rehabilitación de vivendas, a creación de emprego temporal e a prestación de servizos sociais esenciais.

3. Modificacións no Regulamento (UE) 2021/1058 (FEDER e Fondo de Cohesión)

O Regulamento (UE) 2024/3236 tamén modifica o Regulamento (UE) 2021/1058, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e ao Fondo de Cohesión.

Estas modificacións permiten aos Estados membros reasignar ata o 10 % das súas asignacións nacionais do FEDER e do Fondo de Cohesión para financiar a reconstrución de infraestruturas danadas por catástrofes naturais.

As medidas financiables inclúen a restauración de infraestruturas públicas, a mellora da resiliencia das infraestruturas existentes e a construción de novas infraestruturas que contribúan á recuperación económica das rexións afectadas.

4. Condicións e procedementos de implementación

Para acceder a este apoio, os Estados membros deben presentar modificacións nos seus programas operativos nacionais ou rexionais, detallando as accións específicas que se financiarán baixo o mecanismo RESTORE.

A Comisión Europea avaliará e aprobará estas modificacións, asegurando que as accións propostas sexan coherentes cos obxectivos do Regulamento e que os fondos se utilicen de forma eficiente.

Ademais, establécese un procedemento de pre-financiamento, que permite aos Estados membros dispoñer de ata o 25 % do importe total da financiación aprobada antes da execución das accións, facilitando así unha resposta rápida ás necesidades inmediatas.

5. Impacto esperado e perspectivas futuras

Estímase que o mecanismo RESTORE mobilizará ata 3.000 millóns de euros para o período 2025-2027, con aplicación retroactiva para desastres ocorridos en 2024 e 2025.

Esta financiación complementará outros instrumentos da UE, como o EUSF, e contribuírá significativamente á recuperación das rexións afectadas.

A flexibilidade introducida no uso dos fondos permitirá unha adaptación máis eficaz ás necesidades específicas de cada rexión, promovendo unha recuperación máis rápida e sostible.

IV.5.7. A reprogramación dos programas de Galicia FEDER e FSE+ 2021-2027

A revisión intermedia da política de cohesión ofrece á Xunta de Galicia unha oportunidade para adaptar os programas FEDER e FSE+ 2021-2027 ao novo contexto europeo e internacional. O Regulamento (UE) 2025/1914, xunto coa creación da Plataforma de

Tecnoloxías Estratéxicas para Europa (STEP) e o mecanismo RESTORE, permite redirixir parte dos fondos cara ás novas prioridades da Unión, reforzando a súa capacidade para responder aos retos actuais.

Esta reprogramación persegue axustar os investimentos ás necesidades emerxentes de Galicia, asegurando que os fondos europeos sigan contribuíndo de maneira eficaz á transición verde e dixital, á autonomía industrial e tecnolóxica, á resiliencia hídrica, ao acceso á vivenda e á cohesión social.

Adaptación do Programa FEDER Galicia

No marco do Programa FEDER Galicia 2021-2027, a modificación supón unha reorientación significativa dos recursos dispoñibles, coa incorporación de cinco novos obxectivos específicos que reflicten as prioridades estratéxicas da Comisión Europea e as demandas do territorio:

- OE 1.6 (STEP): apoio a investimentos en I+D+i en tecnoloxías e sectores críticos.
- OE 1.7: reforzo das capacidades industriais en materia de defensa e uso dual.
- OE 2.5: mellora da resiliencia hídrica e xestión sostible da auga.
- OE 2.10 (RESTORE): reconstrución e recuperación das zonas afectadas por catástrofes naturais, como os incendios forestais de 2025.
- OE 2.11: fomento do acceso a unha vivenda alcanzable e sostible.

A reprogramación mantén o equilibrio interno do programa e prioriza os ámbitos de maior impacto estratéxico. A reasignación de fondos baséase en criterios de eficiencia e execución, reducindo a dotación de liñas con menor relevancia para orientar os recursos cara a novos retos:

- os proxectos de investigación xenérica (OE 1.1) reorientáronse cara á I+D aplicada e ás tecnoloxías STEP (OE 1.6);
- o apoio a pemes convencionais (OE 1.3) destinouse ao reforzo da capacidade industrial e tecnolóxica en defensa e seguridade (OE 1.7);
- os investimentos en eficiencia enerxética convencional (OE 2.1) fóronse adaptando para incluír actuacións vinculadas á automoción e á vivenda sostible (OE 2.11);
- e as liñas asociadas á adaptación climática (OE 2.4), á economía circular (OE 2.6) e á biodiversidade (OE 2.7) canalízanse agora cara á mellora da resiliencia hídrica (OE 2.5).

Así mesmo, incorpórase un novo eixe RESTORE (OE 2.10), que permitirá financiar accións de reconstrución, restauración ambiental e mellora da prevención fronte a incendios forestais nas áreas declaradas de catástrofe natural.

O papel do mecanismo RESTORE

As actuacións vinculadas ao mecanismo RESTORE, regulado polo Regulamento (UE) 2024/3236, teñen como obxectivo acelerar a recuperación das zonas afectadas polos incendios forestais de 2025, contribuíndo á restauración ambiental e á mellora da resiliencia territorial.

Entre as principais intervencións destacan:

- a rehabilitación e reparación de infraestruturas públicas e ambientais danadas polos incendios (educativas, sanitarias, viarias, forestais, etc.);
- a restauración hidrolóxica e ambiental para recuperar a funcionalidade dos chans e o equilibrio dos ecosistemas;
- a substitución de equipamento danado, incluíndo vehículos e medios de extinción;
- e a implantación de infraestruturas preventivas e de loita contra incendios, como bases de medios aéreos, instalacións loxísticas e centros de coordinación de emerxencias.

Estas accións combínanse co principio de reconstruír mellor, garantindo que a recuperación das zonas afectadas contribúa a unha maior sustentabilidade, seguridade e adaptación ao cambio climático.

Modificación do Programa FSE+ Galicia

En paralelo, o Programa FSE+ Galicia 2021-2027 incorporou novas actuacións centradas na formación e cualificación en sectores tecnolóxicos estratéxicos, en coherencia coa Plataforma STEP.

Entre as medidas introducidas destacan:

o lanzamento de ciclos e cursos de especialización de FP en ámbitos vinculados a tecnoloxías críticas e dixitais;

programas de formación para traballadores e desempregados en sectores de innovación avanzada;

e unha nova liña de apoio a entidades sociais para a dispoñibilidade de vivendas destinadas a colectivos vulnerables, cun orzamento inicial de 5 millóns de euros.

Así mesmo, créase a Prioridade 9: "Desenvolvemento de capacidades e cualificacións relacionadas co STEP", dotada con 22 millóns de euros, financiada parcialmente mediante a redución de intervencións con menor impacto, como os Polos de Emprendemento ou o Bono Formación.

Incentivos e vantaxes da reprogramación

A adaptación dos programas ás novas prioridades leva consigo un conxunto de incentivos financeiros e operativos que melloran a capacidade de execución dos fondos e aseguran un uso máis eficaz dos recursos:

- Prefinanciación adicional do 1,5 % para os programas que destinen máis do 10 % do seu orzamento ás novas prioridades, o que contribuirá ao cumprimento da regra N+3 en 2025.
- Ampliación do prazo de subvencionabilidade ata o 31 de decembro de 2030, que outorga un ano adicional para executar e certificar operacións.
- Anticipo do 20 % do importe reprogramado, facilitando a posta en marcha inmediata das novas actuacións.
- Incremento da taxa de cofinanciación europea en 10 puntos porcentuais, pasando do 60 % ao 70 % nas actuacións STEP e de vivenda.
- Cofinanciación do 95 % para as accións RESTORE destinadas á recuperación postincendios.

Estas medidas dotan á reprogramación dunha maior flexibilidade financeira, marxe temporal e capacidade de resposta, asegurando que Galicia poida implementar con éxito os novos eixes de investimento definidos pola Comisión.

Coherencia estratéxica e visión de futuro

A reprogramación mantén unha coherencia plena coa planificación autonómica e coas políticas de desenvolvemento da Xunta de Galicia. As novas actuacións intégranse:

co Plan Galego de Investigación e Innovación 2025-2027,

coa Iniciativa Estratéxica Galega en Aeroespazo, Seguridade e Defensa 2025-2030,

coa Axenda Galega de Capacidades para o Emprego 2024-2027,

coa Estratexia Galega de Formación Profesional 2030,

e coa Estratexia Galega de Solo Residencial, que persegue duplicar o parque público de vivenda antes de 2028.

Deste modo, Galicia reforza o seu compromiso cun modelo de desenvolvemento sostible, innovador e inclusivo, aliñado cos grandes obxectivos europeos de competitividade, seguridade e cohesión social.

Conclusión

A reprogramación dos programas FEDER e FSE+ de Galicia 2021-2027 supón un avance decisivo na adaptación da política de cohesión ao novo contexto europeo, permitindo que a Comunidade Autónoma reoriente máis do 10 % dos fondos cara ás novas prioridades: tecnoloxías estratéxicas, defensa e uso dual, resiliencia hídrica, vivenda sostible e reconstrución postincendios.

Con estas modificacións, Galicia mellora a súa capacidade de execución, aproveita as novas condicións financeiras e reforza a súa posición como rexión líder na aplicación da política de cohesión, contribuíndo activamente á autonomía estratéxica, á sustentabilidade e á solidariedade europeas.

IV.6. A execución do PRTR pola Xunta de Galicia: O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

IV.6.1. Introdución

O Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) é un instrumento temporal que constitúe o elemento principal de NextGenerationEU, o plan da Unión Europea para saír máis fortes e resilientes da crise derivada da pandemia COVID-19.

Gráfico 1. Cifras do instrumento NextGenerationEU para Europa e España. Prezos correntes en millóns de euros



Fonte. Elaboración propia a partir de datos da Comisión Europea.

A través do Mecanismo, a Comisión Europea recada fondos mediante préstamos nos mercados de capitais, grazas á emisión de bonos en nome da UE. A continuación, póñense ao dispor dos Estados membros para que leven a cabo reformas e investimentos de gran

alcance ata finais de 2026, que deben estar recollidos nos plans nacionais de recuperación e resiliencia, co fin de:

- facer que as súas economías e sociedades sexan máis sostibles e resilientes e estean mellor preparadas para as transicións ecolóxica e dixital, en sintonía coas prioridades da UE;
- facer fronte aos retos que se sinalaron nas recomendacións específicas por país, no marco de coordinación da política económica e social do Semestre Europeo.

O Mecanismo establécese no Regulamento (UE) 2021/241 e o seu obxectivo xeral é lograr unha recuperación sustentable e resiliente, á vez que se promoven as prioridades ecolóxicas e dixitais da UE, contribuíndo á aplicación do piar europeo de dereitos sociais e contribuíndo á autonomía estratéxica da Unión xunto cunha economía aberta e xerando valor engadido europeo.

O ámbito de aplicación do Mecanismo inclúe prioridades da UE estruturadas en seis piares:

- Transición ecolóxica: centrarse nas tecnoloxías e capacidades ecolóxicas; mobilidade sostible, eficiencia enerxética e enerxías renovables, adaptación ao cambio climático, economía circular e biodiversidade.
- Transición dixital: promover o despregamento de redes de moi alta capacidade, a dixitalización dos servizos públicos, os procesos gobernamentais e as empresas, en particular as pemes; desenvolver competencias dixitais básicas e avanzadas e apoiar o I+D relacionada coa dixitalización.
- Crecemento intelixente, sustentable e integrador: promover o espírito empresarial, a competitividade e a industrialización; mellorar a contorna empresarial; fomentar a investigación, o desenvolvemento e a innovación, apoiar ás pemes.
- Cohesión social e territorial: mellorar as infraestruturas e os servizos sociais e territoriais, incluídos os sistemas de protección e benestar sociais e a inclusión dos grupos desfavorecidos; apoiar o emprego e o desenvolvemento de capacidades; crear postos de traballo estables e de calidade.
- Saúde e resiliencia económica, social e institucional: mellorar a resiliencia, a accesibilidade e a calidade da asistencia sanitaria e dos coidados de longa duración, incluídas medidas para avanzar na súa dixitalización; aumentar a eficacia dos sistemas de administración pública.
- Políticas para a próxima xeración: mellorar o acceso e a calidade do ensino xeral, profesional e superior; centrarse na educación dixital, a educación e os coidados da primeira infancia; apoiar o emprego xuvenil.

As cifras do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España (PRTR).

A primeira fase do Plan foi aprobado pola Comisión Europea o 13 de xullo de 2021. Recolle 69.528 millóns de euros en transferencias, vencellados ao cumprimento de 110 investimentos e 102 reformas.

O Plan de Recuperación está deseñado desde unha perspectiva nacional, sen ter en conta ás CC.AA. e polo tanto sen atender ás particularidades e a realidade socioeconómica de cada Comunidade Autónoma.

A primeira fase do PRTR estaba composto por 4 Eixos, 10 Pancas e 30 Compoñentes:

En 2021 publicáronse as cifras actualizadas de PIB de 2020 e 2021, cos que a CE aprobou a asignación definitiva dos EE.MM. Así, España percibe 7.706 M€ adicionais de transferencias.

Por outro lado, o MRR tamén é esencial para a aplicación do plan REPowerEU, a resposta da Comisión aos problemas socioeconómicos e as perturbacións do mercado mundial da enerxía que provocou a invasión rusa de Ucraína. España recibe 2.586 millóns de euros deste instrumento, que, xunto con 58 do Fondo de Axuste do Brexit, reforzan o PERTE de Enerxías Renovables, Hidróxeno e Almacenamento (ERHA).

En xuño de 2023, o Goberno central presentou a Addenda ao Plan que recolle a mobilización do total de transferencias e préstamos asignados a España ata 2026, concentrando os investimentos e reformas adicionais no reforzo da autonomía estratéxica de España e Europa. O Consello Europeo de Economía e Finanzas aprobou a Addenda o 17 de outubro de 2023. Tras a aprobación desta addenda de 2023 deben cumprirse un total de 254 medidas (reformas e investimentos) para a execución do Plan.



Tras a addenda de 2023, o Plan reforza a súa énfase na transición verde, destinando o 40% dos fondos dispoñibles a medidas que apoien os obxectivos climáticos, así como o 30% da súa asignación total para impulsar a transición dixital. Ademais, inclúe unha significativa dimensión social, con iniciativas de protección social, especialmente dirixidas á capacitación e á reconversión dos traballadores.

O Plan conta cun total de 12 Proxectos Estratéxicos para a Recuperación e Transformación Económica (PERTE), cunha asignación superior aos 41.000 millóns de euros en transferencias non reembolsables e préstamos:

Táboa 1. Dotación financeira dos Proxectos Estratéxicos para a Recuperación e Transformación Económica (PERTE)

PERTE		ADDENDA				
	TRANSFERENCIAS 1ª fase Plan	TRANSFERENCIAS ADICIONAIS	PRÉSTAMOS	REPowerEU	TOTAL ADDENDA	TOTAL (Fase 1ª + addenda)
Microelectrónica e Semicondutores (Chip)	275	1.225	10.750		11.975	12.250
Enerxías Renovables, Hidróxeno Renovable e Almacenamento (ERHA)	6.600	1.557	---	2.644	4.201	10.801
Vehículo Eléctrico e Conectado (VEC)	2.870	250	1.000		1.250	4.120
Dixitalización do Ciclo da Agua	430	1.250	1.805		3.055	3.485
Descarbonización Industrial	450	1.020	1.700		2.720	3.170
Economía dos Coidados	766	1.000			1.000	1.766
Saúde de Vanguardia	810	500	330		830	1.640
Industria agroalimentaria	747	150	460		610	1.357
Aeroespacial	591	100	240		340	931
Economía Circular	192	600	---		600	792
Nova Economía da Lingua	324	---	401		401	725
Naval	150	---	---		---	150
TOTAL	14.205	7.652	16.686	2.644	26.982	41.187

Fonte. Addenda do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Ata finais de setembro de 2025, o importe de convocatorias publicadas asociadas aos PERTE ascende a 19.636 millóns de euros, o 47,3% do asignado aos mesmos, destinándose tan só un 5,5% a proxectos en Galicia.

No que se refire aos préstamos, o importe máximo do préstamo para cada Estado membro non debe exceder do 6,8 % da súa renda nacional bruta (RNB) en 2019. Varios países non solicitaron a axuda en forma de préstamos, como por exemplo Alemaña, Francia ou Países Baixos. Outros Estados como España, Italia, Grecia ou Portugal solicitaron o tramo de préstamos en porcentaxes diferentes da RNB, no marco das modificacións dos Plans de Recuperación e Resiliencia.

España incorporou ao Plan 83.160 millóns de euros en préstamos na addenda de 2023, case o máximo permitido. Para o reforzo dos PERTE (ver táboa anterior) destínanse 16.686 millóns de euros e a mobilización dos outros 66.474 millóns de euros está prevista a través da utilización de doce fondos, que permitirán ir xestionando a débeda correspondente.

Dentro destes instrumentos, o Fondo de Resiliencia Autonómico mobilizará ata 20.000 millóns de euros e ten por obxectivo facilitar o acceso ao financiamento nas Comunidades Autónomas para desenvolver proxectos en 8 áreas prioritarias: vivenda social e alcanzable, rexeneración urbana, transporte e turismo sostible, transición enerxética, xestión de augas e residuos, economía dos coidados, investigación, desenvolvemento e innovación, e competitividade industrial e das Pequenas e Medianas Empresas.

Está xestionado polo Grupo Banco Europeo de Inversións que se encargará da identificación, avaliación e seguimento dos proxectos financiados.

A primeira fase conta cunha dotación de 3.400 millóns de euros. Inclúe un mecanismo directo, para cofinanciar operacións apoiadas polo BEI en sectores como as enerxías renovables, o transporte limpo ou as infraestruturas sostibles e un mecanismo intermediado, xestionado por intermediarios financeiros seleccionados polo BEI, para apoiar proxectos de desenvolvemento urbano e turismo sostible. Ademais, hai dous instrumentos intermediados polo Fondo Europeo de Investimentos que facilitarán o financiamento das pemes en materia de innovación, sustentabilidade e competitividade.

Para cada instrumento financeiro créase un órgano colexiado que actuará como Consello de Inversións que será o encargado de aprobar, monitorizar e/ou supervisar a implantación do Instrumento de acordo coa súa estratexia de inversión.

En xuño de 2025 a Comisión Europea aprobou a comunicación "NextGenerationEU - O camiño a 2026", na que fai un breve repaso sobre os resultados acadados polo MRR , insiste na necesidade de acelerar a implantación das medidas nos Estados Membros e establece unhas liñas guía para o peche dos Plans Nacionais de Recuperación e Resiliencia,

cuxos fitos e obxectivos deben estar acadados a 31 de agosto de 2026, entre as que recomenda a revisión e addenda dos Plans para asegurar a absorción total de fondos previstos e os desembolsos aos Estados Membros.

En setembro de 2025 o Consello de Ministros aprobou unha nova addenda ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para o apoio á Recuperación e Resiliencia en resposta a desastres naturais que incorpora unha nova compoñente para dar cobertura e ampliar os gastos executados na resposta e reconstrución tras os danos provocados pola Depresión Illada en Niveis Altos (DINA), rexistrada entre o 28 de outubro e o 4 de novembro de 2024. A nova compoñente 32, dótase de 1.241 millóns de euros que proveñen da reorientación doutros fondos xa incluídos no Plan, que se agrupan en seis medidas: i) mobilidade e infraestruturas verdes e sostibles; ii) restauración de infraestruturas hídricas, medioambientais e agrícolas; iii) oportunidades de emprego de persoas traballadoras para a reconstrución e dinamización socio-económica dos territorios afectados pola DINA; iv) prevención e loita de catástrofes naturais: nova constelación atlántica ESCA+; v) avaliación de programas de apoio á internacionalización das empresas dos territorios afectados pola DINA e para facer fronte á crise arancelaria; e vi) facilidade para fortalecer a resiliencia dos sectores produtivos ante as crises externas.

Asignacións e execución do PRTR pola Xunta de Galicia

O importe total do tramo de transferencias do PRTR ascende a 79.878 millóns de euros. Para acadar os fitos e obxectivos establecidos no Plan, os departamentos ministeriais transfiren unha parte dos fondos ás Comunidades Autónomas e entidades locais, a través de conferencias sectoriais, reais decretos e convenios. Así, as Comunidades Autónomas so xestionan o 36% das transferencias e o 17,9% sobre os fondos totais do PRTR, é dicir, 29.106 millóns de euros. Os proxectos que xestionan as CC.AA. veñen definidos polos ministerios, sen ningunha flexibilidade para reorientalos tendo en conta as distintas necesidades de cada territorio, o cal imposibilita unha adaptación ás distintas realidades territoriais

Segundo os datos do Ministerio de Economía a 31 de agosto de 2025, a asignación actual á Comunidade Autónoma de Galicia ascende a 1.751 millóns de euros, o 6% do total distribuído ás CC.AA.

Máis do 50% dos recursos asignados a Galicia concéntranse en 10 proxectos: investimento en equipos de alta tecnoloxía sanitaria; plan de dixitalización da educación; convenios de sustentabilidade turística; ampliación de prazas de Formación Profesional e creación de centros bilingües; coidados de longa duración e melloras das infraestruturas residenciais; programas de apoio ao emprego; actuacións de rehabilitación a nivel de edificio; construción de vivendas en alugueiro social en edificios enerxeticamente eficientes;

axudas ao autoconsumo eléctrico; e os programas de incentivos ligados á mobilidade eléctrica (MOVES III).

Ata o 30 de setembro de 2025, o importe transferido á Comunidade Autónoma que a Xunta ten a disposición para a execución do MRR ascende a 1.635 millóns de euros para financiar os diferentes proxectos que teñen que acadar o cumprimento de fitos e obxectivos antes do 31 de agosto de 2026.Con datos a 30 de setembro de 2025, a Xunta de Galicia ten comprometido un total de 1.402 millóns de euros de fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, o que representa un 86% sobre os ingresos recibidos que a Xunta ten a disposición para a execución do MRR. Ademais, ten publicadas convocatorias de axudas e licitacións de contratos por un total de 1.517 millóns de euros, o cal representa un 92% sobre o ingreso neto. O gasto executado ascende nestes momentos a 981 millóns de euros.

As actuacións que a Xunta de Galicia está a levar a cabo cos fondos MRR asignados benefician xa a mais de 47.500 persoas físicas, 8.000 persoas autónomas ou mais de 6.000 entidades e sociedades e a máis do 90% das entidades locais galegas.

Ata o de agora, a Xunta de Galicia con cargo aos fondos MRR ten convocado un total de 130 liñas de axudas, promovido mais de 400 licitacións de contratos e asinados case 150 convenios en ámbitos como a transición verde e transformación dixital, a protección social e a educación, a ciencia e a saúde ou a industria, comercio e turismo.

En relación coa execución dos fitos e obxectivos establecidos no PRTR, cuxa consecución sitúase maioritariamente no segundo trimestre de 2026, con datos a 30 de setembro a Xunta de Galicia acadou para 54 obxectivos un nivel de realización do 100%, o que representa case o 50% dos obxectivos asignados.

Calendario de desembolsos

A 30 de setembro de 2025 España ten ingresados 55.092 millóns de euros en 5 desembolsos de transferencias non reembolsables. Ademais, o Tesouro español recibiu 16.274 millóns de euros correspondentes ao tramo de préstamos. En total, a Comisión Europea xa pagou a España 71.366 millóns de euros, dos que máis de 23.000 millóns tiveron lugar no último ano.

España aínda ten 23.154 millóns de euros en transferencias do MRR non reembolsables sen resolver. En canto ao cumprimento dos 586 fitos e obxectivos incluídos na Decisión de Execución do Consello (CID) aprobada no 2023 (a addenda aprobada durante o 2025 aínda non esta publicada), a Comisión Europea aprobou o cumprimento de 264 fitos e obxectivos, iso implica que aínda quedan por cumprir o 55% nos próximos 9 meses.

A Comisión valorou positivamente as tres primeiras solicitudes de pagamento de España, tendo en conta o ditame do Comité Económico e Financeiro. Isto provocou que se desembolsasen 28.000 millóns de euros, en canto ao cuarto que a Comisión avaliou positivamente o 19 de xullo de 2024, provocou o desembolso de 9.900 millóns de euros o 26 de xullo de 2024, porén a CE sancionou a España polo incumprimento dun obxectivo, o que supón 158 millóns de euros menos.

A solicitude de pago máis recente é do 19 de decembro de 2024, e a Comisión Europea fixo o pagamento o 8 de agosto de 2025 por valor de 24.137 millóns de euros, asociada a 69 fitos e obxectivos de reformas e investimentos, inclúense ademais 139 millóns de euros procedentes do incumprimento do cuarto pagamento. Os 264 fitos e obxectivos relacionados abranguían reformas e investimentos, como reformas de medidas fiscais que contribúen á transición, e outros nos ámbitos da dixitalización, a saúde, a educación, xustiza, a transición ecolóxica, as enerxías renovables, a fiscalidade, o mercado laboral, as infraestruturas e o apoio ás pemes.

IV.7. ALIÑAMENTO DOS ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA COS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE

No exercicio 2021 presentouse por primeira vez a vinculación dos Orzamentos da Comunidade Autónoma aos 17 obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda 2030. Continuando coa a labor iniciada no 2021, incorpórase de novo aos orzamentos do ano 2026 un informe de aliñamento, que permite valorar como contribuirán as partidas orzamentarias á consecución dos obxectivos marcados polas Nacións Unidas.

Ilustración 1. Obxectivos de desenvolvemento sustentable definidos por Nacións Unidas

Fonte: Nacións Unidas

O principal obxectivo do informe é reflectir a relación entre os 17 ODS e as políticas e programas orzamentarios previstos nos Orzamentos Xerais da Comunidade autónoma de Galicia para o ano 2026.

O Informe circunscríbese ás entidades con orzamento limitativo e refírese aos estados de gastos dos Orzamentos consolidados. Ademais, realízase en termos de políticas e programas de gasto.

Para determinar o grao de contribución de cada política de gasto no logro dos ODS, identificáronse en primeiro lugar os ODS que teñen unha relación directa coas actuacións contempladas dentro de cada unha das políticas. Para o citado análise identificamos as políticas de gasto coas prioridades de actuación que recolle o Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030; e o nivel de análise levouse a cabo ao detalle de proxecto, observando a conexión das actuacións de cada un deles coas metas específicas recollidas en cada ODS. En concreto, levouse a cabo o aliñamento de máis de *2.150 proxectos, recollidos en 113 programas de gasto*, clasificados á súa vez nas *21 prioridades de actuación* do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030.

Para facilitar o análise, os resultados se amosan tendo en conta os tres alicerces que sustentan o Desenvolvemento Sustentable, que son: o crecemento económico inclusivo, o benestar e xustiza social e a protección do medio ambiente. Estes tres alicerces enmárcanse ademais nunha dimensión institucional, configurada como elemento de cohesión que posibilita o desenvolvemento das políticas orientadas ao logro dos obxectivos da Axenda 2030.

Cada unha das dimensións concentra por tanto varios ODS dos 17 previstos da Axenda 2030.

Ilustración 2. Dimensións diferenciadas dentro do conxunto dos ODS



Fonte: Nacións Unidas

Unha vez diferenciadas as catro dimensións fundamentais nas que se basea o desenvolvemento sustentable, lévase a cabo unha análise de cada unha delas, amosando as prioridades de actuación e os programas de gasto vinculados a cada unha, cos seus importes correspondentes.

No informe completo de aliñamento, dentro da análise de cada dimensión, realízase unha avaliación máis detallada de cada un dos ODS, tendo en conta as principais metas que establecen as Nación Unidas para á consecución dos obxectivos, así coma un pequeno diagnóstico da situación actual de Galicia en cada ámbito de actuación.

No que se refire aos principais resultados, o ***92% do orzamento está aliñado cos ODS,*** un 71% na dimensión social, un 11% na económica, o 8% na medioambiental e un 2% na institucional.

Cadro 9: Aliñamento dos orzamentos 2026 coas dimensións da Axenda 2030

	2026	% sobre o total
Dimensión social	10.065.754.183	71%
Dimensión económica	1.632.385.033	11%
Dimensión medioambiental	1.144.411.705	8%
Dimensión institucional	290.074.520	2%
Non aliñado	1.107.037.856	8%
	14.239.663.297	



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Se temos en conta cada un dos ODS, o reparto do orzamento quedaría da seguinte maneira:

Cadro 10: Reparto do orzamento de 2026 entre os 17 ODS

Obxectivos de desenvolvemento sustentable	Orzamento 2026	% sobre o total
1. Fin da pobreza	56.920.701	0,4%
2. Fame cero, nutrición e agricultura sustentable	166.780.616	1,2%
3. Vida saudable e benestar	5.678.998.794	39,9%
4. Educación de calidade	2.987.903.751	21,0%
5. Igualdade de xénero	92.691.351	0,7%
10. Redución das desigualdades	1.082.458.970	7,6%
8. Traballo decente e crecemento económico	908.122.182	6,4%
9. Industria, innovación e infraestruturas	724.262.851	5,1%
6. Auga limpa e saneamento	52.589.722	0,4%
7. Enerxía asequible e sustentable	105.153.688	0,7%
11. Cidades e comunidades sustentables	450.399.342	3,2%
12. Produción e consumo responsables	24.462.828	0,2%
13. Acción polo clima	257.679.533	1,8%
14. Vida submarina	103.063.699	0,7%
15.Vida dos ecosistemas terrestres	151.062.893	1,1%
16. Paz, xustiza e institucións sólidas	266.154.558	1,9%
17. Alianzas para cumprir os obxectivos	23.919.962	0,2%
Non aliñado	1.107.037.856	7,8%
Total	**14.239.663.297**	

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

O ODS 3, relacionado coa vida saudable e o benestar, é o ODS que concentra a maior contía respecto do total (39,9%), seguido polo ODS 4 relacionado coa educación e a formación (21%), ambos ODS pertencentes á dimensión social.

A información máis detallada pode consultarse no Informe completo de "Aliñamento dos Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia coa Axenda 2030".

orz4mentos5 2026

ORZAMENTOS XERAIS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2026

Informe económico e financieiro

V. ORZAMENTOS XERAIS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2026

V.1. Evolución das fontes de financiamento. O impacto da regra de gasto.

Os Orzamentos do exercicio 2026 están fortemente condicionados pola implantación, no ano 2024, do novo marco fiscal europeo, que coincide coa volta á aplicación das regras fiscais despois de varios anos de suspensión, primeiro como consecuencia da pandemia e, posteriormente, pola crise enerxética derivada da guerra de Ucraína.

No novo marco fiscal, a variable operativa de referencia é a senda de gasto neto, comprometéndose os Estados membros a manter a evolución do gasto por debaixo das taxas de crecemento fixadas na dita senda.

Cómpre ter en conta que, nas fases expansivas do ciclo económico, e coa finalidade de evitar que o sector público aplique políticas fiscais procíclicas, a regra fiscal do obxectivo de estabilidade orzamentaria perde relevancia fronte á regra de gasto, que se converte no principal instrumento de disciplina fiscal.

Deste xeito, a aplicación dunha regra de gasto do 3,5% sobre uns recursos propios autonómicos que medran preto dun 6%, obriga a que o saldo orzamentario non financeiro peche en superávit.

Polo que a elaboración dos Orzamentos do 2026 elabóranse cunha previsión de superávit orzamentario non financeiro e, polo tanto, sen ter que recorrer ao endebedamento por terceiro ano consecutivo (agás no importe correspondente aos reintegros das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009).

Ademais hai que ter en conta que o Consejo de Ministros aínda non aprobou os acordos necesarios para establecer unha nova senda de obxectivos de estabilidade orzamentaria para os anos 2026-2028.

V.1.1. Evolución dos recursos do sistema de financiamento autonómico.

Os importes dos recursos do sistema de financiamento que se inclúen no proxecto de orzamentos realízase en base a unha comunicación realizada polo Ministerio de Hacienda na que unicamente se inclúe a previsión do importe global das entregas a conta do exercicio 2026 e a previsión de liquidación correspondente ao 2024.

Polo que os servizos da Consellería de Facenda tiveron que estimar, a partir da cantidade global das entregas a conta comunicada polo Ministerio, o importe de cada unha

das entregas a conta dos distintos conceptos que integran o sistema de financiamento autonómico.

No conxunto, os ingresos procedentes do sistema de financiamento medran un 6,7% respecto do ano anterior, como consecuencia do incremento das entregas a conta nun 6% e ao aumento da previsión de liquidación do exercicio 2024 nun 16% respecto á do exercicio anterior.

Na gráfica seguinte recóllese a evolución dos ingresos do sistema de financiamento desde o ano 2011, unha serie longa de ingreso do sistema en termos de caixa, é dicir, nas contías que foron ingreso orzamentario efectivo en cada exercicio, correspondentes á suma das entregas a conta do exercicio correspondente, máis (ou menos se é negativa) a liquidación do exercicio n-2 (ademais, desde o ano 2011 se está a reintegrar os importes das liquidacións negativas xeradas nos exercicios 2008 e 2009).

Gráfico I. Galicia - Ingresos do sistema de financiamento (inicial) vs PIB.



Como pode verse o sistema non sempre evoluciona de xeito correlativo ao PIB, malia que a recadación tributaria garda unha importante correlación con este índice, a dinámica dos fondos de nivelación e as liquidacións que vencellan o peche do sistema ao exercicio n-2 distorsionan esta relación.

Neste sentido, a pesar dos fortes incrementos do PIB nominal rexistrados nos exercicios 2021 e 2022, como corrección tras a profunda caída provocada pola pandemia, os ingresos derivados do sistema de financiamento autonómico non evolucionaron na mesma proporción; de feito, chegaron a diminuír, especialmente no ano 2022, como consecuencia da forte liquidación negativa recibida nese exercicio, que, no caso de Galicia, foi de -392,2 millóns de euros.

Esta liquidación negativa xa se anticipaba ante a intensa contracción do PIB no ano 2020 e o mantemento dos ingresos do sistema nese exercicio, o que xerou un desaxuste temporal na súa evolución.

Desde entón, os recursos do sistema de financiamento experimentaron un crecemento moi significativo, debido ao forte aumento da recadación tributaria tras a pandemia, moi por riba dos incrementos do PIB, especialmente no ano 2024, como consecuencia da importante liquidación positiva percibida, que superou os 1.000 millóns de euros.

Este comportamento extraordinario no exercicio 2024 explica que o incremento previsto para 2025 sexa máis moderado, ao compararse cun ano de forte excepcionalidade.

Para o exercicio 2026, espérase que tanto a variación dos recursos do sistema de financiamento como a do PIB nominal evolucionen de forma máis homoxénea, aínda que se prevé un maior crecemento dos recursos do sistema de financiamento respecto do PIB.

Gráfico II. Galicia - Evolución entregas a conta vs PIB nominal.



O cálculo das entregas a conta mostra un crecemento tendencial con certa relación coa evolución da economía. No que atinxe ás liquidacións, estas amosan unha evolución discordante co PIB do exercicio corrente, que mellora cando se comparan co PIB do exercicio n-2 ao que fan referencia, que é o que se recolle na seguinte gráfica. A forte baixa do exercicio 2019 mostra a sensible merma na liquidación do ano 2017 pola non

compensación no IVE da implantación do sistema de Subministro Inmediato de Información (SII) da AEAT.

Gráfica III. Evolución das liquidacións do sistema de financiamento



Aínda así, as disparidades que se producen entre as liquidacións e o PIB do exercicio n-2 derivan fundamentalmente do grao de acerto na estimación das entregas a conta e do funcionamento dos fondos de nivelación e cooperación, que responden a unha lóxica distinta da evolución do PIB.

Agás a anomalía rexistrada no exercicio 2019, as restantes liquidacións só se afastan da evolución do PIB n-2 pola incorporación de novas comunidades autónomas ao Fondos de Cooperación, que, especialmente entre os anos 2014 e 2018, xeraron menores rendementos ao ter que repartirse entre un maior número de beneficiarios.

Este efecto deixou de producirse progresivamente, ao reducirse desde entón o número de comunidades beneficiarias do segundo subfondo, de modo que, na liquidación correspondente ao exercicio 2023, só houbo cinco comunidades autónomas beneficiarias, unha máis que no momento de aprobación do modelo vixente, e lonxe das dez que chegaron a percibilo entre os anos 2014 e 2018.

V.1.2. Evolución do resto de ingresos tributarios, dos ingresos patrimoniais e do alleamento de investimentos reais.

Respecto dos recursos propios non financeiros da comunidade autónoma, nos que se inclúen os tributos cedidos xestionados pola Xunta, os cedidos non xestionados, os tributos propios, os prezos públicos e privados, os ingresos patrimoniais e do alleamento de investimentos reais; experimentan unha caída dun 3,7% respecto ao ano 2025.

A súa evolución depende en gran medida da evolución dos principais tributos cedidos: o Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITP-AXD), o Imposto sobre sucesións e doazóns (ISD), e o Imposto sobre o Patrimonio, xa que estes tres impostos representan máis da metade desta partida.

O ITP-AXD mostra un comportamento positivo, cun incremento do 4,1%, impulsado fundamentalmente pola recuperación do mercado inmobiliario.

Noutra das grandes figuras impositivas, o ISD, estímase unha recadación de 170,4 millóns de euros, un 6,2% menos que en 2025. No Imposto sobre o Patrimonio, a previsión de recadación é de 64,8 millóns de euros, o que representa un aumento do 3,1% con respecto a 2025.

Pola unha banda, outros tributos como o Canon Eólico ou o Imposto sobre o Dano Medioambiental de Augas Encoradas manteñen unha evolución estable respecto do exercicio anterior. Pola contra, impostos como o Imposto Especial sobre Determinados Medios de Transporte, os tributos sobre o xogo, ou o Imposto sobre os Depósitos nas Entidades de Crédito, presentan unha tendencia á baixa en relación aos valores mostrados no ano 2025.

Total ingresos tributarios

En total os ingresos dos capítulos I, II e III aumentan nun 11,1% respecto ao orzamento do ano anterior. No seguinte gráfico pode verse a evolución dos ditos ingresos desde o ano 2018, que mostra unha senda ascendente debido ao importante incremento da recadación tributaria nos últimos anos.

Gráfica IV. Ingresos Tributarios



V.1.3. Evolución dos fondos finalistas e europeos

Por outra parte, o importe das transferencias finalistas doutras administracións diminúen respecto ao ano anterior nun 9,18% ata os 1.964,3 millóns de euros. Estas proceden basicamente da Administración Xeral do Estado e dos Fondos Europeos.

No que atinxe as fondos finalistas procedentes da Administración Xeral do Estado incrementan o seu importe nun 11,4% respecto ao ano anterior e, en canto aos fondos europeos decrecen un 22,5% con respecto ao ano anterior derivado da baixada dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) en 338 millóns de euros, xa que o ano 2025 foi o último ano completo de execución dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) e, o límite previsto para finalizar a execución é, con carácter xeral, o verán de 2026.

V.1.4. Evolución global dos ingresos.

Os ingresos totais nos Orzamentos Xerais para 2026 ascenden a 16.343,5 millóns de euros, dos que os ingresos non financeiros son 14.514,4 millóns de euros, e os ingresos financeiros 1.829,1 millóns, segundo o seguinte detalle por capítulos:

Cadro I. Cadro de ingresos do orzamento consolidado. miles de euros

Distribución económica							
				Variación 2026/2025		Valor Relativo	
	Capítulos	2025	2026	Importe	%	2025	2026
I	Impostos directos	4.072.768	4.553.428	480.660	11,8	25,9	27,9
II	Impostos indirectos	3.931.866	4.372.321	440.454	11,2	25,0	26,8
III	Taxas, prezos e outros ingresos	190.031	179.550	-10.481	-5,5	1,2	1,1
IV	Transferencias correntes	4.511.795	4.363.863	-147.933	-3,3	28,7	26,7
V	Ingresos patrimoniais	36.167	20.934	-15.233	-42,1	0,2	0,1
OPERACIÓNS CORRENTES		**12.742.627**	**13.490.095**	**747.468**	**5,9**	**81,0**	**82,5**
VI	Alleamento de investimentos reais	7.306	2.411	-4.895	-67,0	0,0	0,0
VII	Transferencias de capital	1.274.724	1.021.858	-252.866	-19,8	8,1	6,3
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**1.282.030**	**1.024.269**	**-257.761**	**-20,1**	**8,1**	**6,3**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**14.024.657**	**14.514.364**	**489.707**	**3,5**	**89,1**	**88,8**
VIII	Activos financeiros	100.547	100.546	-1	-0,0	0,6	0,6
IX	Pasivos financeiros	1.615.336	1.728.578	113.242	7,0	10,3	10,6
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		**1.715.883**	**1.829.124**	**113.241**	**6,6**	**10,9**	**11,2**
	Total	**15.740.540**	**16.343.489**	**602.948**	**3,8**	**100,0**	**100,0**

O total de ingresos non financeiros crece respecto ao orzamento axustado do ano anterior en 489,7 millóns de euros, un 3,5% máis. Este incremento débese ao incremento que experimentan os ingresos correntes, un 5,9% máis que no ano 2025, xa que os ingresos de capital diminúen nun -20,1%.

O incremento dos ingresos correntes explícase fundamentalmente polo aumento experimentado dos recursos do sistema de financiamento autonómico nun 6,7%. Este incremente débese, por unha banda, á subida das entregas a conta nun 6% e, por outra banda, ao forte incremento na previsión de liquidación do exercicio 2024, a cal se incrementan nun 16% respecto do exercicio anterior.

En canto aos ingresos de operacións de capital prodúcese unha diminución de 257,7 millóns de euros, un 20,1% menos que no ano 2025. Isto é consecuencia da importante diminución que sofren as transferencias de capital, que o fan nun 19,8%, o que representa uns 252 millóns de euros menos que no exercicio anterior, principalmente como consecuencia da forte minoración experimentada polos fondos MRR.

En canto aos ingresos financeiros, medran un 6,6% como consecuencia do aumento necesario para amortizar débeda.

V.2. Evolución dos gastos e das principais magnitudes.

V.2.1. Evolución global do gasto non financeiro.

O gasto consolidado para o ano 2026 acada a suma de 16.343,5 millóns de euros, dos que 14.239,7 millóns corresponden a gasto non financeiro e 2.103,8 millóns a gasto financeiro, co detalle que mostra a seguinte táboa:

Cadro II. Cadro de gasto do orzamento consolidado. miles de euros

Distribución económica							
				Variación 2026/2025		Valor Relativo	
	Capítulos	2025	2026	Importe	%	2025	2026
I	Gastos de persoal	5.147.121	5.288.781	141.661	2,8	32,7	32,4
II	Gastos en bens correntes e servizos	2.320.587	2.422.382	101.796	4,4	14,7	14,8
III	Gastos financeiros	214.277	215.107	830	0,4	1,4	1,3
IV	Transferencias correntes	3.277.464	3.493.855	216.391	6,6	20,8	21,4
OPERACIÓNS CORRENTES		**10.959.448**	**11.420.125**	**460.677**	**4,2**	**69,6**	**69,9**
V	Fondo de continxencia	16.839	16.839	0	-	0,1	0,1
VI	Investimentos reais	1.684.114	1.594.138	-89.976	-5,3	10,7	9,8
VII	Transferencias de capital	1.293.500	1.208.561	-84.939	-6,6	8,2	7,4
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**2.977.613**	**2.802.699**	**-174.915**	**-5,9**	**18,9**	**17,1**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**13.953.901**	**14.239.663**	**285.762**	**2,0**	**88,6**	**87,1**
VIII	Activos financeiros	231.988	455.387	223.399	96,3	1,5	2,8
IX	Pasivos financeiros	1.554.652	1.648.438	93.787	6,0	9,9	10,1
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		**1.786.640**	**2.103.825**	**317.186**	**17,8**	**11,4**	**12,9**
	Total	**15.740.540**	**16.343.489**	**602.948**	**3,8**	**100,0**	**100,0**

O gasto non financeiro aumenta en 285,7 millóns de euros, o que supón unha variación dun 2%, os cales se destinan principalmente a reforzar os servizos públicos fundamentais.

Os créditos destinados a operacións correntes ascenden a 11.420,1 millóns de euros, o que implica un incremento do 4,2%, respecto ao exercicio 2025.

Por outro lado, os créditos destinados a operacións de capital ascenden a 2.802,7 millóns de euros, o que supón unha diminución do 5,9% respecto do ano anterior.

V.2.2. Evolución do gasto corrente.

Un dos principios esenciais para garantir a solvencia das administracións é controlar o crecemento do gasto corrente. Nas contas do ano 2026 ponse de manifesto o esforzo da administración por controlar a evolución das partidas de gasto asociadas ó funcionamento operativo dos servizos, moi afectado pola elevada inflación producida nos últimos anos, de

xeito que se ralentiza o seu crecemento, xa que mentres no ano 2025 aumentou un 4,9% respecto do ano 2024, no ano 2026 aumenta un 4,2% respecto ao exercicio precedente.

Gráfica V. Gasto corrente



O gasto de persoal medra un 2,8% alcanzando os 5.288,8 millóns de euros, principalmente debido aos incrementos previstos para as retribucións para o vindeiro ano.

A evolución do gasto corrente en bens e servizos presenta unha estabilización, despois de varios anos nos que experimentou un forte crecemento, por mor da crise dos prezos enerxéticos e da alimentación, nos últimos anos 2024-2026 modéranse as taxas previstas de crecemento, no entorno do 4%.

Por último, no que respecta ao gasto en xuros da débeda pública, pódese observar como o importe se mantén estable respecto ao ano anterior, cun aumento do 0,4%, despois de varios exercicios cun forte crecemento, debido ao notable incremento dos tipos de xuro, consecuencia da resposta da política monetaria para contrarrestar as elevadas presións inflacionistas.

V.2.3. Evolución do Aforro como garante do investimento.

Nestes orzamentos o aforro bruto acada os 2.069,9 millóns de euros, o que supón un aumento de 286,8 millóns de euros respecto ao orzamento do ano anterior, un 16% máis.

Cadro III. Aforro Bruto por operacións correntes. Orzamento consolidado. Miles €

Operacións Correntes	2025	2026	Var. 2026/2025	
			Importe	%
Ingresos	12.742.627	13.490.095	747.468	5,9
Impostos directos	4.072.768	4.553.428	480.660	11,8
Impostos indirectos	3.931.866	4.372.321	440.454	11,2
Taxas, prezos e outros ingresos	190.031	179.550	-10.481	-5,5
Transferencias correntes	4.511.795	4.363.863	-147.933	-3,3
Ingresos patrimoniais	36.167	20.934	-15.233	-42,1
Gastos	10.959.448	11.420.125	460.677	4,2
Gastos de persoal	5.147.121	5.288.781	141.661	2,8
Gastos en bens correntes e servizos	2.320.587	2.422.382	101.796	4,4
Gastos financeiros	214.277	215.107	830	0,4
Transferencias correntes	3.277.464	3.493.855	216.391	6,6
Aforro bruto	**1.783.179**	**2.069.970**	**286.791**	**16,1**

O aforro bruto, variable esencial para garantir unha política de investimentos estable, pon de manifesto a diferencia entre os ingresos e os gastos ordinarios, representando, por tanto, a marxe de autofinanciamento e a solvencia da facenda.

Por outra parte, o aforro bruto é un indicador de relevancia, tanto pola información que subministra como polas implicacións legais que poida ter cara á obtención de préstamos a longo prazo. En efecto, non pode esquecerse que o artigo 14.2 da Lei Orgánica 8/1980, de Financiación das CCAA (LOFCA) establece o seguinte:

"Así mesmo, as Comunidades Autónomas poderán concertar operacións de crédito por prazo superior a un ano, calquera que sexa a forma como se documenten, sempre que cumpran os seguintes requisitos: a) Que o importe total do crédito sexa destinado exclusivamente á realización de gastos de inversión."

Polo tanto, na medida en que exista aforro negativo, incumpriríase o mandato da LOFCA de que o endebedamento a longo prazo debe destinarse exclusivamente a financiar gastos de investimentos, xa que este exceso de gasto corrente tería que financiarse con endebedamento.

Polo que atinxe ao comportamento desta magnitude, as contas da Comunidade Autónoma de Galicia dos últimos anos amosan aforros positivos moi elevados, de xeito quer nos últimos 4 anos: 2023-2026 estímase que supere os 7.000 millóns de euros, que permiten autofinanciar as políticas de investimento, tan importantes para dinamizar a actividade economía, mellorando o nivel de actividade, o emprego e o benestar dos cidadáns.

Gráfica VI. Aforro bruto 2017-2026

No seguinte gráfico pódese ver como non se recorre á débeda pública para financiar os gastos de capital, de modo que a meirande parte (un 63,5%) dos gastos de capital fináncianse con aforro bruto e o resto fínánciase con ingresos de capital.

Gráfica VII. Fontes financiamento gastos de capital



V.2.4. Evolución do investimento.

A formación de capital no ano 2026 incrementase nun 4,9% respecto ao ano anterior, ascendendo ata 1.778,4 millóns de euros. Isto débese a que fronte unha caída dos ingresos de capital dun 20%, os gastos de capital experimentan unha redución moi inferior, dun 5,9%.

No ano 2026, por terceiro ano consecutivo, non será necesario acudir á necesidade de financiamento para financiar os gastos de investimento, de xeito que a totalidade dos mesmos fináncianse cos ingresos de capital, por importe de 1.024 millóns de euros, e o resto con aforro bruto.

Cadro III. Formación de capital

Operacións de Capital	2025	2026	Var. 2026/2025 Importe	%
Ingresos	1.282.030	1.024.269	-257.761	-20,1
Alleamento de investimentos reais	7.306	2.411	-4.895	-67,0
Transferencias de capital	1.274.724	1.021.858	-252.866	-19,8
Gastos	2.977.613	2.802.699	-174.915	-5,9
Investimentos reais	1.684.114	1.594.138	-89.976	-5,3
Transferencias de capital	1.293.500	1.208.561	-84.939	-6,6
Formación de Capital	**1.695.583**	**1.778.429**	**82.846**	**4,9**
Fondo de continxencia	16.839	16.839	0	0,0
Necesidade(-)/Capacidade (+) de Financiamento	**70.757**	**274.701**	**203.944**	**288,2**

Os gastos de capital acadarán o vindeiro ano os 2.802,7 millóns de euros, manténdose por sexto ano consecutivo nuns niveis moi elevados, de modo que nestes últimos anos o esforzo inversor estimouse en 16.452 millóns de euros.

Gráfica VII. Gasto de capital



Neste sentido é importante que se emprendan accións para garantir que os investimentos se orienten a mellorar as condicións de empregabilidade e crecemento económico como motor dun desenvolvemento sustentable.

V.2.5. Evolución da capacidade/necesidade de financiamento.

En canto á capacidade/necesidade de financiamento, como xa se comentou anteriormente, a fixación da regra de gasto no 3,5% para determinar o límite de gasto non financeiro impide poder recorrer ao endebedamento para poder financiar políticas de gasto sen incumprir a dita regra de gasto.

Ademais, hai que ter en conta que o Consejo de Ministros aínda non aprobou os acordos necesarios para fixar a senda de obxectivos de estabilidade orzamentaria para os anos 2026-2028.

Os orzamentos do ano 2026 amosan, en termos orzamentarios, unha capacidade de financiamento de 274,7 millóns de euros, o que supón un incremento respecto ao orzamento do ano anterior de 203,9 millóns de euros. En termos de contabilidade nacional, a capacidade de financiamento estímase en 146 millóns de euros xa que os axustes de contabilidade nacional acadan un importe negativo de 129,2 millóns de euros, o que supón un incremento de 58 millóns de euros como consecuencia, fundamentalmente, dos seguintes axustes:

- do incremento do axuste por recadación incerta. Este aumento débese á redución esperada dos recursos derivados do Fondo de Garantía dos Servizos Públicos Fundamentais, xa que tanto no ano 2024 como no 2025 a non aprobación dos Orzamentos Xerais do Estado en prazo supuxo que as entregas a conta dos respectivos exercicios se aprobasen a mediados de cada ano, actualizándose as variables poboacionais coas que se calcula o dito Fondo, o que provocou unha minoración en ambos exercicios dos recursos recibidos pola Comunidade Autónoma de Galicia. Polo que para o ano 2026 esperase unha minoración similar.
- E como consecuencia do rescate das concesións das autovías redúcense os axustes derivados da consolidación das devanditas infraestruturas.

Outro axuste que é necesario facer débese ao axuste positivo polos reintegros das liquidacións negativas do sistema de financiamento dos anos 2008 e 2009, xa que foron menores ingresos, en termos de contabilidade nacional, nos anos 2010 e 2011, respectivamente, e agora, ao descontarse no orzamento de ingresos os correspondentes reintegros, resulta necesario facer o dito axuste positivo.

Cadro IV. Capacidade/ Necesidade de financiamento orzamentaria en termos de CN

ORZAMENTO EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL	2025	2026	Var. 2026/2025 Importe	%
Ingresos Correntes	12.743	13.490	747	5,9
Gastos Correntes	10.959	11.420	461	4,2
AFORRO BRUTO ORZAMENTARIO	1.783	2.070	287	16,1
Fondo de continxencia	17	17	0	0,0
Ingresos de Capital	1.282	1.024	-258	-20,1
Gastos de Capital	2.978	2.803	-175	-5,9
GASTOS DE OPERACIÓNS DE CAPITAL	-1.696	-1.778	-83	4,9
SUPERÁVIT ORZAM. NON FINANCEIRO	**71**	**275**	**204**	**288,2**
Liquidacións negativas sistema	85	85	0	0,0
Outras unidades consideradas aapp	-117	-121	-4	3,4
Recadación incerta	-48	-88	-40	83,3
Outros axustes	9	-5	-14	-155,6
TOTAL AXUSTES CONTABILIDADE NACIONAL	-71	-129	-58	81,7
CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO	**0**	**146**	**146**	

(Millóns de Euros)

V.3. Principais Políticas de Gasto no Orzamento 2026.

V.3.1. Evolución do Gasto social.

As políticas de gasto social, que polo xeral garanten a seguridade sanitaria e a asistencia social, son as que máis recursos concentran, debido ao alto custo dos servizos sociais prestados e á súa vocación universal. Estas políticas abranguen a Sanidade, a Educación, a Política Social e o Emprego.

No orzamento do ano 2026 está previsto que o gasto social medre nun 3,1%, por riba do incremento do total gasto non financeiro, que o fai nun 2%, e superando por segundo ano consecutivo os 10.000 millóns de euros.

No seguinte gráfico pode observarse a evolución do gasto social na última década:

Gráfica VIII. Evolución Gasto de social



Estes servicios, que se blindaron durante a crise gañando peso na estrutura de gasto, mantéñense na actualidade debido a súa importancia para paliar os efectos da mesma, ou da pandemia, nas persoas, nas familias e nos traballadores. Deste xeito a suma do gasto en sanidade, educación, política social e emprego mantense no 74,4% sobre o total de gasto non financeiro.

O gasto en sanidade e en servizos sociais medran respectivamente nun 3,7% e nun 4,8% respecto ao exercicio anterior, e pola súa parte, o gasto en educación supera por primeira vez os 3.000 millóns de euros.

Nos seguintes gráficos destácanse os incrementos do gasto en sanidade e en política social.

Gráfico XI. Incremento Gasto sanidade e política social.



V.3.2. Financiamento autonómico da Administración Local, investimento en I+D+i e financiamento das universidades.

Fondo de Cooperación Local

A dotación do fondo de cooperación local (FCL) acada no ano 2026 os 187,3 millóns de euros o que supón un incremento dun 11,5% respecto ao ano anterior.

O total do Fondo Base mantense no mesmo importe que no exercicio anterior, pero tendo en conta que o ano anterior aumentara nun 4,8%, como consecuencia do incremento das entregas a conta dos concellos de menos de 15.000 habitantes nun 8,2%.

En canto ao resto do FCL, no marco da reforma do actual Fondo de Cooperación Local, e ata a súa entrada en vigor, dótase un Fondo Transitorio que será obxecto de reparto cos importes e criterios que se fixen no novo modelo.

Por último, en canto á liquidación do exercicio 2024 crece nun 4,6%, ata os 10 millóns de euros.

Dende o ano 2010 ata o ano 2026 a Xunta de Galicia repartirá aos concellos a través do FCL máis de 2.200 millóns de euros. A continuación pode verse a evolución do FCL na última década:

Gráfico XII. Evolución Fondo Cooperación Local 2017-2026



Investigación, Desenvolvemento e Innovación

O investimento en I+D+i da Xunta de Galicia para 2026 continuará a súa senda de reforzo e expansión, cun orzamento que alcanza os 405 millóns de euros, fronte aos 372 millóns de 2025, o que supón un incremento do 9% que reafirma o compromiso coa innovación e o desenvolvemento tecnolóxico. Esta cifra reflicte o compromiso continuado da Xunta por reforzar a capacidade investigadora da comunidade, modernizar e ampliar as infraestruturas tecnolóxicas dispoñibles, e apoiar proxectos e iniciativas que fomentan a competitividade das empresas galegas e impulsan a transformación dixital en todos os ámbitos da sociedade.

Gráfica XIII. Evolución do gasto I+D+i 2016-2026



*no ano 2025 inclúense proxectos de I+D+i dentro de grupos principais de función de gasto diferentes ao de investigación, desenvolvemento e innovación

O investimento en I+D+i da Xunta de Galicia para 2026 abranguerá unha ampla e diversa variedade de proxectos estratéxicos, cubrindo diferentes ámbitos do coñecemento e da innovación. Entre eles destacan o fomento da investigación universitaria, que busca fortalecer as capacidades científicas e tecnolóxicas dos nosos centros de ensino superior; a investigación sanitaria, que contribúe á mellora da saúde e á creación de novos tratamentos e tecnoloxías médicas; e proxectos de infraestruturas avanzadas, como os desenvolvidos no CESGA, que permiten á comunidade científica acceder a recursos e plataformas tecnolóxicas de última xeración. Ademais, a iniciativa inclúe programas de innovación empresarial en sectores estratéxicos como a aeroespacial, a seguridade, a defensa, as enerxías renovables, a biotecnoloxía e a intelixencia artificial, promovendo a creación de produtos e servizos innovadores que fortalecen o tecido produtivo galego.

Paralelamente, este investimento impulsa a modernización e consolidación de centros tecnolóxicos, a transferencia de coñecemento ás empresas e o apoio a pequenas e medianas empresas a través de programas de innovación, facilitando a súa incorporación a cadeas de valor avanzadas e mellorando a competitividade do conxunto da economía galega. Tamén se promove a formación profesional en áreas de investigación e desenvolvemento, co obxectivo de reforzar as capacidades do talento especializado e garantir que a mocidade poida acceder a oportunidades profesionais de alto nivel sen saír da comunidade.

A aposta pola I+D+i é, ademais, un motor fundamental para estimular un ecosistema innovador que atrae e retén talento, favorece a colaboración entre universidades, centros de investigación e empresas, e promove sinerxías a nivel local, nacional e internacional. Este enfoque fortalece a proxección internacional das empresas galegas, contribúe á súa resiliencia fronte a cambios económicos e avances tecnolóxicos acelerados, e permite á comunidade adaptarse de forma áxil aos retos dun mercado global competitivo.

Ao xerar oportunidades de emprego cualificado e de formación avanzada, o investimento en I+D+i contribúe a frear o éxodo de talento e a consolidar un capital humano altamente cualificado, que sustenta o crecemento sostible e o desenvolvemento económico da comunidade. Deste xeito, Galicia afianza a súa posición como territorio de coñecemento e innovación, promovendo proxectos estratéxicos que teñen un impacto real no benestar social, no fortalecemento do tecido empresarial e na construción dun futuro máis dixital, competitivo e sostible para todos os galegos e galegas.

Financiamento das Universidades.

Por último, e relacionado con dita investigación universitaria, polo que respecta ao financiamento das universidades no ano 2022 entrou en vigor o novo Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2022-2026, no cal partindo do Plan anterior, realizáronse unha serie de axustes para perfeccionar o seu funcionamento.

Neste sentido incorporouse un subfondo non condicionado de gasto de funcionamento, tanto de gasto corrente como de gasto de capital, co fin de financiar os gastos estruturais das Universidades, de modo que reciban un financiamento estable que lles permita facer fronte aos seus gastos estruturais.

E tamén se incluíu neste Plan un novo subfondo, dentro do financiamento non condicionado, denominado de estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica que se reparte en base ao cumprimento de obxectivos cuantitativos e cualitativos, tanto no eido académico investigador e docente como no eido financeiro.

No cadro seguinte amósanse as distintas masas e subfondos do novo Plan de Financiamento universitario e o criterio de evolución de cada un dos subfondos:

Cadro V. Evolución masas e subfondos PGFU

MASAS	SUBFONDOS	Criterio Evolución
FINANCIAMENTO INCONDICIONADO	*1. ESTÁNDAR*	*Masa salarial*
	2.1 SERGAS	*Masa salarial*
	2.2 INEF personal	
	3. INEF funcionamiento	*Deflactor PIB*
	4. SUBFONDO GASTO CORRENTE INCONDICIONADO	*Deflactor PIB*
	5. SUBFONDO GASTO DE CAPITAL INCONDICIONADO	*Deflactor PIB*
	6. COMPLEMENTOS RETRIBUTIVOS E COMPENSACIÓN POR MATRÍCULAS	*Complementos vixentes*
	7. COSTES ASOCIADOS AO FUNCIONAMENTO DO SUG	*Constante agás o ACSUG (masa salarial)*
	8. TOTAL PANEL DE INDICADORES	*PIB real*
	9. SUBFONDO DE MELLORA	*5% de 1, 4 y 5*
TOTAL		
FINANCIAMENTO DA INVESTIGACIÓN	*10. FOMENTO I+D+i E TRANSFERENCIA*	*Dobre da taxa de referencia do crecemento do PIB*
	11. FONDOS EUROPEOS	*PO FEDER/FSE*
	12. I+D+I (Cap II)	*Constante*
TOTAL		
FINANCIAMENTO TOTAL SUG		

Na gráfica seguinte compárase o financiamento recibido polas Universidades durante o anterior Plan de Financiamento, o vixente durante os anos 2016-2020 e que se prorrogou durante o ano 2021 por mor da pandemia, e o recibido durante os anos 2022-2026 co novo Plan de Financiamento 2022-2026, de modo que no ano 2026 as Universidades van recibir 17,9 millóns de euros máis que no ano 2025, un 3,4% máis.

Gráfica XIV. Plan de Financiamento Universitario 2016-2026



V.4. Gasto con perspectiva territorial.

O orzamento de 2026 consolida a perspectiva territorial na análise do gasto público, coa finalidade de coñecer con maior precisión o impacto real das políticas públicas sobre o territorio galego. Esta perspectiva abrangue a totalidade das partidas de gasto, agás as de natureza financeira (capítulos III, VIII e IX) e as correspondentes aos servizos centrais prestados nas sedes administrativas, e permite avaliar como se distribúe o esforzo orzamentario entre as distintas provincias de Galicia, e como contribúe á cohesión territorial e ao benestar da cidadanía.

Durante o proceso de elaboración orzamentaria realizouse unha revisión integral da estimación do impacto territorial, mellorando a metodoloxía de asignación dos gastos por capítulos. Deste xeito, conséguese unha estimación máis completa e consistente da distribución do gasto público por habitante e no territorio.

Esta revisión incrementa a utilidade analítica do orzamento territorializado, converténdoo nun instrumento esencial para a planificación e programación do gasto, para o seguimento da equidade territorial e para a avaliación das políticas públicas.

Gráfico XV. Distribución territorial do gasto



Ano 2025 homoxeneizado á revisión metodolóxica dos criterios de territorialización

O gasto territorializado por habitante mostra unha evolución crecente no conxunto de Galicia durante o período 2022-2026, cun incremento progresivo que reflicte tanto o aumento dos recursos destinados ás políticas públicas como a consolidación da distribución provincial do investimento.

O gasto medio por habitante pasa de 3.904 euros en 2022 a 4.873 euros en 2026, o que supón un aumento acumulado do 24,8% no período, consolidando unha senda de gasto público orientada á prestación de servizos básicos e ao reforzo da cohesión territorial.

A aplicación da metodoloxía revisada permite identificar con maior detalle as diferenzas territoriais e constituír unha base sólida para a avaliación do impacto das políticas públicas, o seguimento dos obxectivos do Plan Estratéxico de Galicia 2022–2030, e a mellora continua da planificación orzamentaria.

V.5. Distribución por Consellerías e Organismos Estatutarios.

O cadro recollido de seguido mostra as variacións do orzamento consolidado da administración xeral, no que se refire ao gasto non financeiro. As consellerías de máis peso seguen a ser as que desenvolven as grandes políticas de gasto correspondentes a prestación de servicios públicos básicos como sanidade, educación e política social. A tendencia é que estas consellerías sigan gañando peso, dado o seu carácter básico.

Deste xeito as consellerías que máis medran en termos relativos son a Consellería de Política Social e a de Sanidade, cuns incrementos respectivamente dun 5,1% e dun 3,9%.

En canto aos entes instrumentais as que máis medran son a Axencia Galega de Industria Forestal cun 23,7% e a Axencia de Galega de Emerxencias medra cun 21,1%.

Gráfico XVI. Distribución por consellerías



Cadro V. Reparto do orzamento por consellerías

	2025	2026	DIFERENCIA	TV 26/25
04 - PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA	21.752	23.492	1.741	8,0%
102.04 - INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	5.474	5.444	-30	-0,6%
306.04 - AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	146.349	125.920	-20.429	-14,0%
TOTAL PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA	**173.574**	**154.856**	**-18.718**	**-10,8%**
05 - CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	575.501	568.560	-6.941	-1,2%
105.05- ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA	3.668	3.696	28	0,8%
402.05 - AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS	10.363	12.562	2.199	21,2%
TOTAL PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	**589.532**	**584.819**	**-4.714**	**-0,8%**
06 - CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO	179.967	161.823	-18.143	-10,1%
111.06 - INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO	6.262	5.893	-369	-5,9%
TOTAL MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO	**186.229**	**167.717**	**-18.513**	**-9,9%**
07 - CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL	2.926.398	2.982.649	56.250	1,9%
304.07 - AXENCIA GALEGA DE INNOVACION	114.789	102.346	-12.443	-10,8%
TOTAL EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL	**3.041.187**	**3.084.994**	**43.807**	**1,4%**
08 - CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE	1.307.104	1.374.328	67.224	5,1%
307.08 - AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS	16.477	16.663	187	1,1%
TOTAL POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE	**1.323.580**	**1.390.991**	**67.411**	**5,1%**
09 - CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	88.192	87.387	-805	-0,9%
310.09 - AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL	20.021	24.772	4.751	23,7%
405.09 - INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	181.569	183.783	2.214	1,2%
407.09 - INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	84.620	61.686	-22.933	-27,1%
TOTAL ECONOMÍA E INDUSTRIA	**374.402**	**357.628**	**-16.774**	**-4,5%**
10 - CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	34.049	35.508	1.459	4,3%
101.10 - ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	5.068	5.121	53	1,0%
303.10 - AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GALICIA	190.901	165.226	-25.675	-13,4%
305.10 - AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA	20.407	21.600	1.193	5,8%
404.10 - CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL	1.153	1.167	13	1,2%
TOTAL FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	**251.578**	**228.621**	**-22.957**	**-9,1%**
11 - CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS	27.346	27.365	19	0,1%
201.11 - INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	220.661	227.622	6.962	3,2%
302.11 - AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS	265.136	263.305	-1.830	-0,7%
TOTAL VIVENDA E PLANIFICACIÓN INFRAESTRUTURAS	**513.143**	**518.293**	**5.150**	**1,0%**
12 - CONSELLERÍA DE SANIDADE	118.886	128.460	9.573	8,1%
103 - SERVIZO GALEGO DE SAUDE	5.305.272	5.508.986	203.714	3,8%
308.12 - AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE	4.961	5.047	86	1,7%
309.12 - AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS	28.487	28.583	96	0,3%
TOTAL SANIDADE	**5.457.606**	**5.671.075**	**213.469**	**3,9%**
13 - CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE	129.767	133.211	3.444	2,7%
301.13 - AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS	16.856	16.798	-57	-0,3%
TOTAL CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE	**146.622**	**150.009**	**3.386**	**2,3%**
14 - CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN	480.398	480.490	92	0,0%
107.14 - INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO E DA COMPETENCIA	7.736	7.844	108	1,4%
110.14 - INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA	7.846	8.006	160	2,0%
411.14 - CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS	1.486	1.508	21	1,4%
TOTAL EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN	**497.466**	**497.848**	**382**	**0,1%**
15 - CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	554.103	562.786	8.683	1,6%
203.15 - FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA	49.571	50.454	883	1,8%
408.15 - AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL	55.143	53.460	-1.683	-3,1%
409.15 - AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA	42.342	40.737	-1.605	-3,8%
TOTAL MEDIO RURAL	**701.159**	**707.437**	**11.029**	**0,9%**
16 - CONSELLERÍA DO MAR	215.437	220.167	4.729	2,2%
410.16 - INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO	5.343	5.536	193	3,6%
TOTAL MAR	**220.780**	**225.703**	**4.923**	**2,2%**
TOTAL GASTO NON FINANCEIRO CONSELLERÍAS	**13.476.860**	**13.739.990**	**264.495**	**2,0%**
01 - PARLAMENTO	24.990	25.794	804	3,2%
02 - CONSELLO DE CONTAS	9.886	10.220	334	3,4%
03 - CONSELLO DA CULTURA GALEGA	3.333	3.379	45	1,4%
20 - CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA	2.400	2.397	-3	-0,1%
21 - TRANSFERENCIAS ÁS CORPORACIÓNS LOCAIS	168.057	190.314	22.258	13,2%
22 - DÉBEDA PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	214.000	214.814	814	0,4%
23 - GASTOS DE DIVERSAS CONSELLERÍAS	54.376	52.756	-1.620	-3,0%
TOTAL GASTO NON FINANCEIRO	**13.953.901**	**14.239.663**	**285.762**	**2,0%**



SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA E DISCIPLINA ORZAMENTARIA

VI. SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA E DISCIPLINA ORZAMENTARIA

VI.1. As novas regras fiscais: o Plan Fiscal Estrutural a medio prazo e a nova senda de gasto neto plurianual.

Unha vez superadas as crises provocadas pola pandemia e pola posterior crise enerxética, a partir do ano 2024 restablecéronse de novo as regras fiscais en todo o ámbito da Unión Europea, o cal coincidiu coa implementación dun novo marco de gobernanza económica chamado a canalizar as finanzas das administracións europeas ata recuperar niveis sostibles de débeda e unha marxe de manobra fronte a novos eventos desfavorables que poidan acontecer no futuro.

A principal novidade é a necesidade de aprobar por parte de todos os Estados membros un Plan Fiscal Estrutural a 4 (ou a 7) anos, cuxo elemento central é o compromiso de fixar unha senda de gasto plurianual, é dicir, limitar o crecemento do gasto primario financiado a nivel estatal (gasto neto).

Por gasto neto enténdese o gasto público neto dos gastos en xuros, de medidas discrecionais relativas aos ingresos, dos gastos programados financiados con fondos da UE, do gasto nacional en cofinanciamento, dos elementos cíclicos do gasto en prestacións de desemprego, e das medidas puntuais e doutras medidas de carácter puntual.

Os Estados membros comprométense a manter o gasto neto por debaixo das taxas de crecemento que se fixen no dito Plan coa finalidade de garantir o cumprimento dos requisitos de sostibilidade da débeda pública. De modo que para cumprir coa senda de gasto neto aprobada os Estados terán que elixir entre restrinxir a evolución do gasto público ou un aumento dos ingresos.

Unha vez aprobada a senda de gasto neto plurianual pola Comisión Europea esta constituirá a referencia operativa única para a supervisión fiscal durante a fase de execución do Plan Fiscal Estrutural. De xeito que a partir do nivel de gasto neto no ano T-1 (último ano con datos de execución dispoñibles) no Plan Fiscal Estrutural se compromete as taxas de crecemento anuais (e, por tanto, acumulativas) do gasto neto para o ano no que se presenta o Plan (T) e para os seguintes 4 anos (T+1, T+2, T+3 e T+4).

As desviacións respecto da senda de gasto rexistraranse nunha conta de control, de xeito que a conta rexistrará un débito cando o gasto neto observado sexa superior ao que correspondería, e un crédito cando sexa inferior.

Por último, e co obxecto de reforzar o cumprimento dos obxectivos fiscais, a traxectoria de axuste debe cumprir con dúas salvagardas:

- a salvagarda da sustentabilidade de débeda, de modo que garanta unha redución media anual mínima da débeda de 0,5% do PIB mentres o cociente de débeda mantéñase entre o 60% e o 90% do PIB, e de 1% do PIB cando supere o 90%;
- e a salvagarda da resiliencia do déficit, de modo que se alcance un nivel de déficit que proporcione unha marxe común de seguridade (colchón orzamentario) en termos estruturais do 1,5% do PIB, mediante un axuste estrutural anual mínimo de 0,4% do PIB, que se reducirá a 0,25% se o período de axuste esténdese a sete anos.

VI.1.1. Regras fiscais 2026.

A Comunidade Autónoma de Galicia encara a elaboración dos Orzamentos do ano 2026 na seguinte situación:

Descoñecendo que marco fiscal debe aplicarse: o novo marco fiscal europeo, aprobado mediante Regulamentos da Unión Europea e, polo tanto, de aplicación directa nos distintos Estados membros, ou o actual marco fiscal nacional, que aínda non foi adaptado ao novo marco europeo, e tendo en conta que ambos diferéncianse de maneira moi substancial.

Descoñecendo os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública, xa que o Goberno do Estado aínda non fixou os ditos obxectivos para os próximos tres exercicios, nin para o conxunto das Administracións Públicas (AAPP) nin para cada un dos seus subsectores.

Descoñecendo que regra de gasto debe aplicarse, xa que o Ministerio de Economía aínda non publicou o Informe sobre a situación da economía española correspondente ao presente exercicio. A taxa consignada no informe do ano pasado para o ano 2026 atópase claramente desactualizada, como se explicará no seguinte epígrafe deste informe.

Neste escenario de incerteza, para poder calcular o límite de gasto non financeiro, aplicarase o disposto no artigo 12.1 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, aínda que entendendo que podería non ser plenamente compatible co previsto no Regulamento (UE) 2024/1263, relativo á coordinación eficaz das políticas económicas e á supervisión orzamentaria multilateral.

Por outra parte, a efectos do cálculo do límite de gasto non financeiro do ano 2026, cómpre ter en conta o disposto no artigo 12.2 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sostibilidade financeira de Galicia, que establece que:

"O límite de gasto será coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto establecida nas normas de estabilidade orzamentaria (...)."

En consecuencia, o límite de gasto debe cumprir simultaneamente ambas regras fiscais, tendo en conta que, nos períodos expansivos, a limitación máis restritiva é a regra de gasto, xa que a súa finalidade é precisamente evitar que o sector público adopte políticas fiscais procíclicas, impedindo que se financie gasto estrutural con ingresos de carácter cíclico.

Neste contexto enmárcase a elaboración destes Orzamentos, posto que, mentres as entregas a conta do sistema de financiamento autonómico —principais recursos da Comunidade Autónoma— se estima que medren arredor dun 6%, a regra de gasto sitúase no 3,5%.

Polo tanto, a regra de gasto limita a evolución do gasto computable, de xeito que, en relación co obxectivo de estabilidade orzamentaria, obriga a presentar as contas públicas do vindeiro exercicio con superávit, xa que, de non facelo, incumpriríase a regra de gasto, como pode observarse no seguinte cadro.

Cadro I. Gasto computable sen superávit

	Orzamento 2025	Límite de Gasto 2026	Variación	
			Absoluta	%
Gasto computable	11.204,8	11.604,7	399,9	3,5%
Gasto computable sen superávit (en equilibrio orzamentario)	11.204,8	11.749,7	544,9	4,9%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

De presentar as contas en equilibrio orzamentario o gasto computable aumentaría nun 4,9%, incumpríndose claramente o límite do 3,5%.

Límite de gasto non financeiro 2026.

O límite de gasto non financeiro aprobado pola Xunta de Galicia o 1 de agosto de 2025, e ratificado polo Parlamento de Galicia o día 4 do dito mes, fixouse en 14.177 millóns de euros, cumprindo co límite establecido pola regra de gasto.

A evolución dos recursos propios limitouse á taxa de variación da regra de gasto, é dicir, un 3,5%, unha vez tidos en conta os axustes necesarios —por exemplo, os debidos aos xuros da débeda, ás transferencias incondicionadas a outras administracións públicas ou aos traspasos de competencias entre administracións públicas—.

Para chegar ao importe do límite de gasto non financeiro, adicionouse ao importe dos recursos propios autonómicos (limitados pola regra de gasto) o importe dos fondos finalistas financiados por outras administracións públicas, establecéndose así o teito de gasto no importe xa mencionado de 14.177 millóns de euros.

Non obstante, con posterioridade á aprobación polo Parlamento de Galicia do referido límite de gasto, a Comunidade Autónoma de Galicia recibiu diversas comunicacións relativas á recepción doutros ingresos finalistas, polo que axustase o importe do dito límite de gasto, incrementándose en 63 millóns de euros, ata acadar os 14.240 millóns de euros. Este importe, o máis elevado na historia da comunidade autónoma de Galicia, representa un incremento do 2% respecto ao gasto non financeiro do exercicio anterior.

A continuación enuméranse os fondos finalistas que xeraron o incremento do límite de gasto:

- Como consecuencia da vaga de incendios acontecidos en Galicia durante o verán e o outono de 2025, comunicouse a reprogramación dos fondos FEDER creando o programa Restore cunha dotación de 20 millóns de euros para o 2026. Polo mesmo motivo, reprogramouse a anualidade de fondos FEADER para financiar a recuperación ambiental das zonas incendiadas por un importe de 4 millóns de euros.
- O Ministerio de Juventud e Infancia comunicou o Acordo polo que se aproba a distribución resultante do fondo para a atención a nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados (MENA) para cubrir os custos de sobreocupación e traslado de menores, que conta cunha dotación de 4 millóns de euros.
- A principios de outubro celebrouse a Conferencia Sectorial no que se acorda o reparto dos fondos para a axudas do Bono Alugueiro á Mocidade, que supuxo un incremento dos fondos previstos de 6 millóns de euros.
- Como consecuencia das medidas comunicadas no novo marco do Plan Estatal de Vivenda incrementouse en 19,5 millóns de euros a cifra inicialmente considerada no teito de gasto aprobado o 1 de agosto.
- A incorporación de outros fondos europeos por importe de 3 millóns de euros como consecuencia da notificación de que o Cesga foi elixida para albergar unha das seis novas fábricas europeas de intelixencia artificial, por parte Empresa Común de Computación de Altas Prestaciones Europea (EuroHPC JU).
- Coa aprobación en setembro do novo Acordo do criterio de reparto do nivel acordado para o ano 2025 previstos na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención as persoas en situación de dependencia, actualizáronse as previsións no programa da dependencia en 4 millóns de euros.
- O Ministerio de Derechos Sociales, Consumo y Agenda 2030 comunicou a distribución territorial de fondos para programas de interese social e dotouse o Programa de Interese Xeral IRPF en 38,8 millóns de euros, cifra superior en 2,5 millóns de euros á considerada no momento da aprobación do teito de gasto.

VI.1.2. A Regra de gasto 2026.

Actualización da taxa de referencia

A regra de gasto regúlase no marco fiscal nacional na Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, a cal establece que a variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española.

A taxa de referencia reflicte o crecemento nominal da economía española a medio prazo. Estímase a partires de dous factores, o crecemento do PIB potencial real e do deflactor do PIB:

En canto ao crecemento do PIB potencial real de medio prazo, cada ano calcúlase promediando as taxas de crecemento anuais de 10 anos: os 5 anos anteriores, o ano en curso e os 4 anos posteriores. O PIB potencial real estímase ao abeiro da metodoloxía definida pola Comisión Europea.

No que atinxe á evolución dos prezos, parámetro necesario para calcular o crecemento de referencia nominal a partir do PIB real, a normativa vixente establece que, para cada exercicio, deberá elixirse o menor dos dous valores seguintes:

- o 2%, ou
- a taxa de crecemento do deflactor do PIB.

Trátase do valor previsto ou observado para cada ano, polo que non se realiza ningún tipo de promedio do crecemento dos prezos.

Esta taxa de referencia calcúlaa o Ministerio de Economía, é a mesma para todas as AA.PP. e se publica no "Informe de situación de la economía española" que acompaña á fixación dos obxectivos de estabilidade e débeda pública para o conxunto das AA.PP. e para cada un dos subsectores.

Malia que a Lei orgánica de estabilidade orzamentaria non o regula de xeito expreso, na práctica, a taxa de referencia fíxase no primeiro semestre do ano por Acordo de Consejo de Ministros para os tres anos seguintes, ao tempo que se fixan os obxectivos sinalados. Ao igual que para os obxectivos de estabilidade e débeda, formúlase para tres anos pero eses obxectivos trianuais son obxecto de revisión cada exercicio.

A día de hoxe este informe non foi publicado polo que o único dato que temos é o correspondente ao informe elaborado no ano 2024 e que abrangue ata o 2027, con datos claramente desactualizados.

No seguinte cadro pode observarse as taxas de referencia previstas para o trienio 2025-2027 no informe de situación da economía española publicado o ano 2024:

Cadro II. Taxa de referencia

	2025	2026	2027
	variación %		
Taxa de referencia	3,2	3,3	3,4

Fonte: Ministerio de Economía

Utilizando os datos presentados polo Ministerio de Economía perante a Comisión Europea con motivo da presentación do Plan Fiscal Estrutural a medio prazo do Reino de España, é posible recalcular a taxa de referencia empregando os propios datos facilitados polo Ministerio, que resultaría como segue:

Cadro III. Taxa de referencia actualizada

Contribucións á regra de gasto:

	2020*	2021**	2022***	2023	2024	2025	2026	2027****	2028	2029	2030	2031
	Contribucións %											
Crecemento PIB potencial	0,6	0,3	1,0	1,9	1,9	2,0	2,1	1,8	1,6	1,6	1,2	1,1
Deflactor do PIB	1,1	2,3	4,1	6,2	3,1	2,7	2,4	2,4	2,4	2,3	2,3	2,3
Deflactor do PIB limitado	1,1	2,0	2,0	2,0	2,0	2,0	2,0	2,0	2,0	2,0	2,0	2,0
Gasto primario neto	1,7	2,3	3	3,9	3,9	4	4,1	3,8	3,6	3,6	3,2	3,1
TAXA DE REFERENCIA						3,5	3,5	3,6				

Fontes: INE e Ministerio de Economía

* Plan Presupuestario 2022

** Plan Presupuestario 2023

*** Plan Presupuestario 2024

**** Plan fiscal estructural a medio prazo 2025-2028

Esta magnitude do 3,5% é a que se toma como referencia para a elaboración do Orzamento do ano 2026, por corresponderse cos datos máis actualizados e coincidir coa taxa europea recollida no Plan Fiscal Estrutural a medio prazo.

En todo caso, a Comunidade Autónoma de Galicia reclama a publicación do dito informe de situación económica o máis axiña posible e unha adaptación da aplicación da regra de gasto aos distintos niveis de administración que teña en conta as diferentes pautas de gasto e niveis de solvencia de cada unha.

Cálculo gasto computable

A regra de gasto á que refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sostibilidade financeira establece que:

"a variación do gasto computable do sector público autonómico non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto de medio prazo que informe cada ano

o Consello de Política Fiscal e Financeira".

A Lei orgánica de estabilidade orzamentaria entende por gasto computable aos efectos previstos no parágrafo anterior, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas, agás os xuros da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacións Locais vencelladas aos sistemas de financiamento.

Debe entenderse que cando está a falar de variación do gasto computable da Comunidade Autónoma falamos do gasto do subsector público autonómico en termos de contabilidade nacional. Por tanto, a efectos de calcular a variación do gasto deberán terse en conta as unidades que integran o mesmo. A efectos prácticos, as entidades a considerar son as unidades clasificadas como Administración autonómica no rexistro de entes da IGAE (é dicir, incluíndo os entes instrumentais non recollidos dentro do perímetro de consolidación do orzamento e as entidades integrantes do sistema universitarios de Galicia). A regra de gasto calcularase por tanto consolidando eliminando as transferencias dos diferentes suxeitos que integran o sector público administrativo.

A taxa de variación do gasto computable dun exercicio calcúlase de acordo coa seguinte fórmula:

T.V. Gasto computable (%) = (Gasto computable ano 2026/ Gasto computable ano 2025) -1 x 100.

O cálculo do gasto computable de 2025 realízase a partir da estimación da liquidación do orzamento do devandito exercicio.

Para a determinación do gasto computable, partimos dos empregos non financeiros en termos do Sistema Europeo de Contas, sobre o que se realizan unha serie de axustes para poder chegar ao gasto computable, principalmente se desconta o gasto en xuros e o gasto financiado con fondos finalistas da Unión Europea e doutras AAPP.

O seguinte cadro de traballo analiza o cumprimento no ano 2026 da regra de gasto, de xeito que se pode comprobar como a variación do gasto computable cumpre co límite do 3,5%.

Cadro IV. Regra de gasto 2025-2026

CONCEPTOS	2025 previsión peche	2026 Orzamento
GASTO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO. Ámbito estatística de execución mensual	**13.727.297**	**14.239.663**
AXUSTES (Unidades sometidas a Orzamento sobre gasto non financeiro depurado // Gasto atribuible a unidades sometidas a Plan Xeral de Contabilidade // Gastos excluidos)	-1.683.260	-1.762.553
TOTAL AOS EFECTOS DA REGRA DE GASTO ANTES DE CAMBIOS NORMATIVOS	**12.044.037**	**12.477.110**
Efectos por cambios normativos e transferencias de capacidade de gastos de outras administracións		-11.584
TOTAL AOS EFECTOS DA REGRA DE GASTO NO ANO CORRENTE		**12.465.526**
TAXA DE VARIACIÓN SOBRE O EXERCICIO ANTERIOR		**3,5%**

VI.1.3. O Límite de débeda: a sustentabilidade financeira.

O obxectivo da nova variable de referencia da supervisión fiscal, a senda de gasto neto, é garantir a sostibilidade da débeda pública, de xeito que, como xa se comentou, naqueles Estados membros cuxa débeda pública supere o 60% do PIB ou o déficit público exceda do 3% do PIB a Comisión Europea transmitirá ao Estado en cuestión unha traxectoria de referencia do gasto neto que permita garantir que, ao final do período de axuste, a ratio de débeda pública prevista se sitúe ou se manteña nunha senda descendente verosímil ou se manteña en niveis prudentes por debaixo do 60% do PIB, garantindo ademais que o déficit público se reduza e se manteña por debaixo do 3% do PIB.

A dita traxectoria de referencia garantirá que a previsión da ratio débeda pública-PIB diminúa nun importe medio anual mínimo de 1 punto porcentual sempre que a ratio de débeda supere o 90% ou 0,5 puntos cando a ratio se sitúe entre o 60 e o 90% do PIB.

Non obstante, coa finalidade de garantir unha redución máis gradual da débeda pública, o período de axuste pode ampliarse por un máximo de 3 anos se o Estado membro en cuestión se compromete a realizar un conxunto de reformas e investimentos verificables que favorezan o crecemento e a resiliencia, apoien a sostibilidade fiscal, respondan as prioridades comúns da Unión, as recomendacións específicas de cada país, así como as súas prioridades específicas de investimento, sen dar lugar a unha redución do nivel de investimento público financiado a nivel nacional.

Un dos cadros que segundo as orientacións publicadas pola Comisión Europea dirixidas aos distintos Estados membros sobre os requisitos de información que hai que incluír nos Plan Fiscais Estruturais a medio prazo se refire á evolución da débeda pública durante o período de duración do dito Plan. E no mesmo se distingue a evolución dos distintos compoñentes da débeda pública:

- o saldo primario,
- os axustes stock-fluxo,
- e, en particular, o efecto bola de neve, que a súa vez pode descompoñerse en tres efectos:
  - O efecto dos xuros.
  - O efecto do crecemento real do PIB.
  - E o efecto da inflación.

Esta distinción realízase xa que a dinámica da evolución da débeda depende da evolución do saldo primario (é dicir, do déficit ou do superávit sen ter en conta os xuros), do axuste stock-fluxo (que reflicte a diferenza entre a variable stock, variación da débeda PDE, e a variable fluxo, o déficit público, debido á parte da variación da débeda pública que non afecta ao déficit, entre outros, pola evolución das adquisicións de activos financeiros e de aqueles pasivos que non computan na débeda PDE) e, por último, tamén depende do efecto bola de neve, no que os xuros teñen un efecto negativo e o crecemento do PIB real e a inflación teñen un efecto positivo na evolución da débeda.

No seguinte gráfico pode verse a evolución da débeda pública desde a introdución do euro nos seguintes países da UE e no conxunto da zona euro:

Gráfico I. Evolución débeda pública (% PIB) 1999-2024



Fonte: Eurostat

Pode observarse neste gráfico o forte impacto que tiveron as dúas grandes crises ocorridas neste tempo (a grande crise financeira e de débeda pública durante os anos 2008-2012 e a crise provocada pola pandemia durante os anos 2020 e 2021), na evolución da débeda pública, de modo que mentres no ano 2007 a ratio débeda-PIB estaba

en España no 36% no ano 2024 a dita ratio sitúase no 102%, é dicir, un incremento de 66 puntos porcentuais. En cambio no conxunto da zona euro o dito incremento foi moito menor, de soamente 22 puntos porcentuais, pasando do 66% ao 88% do PIB.

En marzo de 2025 a Comisión Europea publicou o seu informe anual de sostibilidade da débeda pública do ano 2024, no seguinte gráfico amósase a previsión para a evolución da débeda pública do Reino de España para a próxima década comparada coa previsión efectuada no mesmo informe do ano pasado:

Gráfico II. Previsión evolución débeda pública 2022-2035 España



Fonte: Comisión europea. Informes 2023 e 2024 sostibilidade débeda pública.

De modo que a Comisión Europea espera que nos próximos 10 anos a ratio débeda-PIB se incremente de forma continuada ata chegar a unha ratio de 112,1%, case 11 puntos porcentuais máis pero nun nivel moi inferior á previsión efectuada o ano pasado, de xeito que a previsión para o ano 2025 é 5 puntos porcentuais inferior, esta caída débese a revisión experimentada polo denominador da ratio: o PIB.

O forte incremento da débeda pública esperado para os vindeiros anos débese fundamentalmente á evolución esperada do déficit primario:

Gráfico III. Previsión déficit primario 2022-2035 España



Fonte: Comisión europea. Informe 2024 sostibilidade débeda pública

E en canto ao efecto bola de neve, mentres nos anos 2021-2026 permitiu reducir moito a ratio débeda-PIB ao ser o seu importe superior ao déficit primario (como consecuencia do forte incremento do PIB, tanto en termos nominais como reais) desde o ano 2027 o seu importe non permite seguir compensando os déficits primarios, de modo que desde ese ano espérase un incremento continuado da ratio débeda -PIB. E ademais, estímase para os anos 2033 e 2034 que o efecto bola de neve incremente a débeda pública, en vez de reducila, xa que en ditos anos o importe previsto que teremos que pagar en concepto de xuros é superior ao incremento do PIB nominal.

Gráfico IV. Previsión efecto bola de neve 2022-2035 España



Fonte: Comisión europea. Informe 2024 sostibilidade débeda pública

Por outra parte, en canto ao saldo orzamentario primario a Comisión Europea distingue tamén entre:

- Saldo cíclico
- Saldo estrutural antes de custes de envellecemento
- Custes de envellecemento
- E medidas temporais.

A continuación pode verse a desagregación prevista pola Comisión para o saldo orzamentario do Reino de España para a vindeira década:

Gráfico V. Previsión desagregación saldo orzamentario 2022-2035 España



Fonte: Comisión europea. Informe 2024 sostibilidade débeda pública

Pode comprobarse como a totalidade do incremento do déficit primario nos próximos anos débese ao impacto dos custes esperados do envellecemento, de modo que mestres para o ano 2026 se espera un impacto dun 0,1% do PIB, para os seguintes anos estímase un incremento moi forte chegando a unha previsión para o ano 2035 dun 1,9% do PIB.

Por último, no seguinte gráfico compárase a evolución prevista dos custes de envellecemento, en % do PIB, para varios países da UE:

Gráfico VI. Previsión desagregación saldo orzamentario 2022-2035 España



Fonte: Comisión europea. Informe 2024 sostibilidade débeda pública

Pode observarse como, segundo as estimacións da Comisión Europea para a próxima década, os países da península ibérica son nos que máis impacto vai ter o custe do envellecemento sobre as súas finanzas públicas.

A continuación amósase a previsión da evolución da débeda pública de Galicia para os anos 2024-2028, desagregando os distintos compoñentes que a integran, segundo a información que se debe incluír nos novos Plans Fiscais Estruturais:

Cadro V. Previsión evolución débeda Galicia 2024-2028 (% PIB)

Dinámica da Débeda		2024 % PIB	2025 % PIB	2026 % PIB	2027 % PIB	2028 % PIB	Acumulado 2024-2028
1	**Ratio Débeda/PIB**	14,5%	13,7%	13,1%	12,6%	12,3%	
2 = 3+4+8	**Variación en ratio**	**-1,2%**	**-0,7%**	**-0,6%**	**-0,5%**	**-0,3%**	**-3,3%**
3	· **Saldo primario**	-0,4%	-0,4%	-0,4%	-0,4%	-0,3%	-1,9%
4 = 5+6+7	· **Efecto bola de neve**	-0,4%	-0,4%	-0,3%	-0,2%	-0,1%	-1,4%
5	· Efecto en xuros	0,2%	0,3%	0,3%	0,3%	0,3%	1,4%
6	· Efecto Crecemento	-0,3%	-0,3%	-0,3%	-0,2%	-0,2%	-1,2%
7	· Efecto Inflación	-0,3%	-0,4%	-0,3%	-0,3%	-0,3%	-1,5%
8	· **Axuste stock-fluxo**	-0,4%	0,1%	0,1%	0,1%	0,1%	0,0%

Fonte: elaboración propia.

A dinámica da débeda pública de Galicia amosa unha evolución descendente de conformidade coas novas esixencias da UE e espérase que se manteña en niveis prudentes, permitindo chegar ao 13,1% no próximo ano, polo que se cumpriría no dito ano co obxectivo do 13% do PIB establecido no artigo 13 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para as CCAA.

No seguinte gráfico desagrégase o efecto bola de neve previsto para este período, de xeito que pode comprobarse como diminuíu moito a ratio débeda-PIB nos anos 2023 e 2024 como consecuencia do crecemento do PIB nominal e como no resto de anos o efecto bola de neve permite que se siga reducindo a dita ratio.

Gráfico VII. Previsión efecto bola de neve Galicia 2024-2028 (% PIB)



E, a continuación, amósase a senda esperada de evolución da débeda pública da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2023-2028:

Gráfico VIII. Proxección Galicia - Débeda Pública/PIB (PDE) 2023-2028



VI.1.4. Evolución do endebedamento: posición relativa.

A política fiscal implementada pola Xunta de Galicia desde a crise financeira e de débeda soberana do período 2008-2012 permitiu manter baixo control a evolución do déficit público e, en consecuencia, conter o seu nivel de endebedamento.

Así, pódese afirmar que, desde o ano 2008, Galicia é a cuarta comunidade autónoma que menos incrementou a súa ratio Débeda/PIB, cun aumento de 7,7 puntos porcentuais, fronte ao incremento de 14,4 puntos rexistrado no conxunto das comunidades autónomas ata decembro de 2024.

Tal e como se observa no gráfico seguinte, Galicia continúa mantendo un diferencial positivo respecto da ratio media de débeda das comunidades autónomas, diferencial que se mantivo de forma constante ao longo da serie histórica. Nos últimos 25 anos (2000-2024), este diferencial mellorou en 9,7 puntos porcentuais, pasando de ter no ano 2000 unha ratio Débeda/PIB superior en máis de tres puntos á media autonómica, a situarse 6,6 puntos por debaixo, segundo os últimos datos publicados polo Banco de España (xuño de 2025).

Gráfico IX. Evolución débeda PDE. Ratio débeda/PIB. Banco de España



Fonte: Banco de España.

Sendo ademais a comunidade autónoma que menos incrementou a súa débeda no período 2008-2024, en termos absolutos.

Gráfico X. CCAA variación porcentual débeda (PDE) 2008-2024



Fonte: Banco de España.

Tamén é de interese analizar a débeda per cápita das distintas comunidades autónomas. Desde este punto de vista Galicia é a terceira con menor débeda per cápita.

Gráfico XI. Débeda per cápita IV T 2024



Fonte: Banco de España e INE.

Conxugando ambos criterios —Débeda/PIB e Débeda por habitante—, configúranse as seguintes gráficas, que reflicten a situación das comunidades autónomas segundo estes indicadores nos exercicios 2008 e 2024, amosando a mellora significativa da posición da Comunidade Autónoma de Galicia ao longo do período analizado.

Gráfico XII. Débeda/PIB e Débeda per cápita 2008



Fonte: Banco de España e INE.

Gráfico XIII. Débeda/PIB e Débeda per cápita 2024



Fonte Banco de España e INE.

A necesidade dunha evolución moderada do endebedamento non constitúe un fin en si mesma, senón que representa unha garantía para a sostibilidade das finanzas públicas, xa que permite aplicar políticas fiscais de carácter anticíclico, posibilitando recorrer de xeito temporal aos ingresos financeiros para compensar as caídas dos ingresos públicos nas fases recesivas do ciclo económico.

VI.2. Evolución da situación orzamentaria.

Neste apartado realizamos un breve análise da evolución do orzamento consolidado homoxeneizado da comunidade autónoma nos últimos exercicios.

VI.2.1. Ingresos

Os ingresos non financeiros previstos para o ano 2026 superan os 14.500 millóns de euros, ata acadar os 14.514,3 millóns de euros, 489,7 millóns máis que no orzamento consolidado de 2025, un 3,5% máis.

CadroVI. GALICIA. Evolución do orzamento de ingresos consolidado. Datos homoxeneizados

	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025	2026
INGRESOS										
I Impostos directos	2.335	2.275	2.431	2.616	2.748	2.844	3.356	3.622	4.073	4.553
II Impostos indirectos	3.324	3.456	3.451	3.638	3.337	3.094	3.819	3.959	3.932	4.372
III Taxas, prezos e outros ingresos	169	169	178	187	172	173	172	176	190	180
IV Transferencias correntes	2.517	2.815	3.008	2.943	3.703	3.738	3.800	4.565	4.512	4.364
V Ingresos patrimoniais	9	8	9	8	7	23	12	27	36	21
Total operacións correntes	**8.354**	**8.724**	**9.076**	**9.392**	**9.967**	**9.872**	**11.159**	**12.350**	**12.743**	**13.490**
VI Alleamento de investimentos reais	7	11	7	7	5	8	9	9	7	2
VII Transferencias de capital	561	559	671	702	1.039	1.380	1.331	1.320	1.274	1.022
Total ingresos de capital	**568**	**570**	**679**	**708**	**1.044**	**1.388**	**1.340**	**1.329**	**1.281**	**1.024**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	**8.922**	**9.294**	**9.755**	**10.101**	**11.011**	**11.260**	**12.499**	**13.679**	**14.024**	**14.514**
VIII Activos financeiros	30	43	21	29	25	95	82	100	101	101
IX Pasivos financeiros	2.031	1.387	1.768	1.692	2.361	1.763	1.586	1.389	1.615	1.729
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	**2.061**	**1.430**	**1.789**	**1.721**	**2.386**	**1.858**	**1.668**	**1.490**	**1.716**	**1.829**
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	***10.982***	***10.724***	***11.544***	***11.822***	***13.397***	***13.118***	***14.167***	***15.168***	***15.740***	***16.343***

Respecto ao orzamento consolidado de 2025, os ingresos correntes experimentan un aumento de 747,4 millóns de euros, o que supón un incremento do 5,9%, debido fundamentalmente ao crecemento do 6,7% dos recursos procedentes do sistema de financiamento autonómico, como consecuencia do efecto combinado do incremento do 6% nas entregas a conta e do 16% na liquidación.

O gráfico seguinte mostra a evolución do ingreso e do gasto corrente, en relación co aforro bruto. Tanto os ingresos correntes como o aforro bruto son variables claves para reforzar as políticas de gasto e o investimento.

Gráfico XVIII. Evolución ingreso e gasto corrente 2009-2026 (M€).



Respecto aos ingresos de capital, o orzamento para 2026 mantén o obxectivo de seguir dinamizando a economía realizando un importante esforzo investidor, por riba dos 1.000 millóns de euros. Non obstante, se reduce respecto ao exercicio anterior como consecuencia da diminución dos fondos extraordinarios do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR).

Sumando os ingresos correntes e os ingresos de capital obtemos o total de ingresos non financeiros do orzamento consolidado, a estas contías se engaden os ingresos financeiros (endebedamento e activos financeiros) para pechar o financiamento os gastos totais da comunidade autónoma.

VI.2.2. Gastos

O seguinte cadro, relativo ao orzamento consolidado de gastos, recolle a evolución dos últimos dez anos no que se pode apreciar un crecemento continuado e sostido do gasto non financeiro desde os 9.222 millóns de euros do ano 2017 ata os 14.240 millóns do ano 2026, a cifra máis alta da nosa historia.

CadroVII. Galicia. Orzamento consolidado de gastos. Datos homoxeneizados

	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025	2026
GASTOS										
I Gastos de Persoal	3.681	3.762	3.889	4.031	4.306	4.327	4.594	4.898	5.147	5.289
II Gastos en bens correntes e servicios	1.634	1.724	1.783	1.840	2.013	1.984	2.145	2.244	2.321	2.422
III Gastos financeiros	235	170	165	143	100	74	111	200	214	215
IV Transferencias correntes	2.161	2.222	2.320	2.411	2.596	2.642	2.953	3.102	3.277	3.494
Total operacións correntes	**7.712**	**7.878**	**8.158**	**8.424**	**9.015**	**9.027**	**9.803**	**10.443**	**10.959**	**11.420**
V Fondo de Continxencia	37	39	39	33	45	45	45	314	17	17
Total fondo de continxencia	**37**	**39**	**39**	**33**	**45**	**45**	**45**	**314**	**17**	**17**
VI Inversións Reais	841	881	911	929	1.535	1.442	1.575	1.602	1.684	1.594
VII Transferencias de Capital	631	688	741	762	968	1.113	1.197	1.241	1.294	1.209
Total operacións de capital	**1.473**	**1.570**	**1.652**	**1.691**	**2.503**	**2.554**	**2.772**	**2.843**	**2.978**	**2.803**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	**9.222**	**9.487**	**9.850**	**10.149**	**11.563**	**11.627**	**12.620**	**13.600**	**13.954**	**14.240**
VIII Activos Financeiros	152	161	164	154	244	220	227	240	232	455
IX Pasivos Financeiros	1.608	1.076	1.531	1.519	1.590	1.270	1.320	1.329	1.555	1.648
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	**1.761**	**1.237**	**1.695**	**1.673**	**1.834**	**1.491**	**1.547**	**1.568**	**1.787**	**2.104**
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	***10.982***	***10.724***	***11.544***	***11.822***	***13.397***	***13.118***	***14.167***	***15.168***	***15.740***	***16.343***

No dito cadro móstrase tamén a evolución das diferentes partidas do gasto non financeiro, como pode verse a natureza dos servizos públicos prestados pola comunidade autónoma, (xustiza, educación, sanidade, servizos sociais) implica unha composición do gasto intensa no gasto corrente (persoal, gastos de funcionamento e consumos dos centros). Os capítulos I e II de gasto aumentan co paso do tempo dada a forte rixidez dos mesmos, nas contas do ano 2026 suben en 243 millóns respecto do orzamento do ano 2025.

O gasto do capítulo III presenta unha baixada continua entre os anos 2017 e 2022, momento a partir do cal comeza a medrar de xeito importante por mor do forte incremento dos tipos de xuro oficiais durante os anos 2023 e 2024, estimándose para o ano 2026 un importe similar ao previsto para o ano 2025 como consecuencia da normalización da política monetaria na Unión Europea.

As transferencias correntes tamén acadan o nivel mais alto da serie, 3.494 millóns de euros, motivado polas medidas de apoio as familias e aos sectores estratéxicos, polo desenvolvemento da Lei de Dependencia e o apoio ás políticas de familia e de inclusión tentando garantir un apoio financeiro aos mais vulnerables.

O resultado é que, se no ano 2008 o peso do gasto corrente acadaba o 72,4 % do gasto non financeiro do orzamento consolidado, no ano 2026 este ascende ao 80,2 %.

Os gastos en capital alcanzan os 2.800 millóns de euros no ano 2026. Se se ten en conta o total de gastos de capital orzamentados durante o período 2021-2026 este as-

cende a case 16.500 millóns de euros, o que supón un importe medio de 2.742 millóns de euros, o que reflicte o esforzo realizado nos últimos anos no impulso das políticas de fomento e dos investimentos produtivos para apoiar a reactivación económica e social.

VI.2.3. Evolución da execución real.

De seguido procederase a analizar a evolución das principais magnitudes e saldos orzamentarios da comunidade autónoma partindo dos ingresos e gastos consolidados realizados correspondentes ao período 2015-2024, última conta xeral da comunidade autónoma liquidada.

Compre salientar que todos os datos son os correspondentes á conta xeral da comunidade autónoma, homoxeneizados deducindo unha partida que pasou a ser extraorzamentaria neste período (o FEAGA).

A distribución por capítulos dos gastos durante o período 2015-2024 é a que segue:

Cadro VIII. Gastos Consolidados non financeiros (Obrigas Recoñecidas). Datos en millóns de euros

	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
GASTOS										
I Gastos de Persoal	3.560	3.668	3.749	3.845	4.066	4.278	4.492	4.664	4.920	5.253
II Gastos en bens correntes e servicios	1.646	1.650	1.786	1.831	1.864	2.057	2.170	2.143	2.287	2.522
III Gastos financeiros	308	270	224	154	158	141	97	73	111	190
IV Transferencias correntes	1.957	2.019	2.105	2.157	2.242	2.478	2.780	2.651	2.953	3.086
Total operacións correntes	**7.470**	**7.606**	**7.864**	**7.987**	**8.330**	**8.954**	**9.538**	**9.531**	**10.272**	**11.050**
V Fondo de Continxencia	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Total fondo de continxencia	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**
VI Inversións Reais	750	692	681	682	688	810	860	883	1.210	1.416
VII Transferencias de Capital	528	350	388	439	506	600	627	548	897	765
Total operacións de capital	**1.278**	**1.041**	**1.069**	**1.122**	**1.194**	**1.409**	**1.487**	**1.431**	**2.107**	**2.181**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	**8.748**	**8.648**	**8.933**	**9.109**	**9.524**	**10.364**	**11.025**	**10.962**	**12.378**	**13.231**
VIII Activos Financeiros	141	176	127	130	393	159	257	163	165	229
IX Pasivos Financeiros	1.306	1.334	1.756	1.034	2.710	3.423	1.602	1.438	1.611	1.650
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	**1.447**	**1.510**	**1.883**	**1.164**	**3.103**	**3.582**	**1.859**	**1.601**	**1.776**	**1.878**
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	***10.195***	***10.158***	***10.816***	***10.273***	***12.628***	***13.946***	***12.884***	***12.562***	***14.155***	***15.110***

En canto aos gastos correntes, a súa execución no 2024 representou o 83,5% do gasto non financeiro total, importe similar ao de 2023 xa que foi dun 83%. Destaca fundamentalmente o forte incremento experimentado polo capítulo III, un 71% máis, polo aumento dos tipos de xuro.

En canto aos gastos de capital por segundo ano consecutivo superaron os 2.000 millóns de euros, o que supón un incremento de entorno a un 50% respecto aos gastos

executados no ano 2022, e tendo en conta que desde a pandemia a súa execución xa medrara de xeito moi importante respecto aos anos anteriores.

Nos últimos 5 anos a Xunta de Galicia investiu un importe total de 8.615 millóns de euros, (dos que a metade se executaron nos dous últimos anos) fronte a unha execución de 5.704 millóns de euros no quinquenio anterior, un 51% máis.

Gráfico XIV. Gastos de capital (Obrigas Recoñecidas). Datos en Millóns de euros



No que atinxe ao financiamento dos gastos de capital mentres no ano 2023 o 52,4% financiouse con aforro corrente, 1.105 millóns de euros, no 2024 a ratio medrou ata o 73% debido a que o aforro corrente creceu ata os 1.592 millóns de euros.

En canto á composición do financiamento dos investimentos na última década, póde-se apreciar como muda radicalmente, de xeito que se ben no ano 2015 os fondos propios apenas financiaban un pouco máis da metade do investimento nos seguintes anos a media sitúase no 75%, os fondos europeos permitiron financiar case o 18% e os fondos estatais (finalistas e FCI) o 7%.

Cadro IX. Fontes de financiamento dos investimentos do orzamento consolidado en %

Ratio Investimento por fonte	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
% Financiamento FCI/ Investimento Real	12,5%	6,7%	6,8%	5,8%	6,9%	0,5%	2,0%	5,5%	4,7%	2,7%
% Financiamento Fondos Propios/ Investimento Real	56,2%	80,8%	78,4%	78,0%	75,2%	75,7%	78,9%	70,0%	60,9%	78,2%
% Financiamento Finalistas do Estado/ Investimento Real	1,7%	2,6%	2,1%	1,4%	2,6%	3,2%	1,5%	1,5%	1,8%	4,4%
% Financiamento Fondos Europeos/ Investimento Real	29,2%	9,8%	12,5%	14,6%	15,0%	19,8%	16,9%	22,4%	31,2%	13,4%
% Outras transferencias finalistas/ Investimento Real	0,3%	0,1%	0,2%	0,1%	0,4%	0,8%	0,7%	0,6%	1,4%	1,3%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

En canto a evolución do gasto non financeiro total na última década, pode observarse como ata a pandemia o seu importe mantívose nun nivel moi estable, no entorno dos

9.000 millóns de euros. Desde entón, o seu importe medrou de xeito moi importante, un 39% máis nestes últimos 5 anos, como consecuencias dos fondos extraordinarios asociados á pandemia e do forte incremento experimentado polos ingresos tributarios.

No que atinxe á execución dos ingresos, a súa evolución pode apreciarse no seguinte cadro:

Cadro X. Ingresos Consolidados (Dereitos Recoñecidos). Datos en Millóns de euros

	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
INGRESOS										
I Impostos directos	2.089	2.262	2.375	2.385	2.491	2.782	2.732	2.884	3.485	3.683
II Impostos indirectos	3.151	3.222	3.304	3.468	3.400	3.406	3.351	3.084	3.757	3.998
III Taxas, prezos e outros ingresos	204	177	171	181	197	174	191	198	230	228
IV Transferencias correntes	2.209	2.375	2.537	2.712	2.762	3.613	4.109	3.826	3.857	4.684
V Ingresos patrimoniais	14	19	12	11	12	17	12	23	47	49
Total operacións correntes	**7.668**	**8.055**	**8.400**	**8.757**	**8.863**	**9.992**	**10.395**	**10.015**	**11.376**	**12.642**
VI Alleamento de investimentos reais	8	8	4	4	16	4	5	5	4	8
VII Transferencias de capital	644	227	286	445	422	343	428	673	784	869
Total ingresos de capital	**652**	**235**	**290**	**449**	**438**	**346**	**434**	**677**	**788**	**877**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	**8.319**	**8.290**	**8.690**	**9.206**	**9.301**	**10.339**	**10.829**	**10.692**	**12.165**	**13.519**
VIII Activos financeiros	33	35	35	44	30	33	24	18	16	67
IX Pasivos financeiros	1.752	1.882	2.218	1.194	2.971	3.645	2.304	2.141	1.799	1.702
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	**1.785**	**1.916**	**2.253**	**1.239**	**3.002**	**3.679**	**2.328**	**2.159**	**1.815**	**1.768**
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	***10.104***	***10.206***	***10.943***	***10.445***	***12.303***	***14.017***	***13.157***	***12.851***	***13.979***	***15.287***

Nos ingresos correntes tamén poden diferenciarse dous períodos, ata a pandemia no que os ditos ingresos medraron no quinquenio 2014-2019 nun 21,6% o que supuxo un crecemento medio anual no entorno do 4% (salvo no ano 2019 no que os ingresos correntes soamente creceron un 1,2%, debido a unha liquidación anormalmente baixa do SFA, como consecuencia da non compensación do impacto da implantación do sistema do subministro inmediato de información (SII) no IVE) e outro diferente, desde o ano 2020 ata 2024 no que o crecemento dos ingresos foi moito maior, un 42,6% máis (cun crecemento medio anual dun 8,5%). Salvo nos anos 2021 e 2022 os incrementos anuais foron superiores ao 10%, a caída dos ingresos correntes no ano 2022 debeuse a retirada dos fondos estatais extraordinarios vinculados ao coronarivus e a infraestimación das entregas a conta do sistema de financiamento autonómico o que provocou unha forte liquidación do sistema dous anos despois, no ano 2024, de máis de 1.200 millóns de euros.

No que se refire á evolución dos ingresos non financeiros, a súa evolución é moi semellante á dos ingresos correntes xa que o peso dos mesmos é do 95% nestes anos. Aínda que nestes últimos anos a dita ratio diminuíu sensiblemente, ata o 93,5%, como consecuencia do forte incremento dos ingresos de capital xa que os ingresos de capital totais do segundo quinquenio superan nun 50% aos do primeiro.

No que se refire ao aforro corrente, a diferencia do ocorrido no quinquenio anterior á última década, no que nos anos 2011, 2012 e 2014 pecháronse con aforro corrente ne-

gativo, nos dous últimos quinquenios sempre tivemos aforro positivo, o cal incrementouse dun xeito case sostido, salvo nos anos 2019 e 2022 no que o seu importe diminuíu de xeito importe respecto ao exercicio anterior como consecuencia do impacto nos nosos ingresos da non compensación no IVE da implantación do SII e como consecuencia da infraestimación das entregas a conta do SFA no exercicio 2022, como xa se comentou anteriormente.

Gráfico XV. Aforro Corrente. Datos en Millóns de euros



De xeito que se mentres no primeiro quinquenio o importe acumulado do aforro corrente é de 2.485 millóns de euros no segundo quinquenio o seu importe ascende a 5.075 millóns, máis do dobre.

Finalmente, en canto á evolución do superávit ou déficit non financeiro no período de referencia salvo nos anos 2018 e 2024 que se pecharon con superávit o resto de anos cerráronse con déficit.

VI.3. Transparencia

A Lei 2/2011, de 16 de Xuño, de Disciplina Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira dispón no seu artigo 19.5, adicado a instrumentación do principio de transparencia, que "Os orzamentos xerais recollerán información sobre a necesidade de financiamento da Comunidade Autónoma, os investimentos reais das empresas públicas en termos de contabilidade nacional, a ratio de gasto público da Comunidade Autónoma en relación co produto interior bruto rexional, o nivel de débeda pública no seguinte exercicio e a evolución das seguintes ratios e magnitudes: ratio débeda/PIB, ratio débeda/ingresos correntes, risco comprometido por avais e compromisos por emprego de fórmulas de pago adiado, tanto xa contratadas como das previstas para o exercicio orzamentario".

As seguintes ratios elabóranse a partires do dato certo do último exercicio pechado (2024) e das previsións incluídas no presente orzamento para os anos 2025 e 2026. A ratio da débeda PIB dos anos 2019 a 2024 é a publicada polo Banco de España, para calcular a previsión da ratio dos anos 2025 e 2026 aplícase ao dato de PIB de Galicia publicado polo INE as previsións de incremento do PIB nominal incluídas no cadro económico incorporado neste informe.

Cadro XI. Ratios orzamentario-financeiros (en euros e en %)

	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025	2026
Capacidade (+)/ Necesidade (-) de Financiamento (% PIB)	-0,44%	-0,12%	-0,14%	-0,56%	-0,10%	0,23%	0,0%	0,16%
Capacidade (+)/ Necesidade (-) de Financiamento (M€)	-281	-73	-87	-400	-74	191	0	145
Investimentos reais das empresas públicas (M€)	116,8	136,3	193,3	181,7	198,9	143,3	206,6	207,3
Ratio Gasto Non Financeiro - PIB rexional	14,8%	17,6%	17,1%	15,3%	16,0%	16,2%	16,2%	15,9%
Ratio Gasto Total - PIB rexional	19,6%	23,6%	20,0%	17,5%	18,3%	18,5%	18,3%	18,3%
Ratio Investimento por habitante	255,0	299,7	319,3	328,2	448,7	523,7	623,0	589,7
Ratio gasto non financeiro por habitante	3.528,2	3.835,9	4.092,2	4.074,2	4.591,1	4.894,4	5.161,7	5.267,4
Débeda Pública (M€)	11.314,5	11.537,9	11.715,2	11.977	12.170	11.936	12.023	12.106
Ratio Débeda - PIB (%)	17,5%	19,6%	18,2%	16,8%	15,7%	14,5%	13,7%	13,1%
Ratio Débeda - Ingresos Correntes	127,6%	115,4%	112,6%	119,5%	107,1%	94,5%	94,4%	89,7%
Débeda por Habitante	4.191,3	4.270,4	4.348,2	4.451,8	4.513,8	4.415,1	4.447,4	4.478,1
Risco comprometido por avais (M€)	31,5	30,6	16,1	18,3	6,8	2,8	1,3	1,0
Compromisos por emprego de fórmulas de pago adiado (M€)	2.478,7	2.335,1	2.194,1	2.050,6	1.906,3	1.768,8	1.034,7	941,1

Fonte: Consellería de Facenda e Administración pública

en euros e %

En canto á capacidade/necesidade de financiamento no exercicio 2026 espérase que as contas públicas pechen en superávit orzamentario.

No que atinxe aos investimentos reais das entidades instrumentais da Comunidade Autónoma que non forman parte do orzamento administrativo, no ano 2022 estes investimentos ascenderon a 181,7 millóns, no 2023 creceron ata 198,9 millóns, no 2024 diminuíron ata os 143,3 millóns e para os anos 2025 e 2026 estímase que se manteñan en torno aos 207 millóns de euros.

En canto ás diferentes ratios de gasto; a ratio de gasto público da Comunidade en relación co PIB rexional, mantense no entorno do 18% durante os anos 2023-2026. A ratio relativa ao gasto non financeiro mantense no entorno do 16%, cunha leve diminución desde o 16,2% no ano 2025 ao 15,9% no ano 2026, debido a que o incremento esperado para o PIB nominal: un 4% é superior ao incremento do gasto non financeiro: un 2%.

En canto ao nivel de débeda pública (calculada segundo o procedemento de déficit excesivo), a finais do ano 2024 acadou o importe de 11.936 millóns de euros. No dito ano experimentou unha forte diminución, de 304 millóns de euros, como consecuencia fundamentalmente do rescate das autoestradas do Salnés, do Barbanza, de Ourense-Celanova e de Santiago-Brión —que, como se verá máis adiante, tamén tivo impacto nos compromisos pendentes por emprego de fórmulas de pago adiado—.

En canto á previsión para 2025, estímase que o dito exercicio remate cunha débeda de 12.023 millóns de euros, o que suporá un incremento de 87 millóns, debido fundamentalmente ao aumento derivado do reintegro das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009.

Así mesmo, en canto á previsión para o ano 2026 sitúase en 12.106 millóns de euros, en coherencia co orzamento que se presenta, que reflicte que, por terceiro ano consecutivo, a Comunidade Autónoma de Galicia non recorrerá ao endebedamento para financiar as súas políticas de gasto (agás o incremento debido ás devanditas liquidacións negativas).

A Lei de Disciplina Orzamentaria esixe ademais información sobre a evolución das seguintes ratios que teñen relación co nivel de débeda pública: a ratio débeda/PIB e a débeda en relación cos ingresos correntes.

En canto a evolución da ratio débeda/PIB, o último dato publicado polo Banco de España correspondente ao segundo semestre do ano 2025, é dun 15,3% e a previsión, dimanante tanto da evolución prevista da débeda pública como do PIB nominal, é que a ratio débeda-PIB se reduza ata o 13,7% a finais do ano 2025 e que peche o ano 2026 no 13,1%.

Respecto á relación entre a débeda e os ingresos correntes, no ano 2025 prevese que dite ratio remate nun 94,4%, e no ano 2026 reducirase ata o 89,7%, debido a que o endebedamento apenas aumenta (un 0,7% máis), mentres que se estima que os ingresos correntes medren nun 5,9%.

Deste xeito, nos últimos anos, debido ao incremento tan significativo dos ingresos correntes —moi superior ao aumento da débeda pública—, a citada ratio diminuíu con moita forza. Así, mentres no ano 2014 a ratio era do 135,5%, espérase que se reduza ata o 89,7% no ano 2026, é dicir, 45,8 puntos porcentuais menos.

Gráfico XVI. Senda Débeda pública vs ingresos correntes 2019-2026



O mantemento dunha senda en parámetros aceptables, de acordo coas rexións máis solventes da nosa contorna, así como o cumprimento dos obxectivos e regras fiscais non son un fin en si mesmo, senón a vía para aumentar a solvencia dos galegos e, en última instancia, a mellor garantía da sostibilidade dos servicios públicos e de reserva de marxe de manobra no caso de ter que afrontar circunstancias adversas.

De seguido referimos ao risco comprometido por avais, hai que ter en conta o disposto no Texto Refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, en concreto nos seus artigos 40 a 45, respecto do límite máximo de avais que se poderán conceder durante cada ano, remitindo a respectiva Lei de Orzamentos.

Neste sentido a Lei de Orzamentos de Galicia do ano 2026 dispón que o importe máximo dos avais que a Xunta de Galicia poderá conceder durante o dito exercicio será de 30 millóns de euros, de seguido establece que o Instituto Galego de Promoción Económica poderá conceder, durante o ano 2025, avais en canto non se supere en ningún momento o saldo efectivo vixente de 500 millóns de euros e, por último o IGVS tamén pode conceder avais por un importe máximo de 5 millóns de euros, con destino a compra da primeira vivenda para menores de 36 anos ou para a compra de vivenda protexida sen límite de idade, cun límite máximo do 20% por cento do prezo da compravenda.

Dende xuño de 2015, a concesión de avais está suxeita ao principio de prudencia financeira dacordo ao artigo13 da Lei Orgánica 8/1980, de 22 de setembro, de Financiación de Comunidades Autónomas (LOFCA).

As condicións de prudencia para avais tense desenvolvido por Resolución da Secretaría General Coordinación Autonómica y Local, que fixa un límite do importe total de avais autorizado por cada comunidade autónoma do 1,5% do seu PIB rexional, os límites recollidos na lei de orzamentos recollidos no parágrafo anterior respectan esta limitación.

Para a comunidade autónoma de Galicia este límite sitúase por enriba do límite autorizado na Lei de orzamentos (535 millóns de €) e ao risco vivo por avais estimado a peche

de 2025: 1,3 millóns de euros. Para o ano 2026 estímase que as operacións de concesión de novos avais e amortización de vencementos rebaixen substancialmente o risco comprometido por avais polo IGAPE situándose en torno aos 1 millóns de euros.

Por último, a Lei de Disciplina Orzamentaria establece que os Orzamentos recollerán información dos compromisos por emprego de fórmulas de pago adiado, tanto das xa contratadas como das previstas para o exercicio orzamentario, esta información tamén figura na Memoria I.

A táboa seguinte mostra os importes pendentes por compromisos derivados das colaboracións público-privadas a partir do 2026 serían de 1.034,7 millóns de euros:

Cadro XII. Compromisos de pago futuros en cpp e concesións de obra pública

Contratos celebrados colaboración público-privada e concesión de obra pública			
PROXECTOS	AXI	SERGAS	
	Autovía Costa da Morte	Conc Obra Púb Novo Hospital de Vigo	
IMPORTE DA INVERSIÓN DE ADXUDICACIÓN	199.413	315.228	
COMPROMISOS DE PAGO ANUAIS			
ANO	Investimento	Canons	Investimento
2026	28.138	26.650	38.848
2027	28.842	31.230	33.811
2028	29.563	31.333	33.697
2029	30.302	29.235	36.005
2030	31.059	29.332	35.898
2031	31.836	29.429	35.792
2032	32.632	29.526	35.684
2033	33.448	24.596	41.108
2034	34.284	23.582	42.223
2035	35.141	17.309	30.884
2036	36.019		
2037	36.920		
2038	10.368		
2039			
2040			

(Miles de Euros)

Despois de reducirse no exercicio 2024 o seu importe nun 41,5%, como consecuencia do rescate da concesión das autopistas do Salnés, do Barbanza, de Ourense-Celanova

e de Santiago-Brión, durante os exercicios 2025 e 2026 non está previsto dispor de máis gasto a través destas fórmulas de pago adiado, polo que o importe comprometido ao final do devandito ano será de 941,1 millóns de euros.

Cadro XIII. ANEXO: Investimentos reais das empresas públicas. Miles de €

	ENTIDADES	INVERSIÓNS REAIS 2026
406	Portos de Galicia	14.600
412	Augas de Galicia	89.023
109	Axencia de Protección da Legalidade Urbanística	1.061
502	Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar	350
512	Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia	17
515	Consorcio extensión universitaria e divulgación ambiental	23
516	Consorcio de abastecemento de auga en Cervo e Buerela	0
517	Consorcio Casco Vello de Vigo	2.197
519	Consorcio Local dos Peares	4
415	Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	3.470
417	Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061	227
418	Instituto Galego de Medicina Xenómica	0
604	Fundación Galicia Europa	7
606	Fundación Galega para a Tutela de Persoas Adultas	4
607	Fundación Semana Verde de Galicia	0
608	Fundación Pública Artesanía de Galicia	2
609	Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia	61.451
610	Fundación Exposicións e Congresos de A Estrada	0
611	Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	64
612	Fundación Feiras e Exposición de Ourense	51
615	Instituto Feiral de A Coruña	0
616	Instituto Feiral de Vigo	60
650	Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	285
652	Fundación Deporte Galego	10
654	Fundación Centro Tecnolóxico do Mar	0
656	Fundación Galega de Formación para o Traballo	3
660	Fundación Camilo José Cela	0
662	Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC	365
663	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	1.200
664	Fundación Museo do Mar	0
665	Fundación Biomédica Galicia Sur	300
667	Fundación Centro Tecnolóxico do Granito	0
668	Fundación Pública Galega de Talento Investigador de Alto Nivel	0
702	Redes de Telecomunicación Galegas, S.A.	407
706	Sociedad Pública de Investimentos de Galicia	1.741
707	SODIGA Galicia, Sociedade de Capital Risco	10
708	XESGALICIA, Sociedade Xestora de Entidades de Capital Risco, S.A.	28
709	Galicia Calidade, S.A.U.	0
710	Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	576
713	Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo	0
714	Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos	550
717	Xenética Fontao, S.A.	334
718	Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios	2.907
719	Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A.	16.963
727	Xestión do solo de Galicia, XESTUR, S.A.	80
729	Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia S.A.	8.930
734	Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A.	19
	TOTAL	**207.318**